**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA DOCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 12 de xaneiro de 2023. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Desculpa a súa ausencia por enfermidade a señora concelleira **D.ª María Esther Dolores Fontán Prado.**

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA DOCE DE ENERO DE DOS MIL VEINTITRÉS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 12 de enero de 2023. Bajo la presidencia de la* ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema*** *se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Disculpa su ausencia por enfermedad la señora concejala* ***D.ª María Esther Dolores Fontán Prado.***

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás dez horas e oito minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las diez horas y ocho minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi bo día a todos e a todas. Saudamos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas acreditados así como aqueles que nos seguen dende a tribuna do público e a través do sinal do *streaming* municipal.

*Muy buenos días a todos y a todas. Saludamos a los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, periodistas acreditados así como a aquellos que nos siguen desde la tribuna del público y a través de la retransmisión en directo municipal.*

Damos comezo a este pleno ordinario.

*Damos comienzo a este pleno ordinario.*

**I – PARTE RESOLUTIVA**

***I – PARTE RESOLUTIVA***

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

***COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA***

**1.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

***1.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, nas Comunicacións da Alcaldía, e como saben, aprobouse por unanimidade unha moción conxunta desta corporación sobre a violencia de xénero. Dentro dos compromisos adquiridos estaba o de iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

*Bien, en las Comunicaciones de la Alcaldía, y como saben, se aprobó por unanimidad una moción conjunta de esta corporación sobre la violencia de género. Dentro de los compromisos adquiridos estaba el de iniciar cada Pleno ordinario esperando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.*

Según datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, infórmase que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 49 mulleres no ano 2022, a 3 no ano 2023

*Según datos de la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, se informa que el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 49 mujeres en el año 2022, a 3 en el año*

e a 1.185 desde o 1 de xaneiro de 2003, data na que que comezaron os rexistros. O número de menores asasinadas e asasinados ascende a 2 no ano 2022 e a 48 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 383 menores orfos e orfas desde 2013, 38 no ano 2022 e 6 no ano 2023.

Desde o Pleno do 13 de decembro de 2022 ata o día de hoxe confirmáronse 12 mulleres asasinadas por violencia de xénero, polo que se gardan 12 minutos de silencio.

Os 12 minutos serán polas seguintes vítimas:

1. 10/12/2022. Ángela Cabañero García, de 48 anos, en Albacete.

2. 11/12/2022. Irina Mihaelaque, de 34 anos, en Lleida. Deixa 3 fillos e 2 fillas menores de idade.

3. 17/12/2022. Yaqueline Alonzo Naranjo, de 31 anos, en Sevilla. Deixa 2 fillas e 1 fillo menor de idade.

4. 19/12/2022. Mª Carmen Rincón Huerta, de 80 anos, en Zaragoza.

5. 22/12/2022. Soraya Suárez Martín, de 32 anos, en Asturias. Deixa 2 fillos menores de idade.

6. 26/12/2022. Carmen, de apelidos non coñecidos, de 88 anos, en Barcelona.

7. 28/12/2022. Rebeca Huayta, de 45 anos, en Bizkaia.

8. 28/12/2022. Elena, de apelidos non coñecidos, de 34 anos, en Toledo. Deixa unha filla e un fillo menores de idade e estaba embarazada.

9. 28/12/2022. Unha muller de identidade

*2023 y a 1.185 desde el 1 de enero de 2003, fecha en la que comenzaron los registros. El número de menores asesinadas y asesinados asciende a 2 en el año 2022 y a 48 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 383 menores huérfanos y huérfanas desde 2013, 38 en el año 2022 y 6 en el año 2023.*

*Desde el Pleno de 13 de diciembre de 2022 hasta el día de hoy se confirmaron 12 mujeres asesinadas por violencia de género, por lo que se guardan 12 minutos de silencio.*

*Los 12 minutos serán por las siguientes víctimas:*

*1. 10/12/2022. Ángela Cabañero García, de 48 años, en Albacete.*

*2. 11/12/2022. Irina Mihaelaque, de 34 años, en Lleida. Deja 3 hijos e 2 hijas menores de edad.*

*3. 17/12/2022. Yaqueline Alonzo Naranjo, de 31 años, en Sevilla. Deja 2 hijas e 1 hijo menor de edad.*

*4. 19/12/2022. Mª Carmen Rincón Huerta, de 80 años, en Zaragoza.*

*5. 22/12/2022. Soraya Suárez Martín, de 32 años, en Asturias. Deja 2 hijos menores de edad.*

*6. 26/12/2022. Carmen, de apellidos no conocidos, de 88 años, en Barcelona.*

*7. 28/12/2022. Rebeca Huayta, de 45 años, en Bizkaia.*

*8. 28/12/2022. Elena, de apellidos no conocidos, de 34 años, en Toledo. Deja una hija y un hijo menores de edad y estaba embarazada.*

*9. 28/12/2022. Una mujer de identidad*

descoñecida, de 20 anos, en Madrid.

10. 8/01/2022. Hayate, de apelidos non coñecidos, de 46 anos, en Santa Cruz de Tenerife.

11. 8/01/2022. Eva María Aza, de 46 anos, en Cádiz.

12. 8/01/2022. Belén Palomo, de 24 anos, en Piedrabuena, Ciudad Real.

Hoxe imos gardar 12 minutos de silencio. Non recordo gardar tantos minutos de silencio polas vítimas mortais da violencia de xénero neste mandato salvo no primeiro Pleno ordinario de aquel mes de setembro de 2019 onde esta corporación gardou 19 minutos, pero non por 19 mulleres que foran asasinadas no anterior mes, senón era a data acumulada desde o mes de maio de 2019, é dicir, cinco meses, 19 mulleres. Hoxe imos gardar 12 minutos en un mes, e creo que nestes 12 minutos e nos que veñan despois deberíamos facer unha reflexión profunda sobre o que ten pasado neste país no último mes, que están asasinando mulleres polo feito de ser mulleres, e me pregunto que pasaría se en vez de 12 mulleres tiveran sido, e perdoen a frivolidade, pero creo que cómpre dicilo, 12 futbolistas de Primeira División, 12 deputados ou 12 *youtubers*. Como estaría este país e como estarían as nosas rúas se non foran mulleres as asasinadas.

Creo que cómpre unha reflexión, cómpre non blanquear a quen segue negando a violencia de xénero, a quen segue negando a súa existencia porque as 12 mulleres asasinadas están aquí, non son unicamente nomes e apelidos non coñecidos, deixan menores orfos e orfas, deixan familias e son vítimas do terrorismo machista que é unha lacra que non nos pode facer avanzar como

*desconocida, de 20 años, en Madrid.*

*10. 8/01/2022. Hayate, de apellidos no conocidos, de 46 años, en Santa Cruz de Tenerife.*

*11. 8/01/2022. Eva María Aza, de 46 años, en Cádiz.*

*12. 8/01/2022. Belén Palomo, de 24 años, en Piedrabuena, Ciudad Real.*

*Hoy vamos a guardar 12 minutos de silencio. No recuerdo guardar tantos minutos de silencio por las víctimas mortales de la violencia de género en este mandato salvo en el primer Pleno ordinario de aquel mes de septiembre de 2019 donde esta corporación guardó 19 minutos, pero no por 19 mujeres que hubieran sido asesinadas en el anterior mes, sino era la fecha acumulada desde el mes de mayo de 2019, es decir, cinco meses, 19 mujeres. Hoy vamos a guardar 12 minutos en un mes, y creo que en estos 12 minutos y en los que vengan después deberíamos hacer una reflexión profunda sobre lo que ha pasado en este país en el último mes, que están asesinando mujeres por el hecho de ser mujeres, y me pregunto qué pasaría si en vez de 12 mujeres hubieran sido, y perdonen la frivolidad, pero creo que hace falta decirlo, 12 futbolistas de Primera División, 12 diputados o 12 youtuberos. Cómo estaría este país y como estarían nuestras calles si no fueran mujeres las asesinadas.*

*Creo que hace falta una reflexión, hace falta no blanquear a quien sigue negando la violencia de género, a quién sigue negando su existencia porque las 12 mujeres asesinadas están aquí, no son únicamente nombres y apellidos no conocidos, dejan menores huérfanos y huérfanas, dejan familias y son víctimas del terrorismo machista que es una lacra que no nos puede hacer avanzar como*

sociedade mentres sigamos con estas cifras insoportables de asasinatos machistas. Aínda que só fora unha, sería así mesmo insoportable, pero creo que as cifras deste mes son intolerables en calquera sociedade democrática e avanzada.

*sociedad mientras sigamos con estas cifras insoportables de asesinatos machistas. Aunque solo fuera una, sería asimismo insoportable, pero creo que las cifras de este mes son intolerables en cualquier sociedad democrática y avanzada.*

Así que solicito a todos os presentes que nos poñamos en pé para gardar 12 minutos de silencio.

*Así que solicito a todos los presentes que nos pongamos en pie para guardar 12 minutos de silencio.*

**(Gárdanse 12 minutos de silencio)**.

***(Se guardan 12 minutos de silencio)***.

**2.- Aprobación de actas.**

***2.- Aprobación de actas.***

**Aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias seguintes, celebradas no 2022:**

***Aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias siguientes, celebradas en 2022:***

**- Extraordinaria e urxente, do 21 de outubro de 2022.**
**- Ordinaria, do 10 de novembro de 2022.**

***- Extraordinaria y urgente, del 21 de octubre de 2022.***
***- Ordinaria, de 10 de noviembre de 2022.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Na Parte Resolutiva tamén se atopa a aprobación das actas das sesións plenarias extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2022 e ordinaria do 10 de novembro de 2022 ás que non constan ningunha obxección e polo tanto entendemos aprobadas.

*En la Parte Resolutiva también se encuentra la aprobación de las actas de las sesiones plenarias extraordinaria y urgente de 21 de octubre de 2022 y ordinaria de 10 de noviembre de 2022 a las que no constan ninguna objeción y por lo tanto entendemos aprobadas.*

Pasamos xa, respecto da Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade ó asunto número dous, señor Secretario.

*Pasamos ya, respeto del área de Urbanismo, Vivienda, Infraestructuras y Movilidad al asunto número dos, señor Secretario.*

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Perdón, perdón. Si, perdón.

*Perdón, perdón. Sí, perdón.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Si, señora García.

*Sí, señora García.*

**Señora García Gómez**

Si. Señora alcaldesa, gustaríame antes de iniciar o debate do punto de Urbanismo, plantexar unha cuestión de orde.

O Grupo Municipal da Marea Atlántica presentou unha proposición con vistas a ser incorporada á Parte Resolutiva do Pleno, que tiña como obxectivo establecer unha moratoria na autorización de pisos turísticos. Chegounos que esa proposición non tiña ningún problema técnico, nin administrativo, que impedise, bueno, pois que fose incorporada á Parte Resolutiva do Pleno, pero definitivamente non foi, non é o caso, non se incorporou á Parte Resolutiva do Pleno para que poda ser debatida e votada e queríamos preguntar pois cales foran eses motivos.

**Presidencia**

Pode citar o artigo do Regulamento Orgánico Municipal que se está incumplindo ó plantexar a cuestión de orde e cal invoca para o seu cumprimento?

Para plantexar unha cuestión de orde entendo que, entende que se está incumprindo algún artigo do Regulamento Orgánico Municipal ou non?

**Señora García Gómez**

Si, hai un artigo no Regulamento Orgánico Municipal, pero non sei o número agora mesmo.

**Presidencia**

Señor Secretario, doulle a palabra neste punto.

**Señor Secretario**

***Señora García Gómez***

*Sí. Señora alcaldesa, me gustaría antes de iniciar el debate del punto de Urbanismo, plantear una cuestión de orden.*

*El Grupo Municipal de la Marea Atlántica presentó una proposición con vistas a ser incorporada a la Parte Resolutiva del Pleno, que tenía como objetivo establecer una moratoria en la autorización de pisos turísticos. Nos llegó que esa proposición no tenía ningún problema técnico, ni administrativo, que impidiera, bueno, pues que fuera incorporada a la Parte Resolutiva del Pleno, pero definitivamente no fue, no es el caso, no se incorporó a la parte Resolutiva del Pleno para que pueda ser debatida y votada y queríamos preguntar pues cuáles fueran esos motivos.*

***Presidencia***

*¿Puede citar el artículo del Reglamento Orgánico Municipal que se está incumpliendo al plantear la cuestión de orden y cuál invoca para su cumplimiento?*

*Para plantear una cuestión de orden entiendo que ¿entiende que se está incumpliendo algún artículo del Reglamento Orgánico Municipal o no?*

***Señora García Gómez***

*Sí, hay un artículo en el Reglamento Orgánico Municipal, pero no sé el número ahora mismo.*

***Presidencia***

*Señor Secretario, le doy la palabra en este punto.*

***Señor Secretario***

Si, bueno. Respecto á proposición presentada temos que partir do que di o artigo 34.3 do Regulamento Orgánico en relación co 51 e a facultade da Presidencia. *O presidente, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na convocatoria —é dicir, na orde do día— a iniciativa propia ou a proposta dos portavoces, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva comisión informativa, pero non poderá adoptarse acordo algún se o Pleno non ratifica a súa inclusión.*

*É dicir, é unha facultade da Alcaldía incluír ou non na orde do día. Desde o momento que non está incluído na orde do día non pode tratarse nin deliberarse sobre o asunto.*

*Sí, bueno. Respecto a la proposición presentada tenemos que partir de lo que dice el artículo 34.3 del Reglamento Orgánico en relación con el 51 y la facultad de la Presidencia.* El presidente, por razones de urgencia debidamente motivada, podrá incluir en la convocatoria —es decir, en el orden del día— a iniciativa propia o a propuesta de los portavoces, asuntos que no hayan sido previamente informados por la respectiva comisión informativa, pero no podrá adoptarse acuerdo alguno si el Pleno no ratifica su inclusión.

Es decir, es una facultad de la Alcaldía incluir o no en el orden del día. Desde el momento que no está incluido en el orden del día no puede tratarse ni deliberarse sobre el asunto.

**Presidencia**

Ben, moitas grazas, señor Secretario.

Á vista dos argumentos esgrimidos pola Secretaría Xeral, e concretamente ese artigo que expresa que é facultade da Presidencia da Corporación fixar a orde do día, non entendendo que concorrían os motivos expresados, non se incluíu ese punto na orde do día que, como digo, é facultade da Presidencia a súa inclusión ou non.

Polo tanto, queda resolta a cuestión de orde.

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias, señor Secretario.*

*A la vista de los argumentos esgrimidos por la Secretaría General, y concretamente ese artículo que expresa que es facultad de la Presidencia de la Corporación fijar la orden del día, no entendiendo que concurrían los motivos expresados, no se incluyó ese punto en la orden del día que, como digo, es facultad de la Presidencia su inclusión o no.*

*Por lo tanto, queda resuelta la cuestión de orden.*

**URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE SOSTIBLE**

**Urbanismo**

**ASUNTO 2**

**3.- Expte. 631/2022/157**

***URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD SOSTENIBLE***

***Urbanismo***

***ASUNTO 2***

***3.- Expte. 631/2022/157***

**Aprobación definitiva do documento do Estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no soar nº 50 da rúa Emilio González López, Polígono das Roseiras, A Coruña, novembro 2022.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 9 de xaneiro de 2022, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular, de Marea Atlántica, do BNG y das concelleiras non adscritas D.ª Isabel Faraldo Calvo, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar definitivamente o documento do "Estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no solar nº 50 da rúa Emilio Glez. López, Polígono de As Roseiras - A Coruña. Novembro 2022", promovido por Desarrolla Obras y Servicios SL, redactado por Arqyur, SC e asinado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos, e as arquitectas Mónica Mesejo Conde e Sara Prieto Hortas.

**Segundo:** Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do documento.

**Terceiro.-** Notificar este acordo ao promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente

**Intervencións**

***Aprobación definitiva del documento del Estudio de detalle para la ordenación del volumen edificable en el solar nº 50 de la calle Emilio González López, Polígono de los Rosales, A Coruña, noviembre 2022.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 9 de enero de 2022, con los votos a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular, de Marea Atlántica, del BNG y de las concejalas no adscritas D.ª Isabel Faraldo Calvo, D.ª Mónica Martínez Lema y D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal a adopción de los siguientes acuerdos:*

***Primero:*** *Aprobar definitivamente el documento del "Estudio de detalle para la ordenación del volumen edificable en el solar nº 50 de la calle Emilio Glez. López, Polígono de los Rosales - A Coruña. Noviembre 2022", promovido por Desarrolla Obras y Servicios SL, redactado por Arqyur, SC y firmado por el arquitecto Alfredo Garrote Pazos y las arquitectas Mónica Mesejo Conde y Sara Prieto Hortas.*

***Segundo:*** *Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, del 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para buscar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del documento.*

***Tercero:*** *Notificar este acuerdo al promotor y a las áreas municipales interesadas en la tramitación del expediente.*

***Intervenciones***

**Presidencia**

Pasamos xa ó asunto número dous. Señor secretario.

**Señor Secretario**

Asunto número dous, Urbanismo, Expediente de aprobación definitiva do documento do Estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no soar nº 50 da rúa Emilio González López, Polígono das Roseiras, A Coruña, novembro 2022.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Ten a palabra o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Gallego, e a continuación se abrirá unha quenda de debate única de cinco minutos por concelleira non adscrita ou grupo municipal.

**Señor Díaz Gallego**

Grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos.

A proposta que traemos hoxe a aprobación por parte do Pleno municipal da Coruña é o documento do Estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no solar da rúa Emilio González López, 50, no barrio dos Rosales, unha aprobación que vai permitir poñer fin a unha situación que non se tiña que ter producido, que leva anos sendo obxecto de demandas veciñais do barrio e que ademais está a provocar problemas de salubridade, seguridade e mesmo estéticos nun barrio que xa finalizou hai tempo o seu proceso urbanizador e de construción de vivenda.

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número dos. Señor secretario.*

***Señor Secretario***

*Asunto número dos, Urbanismo, Expediente de aprobación definitiva del documento del Estudio de detalle para la ordenación del volumen edificable en el solar nº 50 de la calle Emilio González López, Polígono de los Rosales, A Coruña, noviembre 2022.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Tiene la palabra el concejal de Urbanismo, señor Díaz Gallego, y a continuación se abrirá un turno de debate único de cinco minutos por concejala no adscrita o grupo municipal.*

***Señor Díaz Gallego***

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos.*

*La propuesta que traemos hoy a aprobación por parte del Pleno municipal de A Coruña es el documento del Estudio de detalle para la ordenación del volumen edificable en el solar de la calle Emilio González López, 50, en el barrio de los Rosales, una aprobación que va a permitir poner fin a una situación que no se tenía que haber producido, que lleva años siendo objeto de demandas vecinales del barrio y que además está provocando problemas de salubridad, seguridad e incluso estéticos en un barrio que ya finalizó hace tiempo su proceso urbanizador y de construcción de vivienda.*

Dende o inicio do mandato, o Goberno de Inés Rey tivo un compromiso firme coa erradicación e finalización, legalización e demolición, de ser o caso, de todos os edificios que quedaron sen edificar fundamentalmente pola crise inmobiliaria. Deste xeito, desbloqueáronse legalizacións e licenzas como as dos edificios das rúas da Rolda de Nelle, Maravillas e Nosa Señora de Fátima, actualmente en obras, os situados no Parque do Vioño e os situados nas rúas Cancela de Afuera e Vistalegre. A estes mencionados tamén hai que sumar o situado na Rolda de Monte Alto ou o esqueleto municipal das Xubias de Arriba que será demolido despois de décadas de demandas veciñais sobre o seu estado de abandono e problemas de inseguridade.

*Desde el inicio del mandato, el Gobierno de Inés Rey tuvo un compromiso firme con la erradicación y finalización, legalización y demolición, de ser el caso, de todos los edificios que se quedaron sin edificar fundamentalmente por la crisis inmobiliaria. De este modo, se desbloquearon legalizaciones y licencias como las de los edificios de las calles de la Ronda de Nelle, Maravillas y Nuestra Señora de Fátima, actualmente en obras, los ubicados en el Parque del Vioño y los ubicados en las calles Cancela de Afuera y Vistalegre. A estos mencionados también hay que sumar el ubicado en la Ronda de Monte Alto o el esqueleto municipal de las Xubias de Arriba que será demolido después de décadas de demandas vecinales sobre su estado de abandono y problemas de inseguridad.*

En trámite tamén os situados en Padre Rubinos e Sagrada Familia que esperemos conten con licenzas nos vindeiros meses e outro dos máis emblemáticos, o situado na avenida de Fisterra, pode xa legalizarse coas modificacións necesarias grazas ós cambios de perímetro de seguridade do complexo industrial de Repsol.

*En trámite también los ubicados en Padre Rubinos y Sagrada Familia que esperemos cuenten con licencias en los próximos meses y otro de los más emblemáticos, el ubicado en la avenida de Fisterra, puede ya legalizarse con las modificaciones necesarias gracias a los cambios de perímetro de seguridad del complejo industrial de Repsol.*

Outros con menos impacto na cidade tamén teñen sido desbloqueados, como construcións sen terminar na praza de Tabacos, onde xa está rematada a nova promoción e con ela todo o ámbito ou hai escasos días o esqueleto da vivenda unifamiliar da rúa Florencia, con gran visibilidade dende a autopista, que conta ó fin con licenza para rematar a súa construción.

*Otros con menos impacto en la ciudad también han sido desbloqueados, como construcciones sin terminar en la plaza de Tabacos, donde ya está finalizada la nueva promoción y con ella todo el ámbito o hace escasos días el esqueleto de la vivienda unifamiliar de la calle Florencia, con gran visibilidad desde la autopista, que cuenta al fin con licencia para finalizar su construcción.*

Só fixeron falta dúas cousas para chegar a esta situación de desbloqueo e de mellora da cidade: vontade e traballo. Vontade da alcaldesa, Inés Rey, por dar prioridade a estes proxectos fronte a outras políticas que buscaban paralizalos

*Solo hicieron falta dos cosas para llegar a esta situación de desbloqueo y de mejora de la ciudad: voluntad y trabajo. Voluntad de la alcaldesa, Inés Rey, por dar prioridad la estos proyectos frente a otras políticas que buscaban paralizarlos aun*

aínda máis, e traballo dos servizos de Licenzas e Planeamiento para coordinar as obras de legalización e finalización co planeamento vixente, o Plan de 2013.

*más, y trabajo de los servicios de Licencias y Planeamiento para coordinar las obras de legalización y finalización con el planeamiento vigente, el Plan de 2013.*

O presente Estudo de detalle foi presentado pola promotora o 30 de maio de 2022 e aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o 8 de xuño de 2022. Conta con informes sectoriais favorables e tivo unicamente unha alegación dun particular que foi debidamente respondida.

*El presente Estudio de detalle fue presentado por la promotora el 30 de mayo de 2022 y aprobado inicialmente por la Junta de Gobierno el 8 de junio de 2022. Cuenta con informes sectoriales favorables y tuvo únicamente una alegación de un particular que fue debidamente respondida.*

O Estudo de detalle permitirá finalizar a construción existente realizando os cambios necesarios no volume e nas alturas para axustarse ó planeamento actual, unha finalización que como xa salientei ó comezo desta intervención, é unha demanda veciñal dende hai máis de 10 anos á que non se lle deu resposta por parte dos gobernos anteriores.

*El Estudio de detalle permitirá finalizar la construcción existente realizando los cambios necesarios en el volumen y en las alturas para ajustarse al planeamiento actual, una finalización que como ya destaqué al comienzo de esta intervención, es una demanda vecinal desde hace más de 10 años a la que no se le dio respuesta por parte de los gobiernos anteriores.*

A situación coa que nos atopamos en 2019 era a seguinte, e vou ler textualmente unha nova daquela época na prensa local, concretamente neste caso na Voz de Galicia: *Os veciños dos Rosales xa perderon a conta dos anos que leva parado o proxecto de construción dun edificio de oito alturas e baixo na rúa Emilio González López. Tampouco se acordan das veces de que de forma individual e a través da Asociación veciñal, protestaron #ante as administracións para que adoptasen un plan para evitar os perigos e os graves riscos que supón o esqueleto do inmoble.*

*La situación con la que nos encontramos en 2019 era a siguiente, y voy a leer textualmente una noticia de aquella época en la prensa local, concretamente en este caso en la Voz de Galicia:* Los vecinos de los Rosales ya perdieron la cuenta de los años que lleva parado el proyecto de construcción de un edificio de ocho alturas y bajo en la calle Emilio González López. Tampoco se acuerdan de las veces de que de forma individual y a través de la Asociación vecinal, protestaron ante las administraciones para que adoptasen un plan para evitar los peligros y los graves riesgos que supone el esqueleto del inmueble.

Hoxe, o que os veciños si saberán é que foi este goberno, o Goberno de Inés Rey, o que se reuniu coa propiedade, o que instou a dar solución a este problema e o que trae a Pleno unha aprobación definitiva do Estudo de detalle que vai permitir dar licenza para a súa

*Hoy, lo que los vecinos sí sabrán es que fue este gobierno, el Gobierno de Inés Rey, el que se reunió con la propiedad, el que instó a dar solución a este problema y el que trae a Pleno una aprobación definitiva del Estudio de detalle que va a permitir dar licencia para su finalización. Lo saben los*

finalización. Sábeno os veciños dos Rosales, pero tamén o saben os de Vioño, os da Sagrada Familia, os da Agra ou os de Monte Alto. Saben que hai un goberno que atende as súas demandas, moitas delas históricas, e que responde con solucións.

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor concelleiro.

Turno para a señora Soneira.

**Señora Soneira Lema**

Bos días, señora presidenta, bos días concelleiros e concelleiras, bos días tamén ós medios de comunicación, ás persoas que están na tribúa e ós veciños e veciñas que están tamén escoitándonos por *streaming*.

Con respecto a este asunto dous, según a información que se dou deste asunto, parece que cumpre toda a normativa vixente. Polo tanto, evidentemente, non me vou a opoñer a súa aprobación, sobre todo porque é unha demanda de fai moito tempo dos veciños e veciñas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

**Señora Faraldo Calvo**

Bo día, alcaldesa, concelleiras e concelleiros, persoal traballador do Concello, prensa e veciñanza que nos siga tanto por directo ou por *streaming*. Bo día neste primeiro pleno do ano 23. Sinto ás veces non poder facer alusións concretas. Desde a posición que me atopo non

*vecinos de los Rosales, pero también lo saben los de Vioño, los de la Sagrada Familia, los del Agra o los de Monte Alto. Saben que hay un gobierno que atiende sus demandas, muchas de ellas históricas, y que responde con soluciones.*

*Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor concejal.*

*Turno para la señora Soneira.*

***Señora Soneira Lema***

*Buenos días, señora presidenta, buenos días concejales y concejalas, buenos días también a los medios de comunicación, a las personas que están en la tribuna y a los vecinos y vecinas que están también escuchándonos en directo.*

*Con respecto a este asunto dos, según la información que se dio de este asunto, parece que cumple toda la normativa vigente. Por lo tanto, evidentemente, no me voy a oponer su aprobación, sobre todo porque es una demanda de hace mucho tiempo de los vecinos y vecinas.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Turno para la señora Faraldo.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Buenos días, alcaldesa, concejalas y concejales, personal trabajador del Ayuntamiento, prensa y vecindario que nos siga en directo. Buenos días en este primer pleno del año 23. Siento a veces no poder hacer alusiones concretas. Desde la posición que me encuentro no consigo ver*

consigo ver as persoas ou colectivos que siguen este pleno desde a tribuna do público. Vaia o meu saludo particular se os houbera.

*a las personas o colectivos que siguen este pleno desde la tribuna del público. Vaya mi saludo particular si los hubiera.*

Por outra parte, hoxe un saúdo especial ás veciñas de Elviña, todos os meses reivindicando ás portas deste concello unha solución. Parece que en novembro se lles convocou, se lles plantexou un acordo que asumen. Señor Díaz, conselleiro de Urbanismo, non o deixe durmir nun caixón, déalle a saída oportuna e rápida que se poida, pois non frustremos máis a unha veciñanza que confía en atopar por fin saída ó seu conflito.

*Por otra parte, hoy un saludo especial a las vecinas de Elviña, todos los meses reivindicando a las puertas de este ayuntamiento una solución. Parece que en noviembre se les convocó, se les planteó un acuerdo que asumen. Señor Díaz, consejero de Urbanismo, no lo deje dormir en un cajón, dele la salida oportuna y rápida que se pueda, pues no frustremos más a un vecindario que confía en encontrar por fin salida a su conflicto.*

O primeiro que destaca neste primeiro pleno do 2023 son os 12 minutos de silencio atronador, minutos por cada vítima de violencia de xénero en tan só un mes. Discutir baixo estas condicións todo o que se faga para parar con esta lacra desde o Ministerio ou desde calquera organismo de igualdade, sería simplemente deleznable.

*Lo primero que destaca en este primer pleno de 2023 son los 12 minutos de silencio atronador, minutos por cada víctima de violencia de género en tan sólo un mes. Discutir bajo estas condiciones todo lo que se haga para parar con esta lacra desde el Ministerio o desde cualquier organismo de igualdad, sería simplemente deleznable.*

Non quero seguir sen enviar as nosas condolencias como Unidas Podemos a familiares e amizades polo recente finamento de don Rogelio Groba, que tanta pegada deixa na nosa cidade. Hoxe faremos un rogo en recoñecemento da súa meritoria labor.

*No quiero seguir sin enviar nuestras condolencias como Unidas Podemos a familiares y amistades por la reciente muerte de don Rogelio Groba, que tanta huella deja en nuestra ciudad. Hoy haremos un ruego en reconocimiento de su meritoria labor.*

Comezamos o ano sen orzamentos municipais. Para min non é novidade. Nos dous anos que levo de concelleira xa estou afeita a orzamentos prorrogados, pero amosa ás claras certa incapacidade negociadora deste goberno que nin con uns nin con outros é capaz de chegar a un acordo orzamentario. Os grandes prexudicados? A cidade no seu conxunto, os barrios en concreto coa parálise nos equipamentos que esto supón, os afectados polos convenios nominativos

*Comenzamos el año sin presupuestos municipales. Para mí no es novedad. En los dos años que llevo de concejala ya estoy acostumbrada a presupuestos prorrogados, pero muestra a las claras cierta incapacidad negociadora de este gobierno que ni con unos ni con otros es capaz de llegar a un acuerdo presupuestario. ¿Los grandes perjudicados? La ciudad en su conjunto, los barrios en concreto con la parálisis en los equipamientos que esto supone, los*

que quedan en suspensión, e por si fora pouco aparece a noticia de que o Concello podería perder ata 8 millóns en axudas para a rehabilitación de edificios públicos. Tras os 900.000 € perdidos na primeira convocatoria da que o Concello quedou excluído, pudéranse engadir os 7 millóns que parece ser se perden na segunda convocatoria á espera da resolución definitiva. Supoño que algo terá que explicar hoxe aquí o Goberno local ante a situación, a publicación provisional no Ministerio na que non aparece, que de confirmarse tanto afectaría a infraestruturas da cidade como mercados de Monte Alto, de Santa Lucía, o local municipal da Fábrica de Tabacos, pero sobre todo as arcas municipais.

*afectados por los convenios nominativos que quedan en suspensión, y por si fuera poco aparece la noticia de que el Ayuntamiento podría perder hasta 8 millones en ayudas para la rehabilitación de edificios públicos. Tras los 900.000 € perdidos en la primera convocatoria de la que el Ayuntamiento quedó excluido, se podrían añadir los 7 millones que parece ser se pierden en la segunda convocatoria a la espera de la resolución definitiva. Supongo que algo tendrá que explicar hoy aquí el Gobierno local ante la situación, la publicación provisional en el Ministerio en la que no aparece, que de confirmarse tanto afectaría a infraestructuras de la ciudad como mercados de Monte Alto, de Santa Lucía, el local municipal de la Fábrica de Tabacos, pero sobre todo las arcas municipales.*

Pola contra, nos atopamos cun asunto de Urbanismo que non ten máis debate para nós, porque é a aprobación definitiva dun estudo de detalle para ordear o volume dun solar nos polígonos das Roseiras que o único que destaca de esto é a axilidade na súa tramitación, nunha concellería, a de Urbanismo que precisamente non destaca pola axilidade na tramitación das licencias.

*Por el contrario, nos encontramos con un asunto de Urbanismo que no tiene más debate para nosotros, porque es la aprobación definitiva de un estudio de detalle para ordenar el volumen de un solar en los polígonos de los Rosales que lo único que destaca de esto es la agilidad en su tramitación, en una concejalía, la de Urbanismo que precisamente no destaca por la agilidad en la tramitación de las licencias.*

En todo caso xa adiantamos o noso voto a favor.

*En todo caso ya adelantamos nuestro voto a favor.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para a señora Martínez.

*Turno para la señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

***Señora Martínez Lema***

Moi bos días a todos. Desde esta nova bancada quero agradecer todo o cariño

*Muy buenos días a todos. Desde esta nueva bancada quiero agradecer todo el cariño*

recibido desde o pasado 21 de decembro. O compromiso e a responsabilidade é o mesmo que desde o primeiro día, así que seguirei actuando con coherencia e sentido común para defender os intereses dos cidadáns.

*recibido desde el pasado 21 de diciembre. El compromiso y la responsabilidad es el mismo que desde el prime día, así que seguiré actuando con coherencia y sentido común para defender los intereses de los ciudadanos.*

Boto en falta neste primeiro pleno do ano máis asuntos. En calquera caso, o que hoxe se inclúe na orde do día paréceme unha moi boa noticia. Celebro que se poida aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a ordenación do volume edificable no solar número 50 da rúa Emilio González López, nos Rosales, e promovido por Desarrolla. O que esteamos máis preto de ter un esqueleto menos na cidade é unha boa nova. Alégrome de que o expediente neste caso fose tan rápido, ben sexa pola dilixencia, ou ben sexa por tamén, pola velocidade nos informes sectoriais, por todo. Será importante agora, moi importante, que a tramitación da licenza fose igual de áxil para por fin deixar de ver outro esqueleto nesta cidade como neste caso, que levaba moitos anos abandonado.

*Echo en falta en este primer pleno del año más asuntos. En cualquier caso, lo que hoy se incluye en el orden del día me parece una muy buena noticia. Celebro que se pueda aprobar definitivamente el Estudio de detalle para la ordenación del volumen edificable en el solar número 50 de la calle Emilio González López, en los Rosales, y promovido por Desarrolla. El que estemos más cerca de tener un esqueleto menos en la ciudad es una buena noticia. Me alegro de que el expediente en este caso fuera tan rápido, bien sea por la diligencia, o bien sea por también, por la velocidad en los informes sectoriales, por todo. Será importante ahora, muy importante, que la tramitación de la licencia fuera igual de ágil para por fin dejar de ver otro esqueleto en esta ciudad como en este caso, que llevaba muchos años abandonado.*

Igual que no seu día votei a favor da aprobación inicial, hoxe votarei a favor.

*Igual que en su día voté a favor de la aprobación inicial, hoy votaré a favor.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

En primeiro lugar, gustaríame saudar os concelleiros e concelleiras da Corporación, o funcionariado que nos acompaña nesta sesión plenaria, o persoal dos medios de comunicación que dará conta dela e tamén a cidadanía que nos

*En primer lugar, me gustaría saludar a los concejales y concejalas de la Corporación, al funcionariado que nos acompaña en esta sesión plenaria, al personal de los medios de comunicación que dará cuenta de ella y también a la ciudadanía que nos sigue en*

segue na tribuna. Eu tampouco podo ver nunca se hai xente na tribuna ou non, en todo caso o meu saúdo á cidadanía que ou nos seguen desde a tribuna ou nos segue desde o sinal de internet.

*la tribuna. Yo tampoco puedo ver nunca si hay gente en la tribuna o no, en todo caso mi saludo a la ciudadanía que o nos siguen desde la tribuna o nos sigue desde la señal de internet.*

Ben, a min gustaríame, co seu permiso, señora alcaldesa, contribuír á súa reflexión, á reflexión que facía no inicio desta sesión plenaria sobre os 12 minutos que gardamos de silencio. Pediunos que reflexionásemos, algunhas, obviamente, xa levamos moito máis tempo reflexionando sobre este drama social que impide que realmente poidamos chamarnos democracia. Se as mulleres temos que vivir con medo, pois non vivimos realmente nun sistema verdadeiramente democrático porque non somos verdadeiramente libres.

*Bien, a mí me gustaría, con su permiso, señora alcaldesa, contribuir a su reflexión, a la reflexión que hacía en el inicio de esta sesión plenaria sobre los 12 minutos que guardamos de silencio. Nos pidió que reflexionáramos, algunas, obviamente, ya llevamos mucho más tiempo reflexionando sobre este drama social que impide que realmente podamos llamarnos democracia. Si las mujeres tenemos que vivir con miedo, pues no vivimos realmente en un sistema verdaderamente democrático porque no somos verdaderamente libres.*

En primeiro lugar, gustaríame dicir que igual que cómpre non branquear a violencia machista, non branquear aqueles que negan a violencia machista, cómpre tamén que sexamos claros e que falemos da violencia machista como algo estrutural. A violencia machista, os asasinatos son só a punta do iceberg da violencia machista coa que adoita ilustrarse o conxunto da violencia machista. Os asasinatos son a derradeira consecuencia de todo un sistema que nos discrimina, pero baixo o xeo, baixo a auga, mellor dito, hai moito xeo, hai moitos modos de violencia machista, hai micromachismos, hai violencia sexual, hai violencia económica, e para toda esta violencia, incluídos evitar os asasinatos machistas cómpren medios, medios humanos e medios materiais.

*En primer lugar, me gustaría decir que igual que hace falta no blanquear a la violencia machista, no blanquear a aquellos que niegan la violencia machista, hace falta también que seamos claros y que hablemos de la violencia machista como algo estructural. La violencia machista, los asesinatos son solo la punta del iceberg de la violencia machista con la que suele ilustrarse el conjunto de la violencia machista. Los asesinatos son la última consecuencia de todo un sistema que nos discrimina, pero bajo el hielo, bajo el agua, mejor dicho, hay mucho hielo, hay muchos modos de violencia machista, hay micromachismos, hay violencia sexual, hay violencia económica, y para toda esta violencia, incluidos evitar los asesinatos machistas hacen falta medios, medios humanos y medios materiales.*

Podemos falar de medios humanos e medios materiais a longo prazo, podemos falar de como cómpre facer fincapé na cuestión educacional, na educación afectivo-sexual, que cómpre tamén a medio prazo, cómpre reforzar os centros

*Podemos hablar de medios humanos y medios materiales a largo plazo, podemos hablar de cómo debe hacerse hincapié en la cuestión educacional, en la educación afectivo-sexual, que hace falta también a medio plazo, hace falta reforzar los centros*

de información ás mulleres, os centros de atención e de acollida ás mulleres, cómpre reforzar os xulgados, os xulgados de violencia machista e, por suposto, cómpren medios a curto prazo, cómpre reforzar as forzas e corpos de seguridade do Estado que hoxe en día están absolutamente desbordadas á hora de atender os casos de violencia machista. Sabemos na Coruña, e así se ten denunciado, que hai arredor de 50 casos ou máis por cada policía nacional. É imposíbel que un policía nacional só atenda a 50 mulleres sobre as que hai ordes de afastamento contra os seus agresores.

*de información a las mujeres, los centros de atención y de acogida a las mujeres, hace falta reforzar los juzgados, los juzgados de violencia machista y, por supuesto, hacen falta medios a corto plazo, hace falta reforzar las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado que actualmente están absolutamente desbordadas a la hora de atender los casos de violencia machista. Sabemos en A Coruña, y así se ha denunciado, que hay alrededor de 50 casos o más por cada policía nacional. Es imposible que un policía nacional solo atienda a 50 mujeres sobre las que hay órdenes de alejamiento contra sus agresores.*

Polo tanto, cómpren medios e cómpre tamén poñerlle nome á violencia machista no seu conxunto. Simplemente me gustaría contribuír á reflexión que iniciou a señora alcaldesa.

*Por lo tanto, hacen falta medios y hace falta también ponerle nombre a la violencia machista en su conjunto. Simplemente me gustaría contribuir a la reflexión que inició la señora alcaldesa.*

Ben, no que ten a ver co asunto da orde do día, é un asunto, diríamos, menor. Non menor, evidentemente, para a veciñanza dos Rosales que leva moito tempo demandando que se remate este esquelete. O obxectivo do Estudo de detalle é, efectivamente, ordenar o volume e polo tanto que se remate a edificación, evidentemente licenza mediante.

*Bien, en lo relativo al asunto del orden del día, es un asunto, diríamos, menor. No menor, evidentemente, para el vecindario de los Rosales que lleva mucho tiempo demandando que se finalice este esqueleto. El objetivo del Estudio de detalle es, efectivamente, ordenar el volumen y por lo tanto que se finalice la edificación, evidentemente licencia mediante.*

Estamos de acordo con que haxa unha política de estudo de cada un dos esqueletes para que se rematen porque, efectivamente, é unha das maneiras de colmatar a cidade, rematar co que son auténticos focos de sucidade, de problemas de convivencia, de problemas de seguridade que mesmo afectan ás veces a outros inmóbeis da contorna, pero gustaríame tamén que o Goberno tomase nota de que este problema non só afecta ós esqueletes. O mesmo problema de sucidade e de focos de infección, de convivencia, de seguridade, que afectan a

*Estamos de acuerdo con que haya una política de estudio de cada uno de los esqueletos para que se finalicen porque, efectivamente, es una de las maneras de colmatar la ciudad, finalizar con lo que son auténticos focos de suciedad, de problemas de convivencia, de problemas de seguridad que incluso afectan a veces a otros inmuebles del entorno, pero me gustaría también que el Gobierno tomara nota de que este problema no solo afecta a los esqueletos. El mismo problema de suciedad y de focos de infección, de convivencia, de seguridad, que afectan a*

outros inmóbeis, tamén o fan, ou tamén son causa de todo isto, algunhas ruínas que hai na nosa cidade e tamén moitos soares que hai na nosa cidade sen edificar, e polo tanto gustaríame que esta política da que acaba de facer mención o señor Díaz Gallego, tamén se aplique a soares e ruínas que afectan seriamente a barrios da nosa cidade.

*otros inmuebles, también lo hacen, o también son causa de todo esto, algunas ruinas que hay en nuestra ciudad y también muchos solares que hay en nuestra ciudad sin edificar, y por lo tanto me gustaría que esta política de la que acaba de hacer mención el señor Díaz Gallego, también se aplique a solares y ruinas que afectan seriamente a barrios de nuestra ciudad.*

A peonización que se está a facer na nosa cidade, no centro e noutras áreas de alta densidade de tránsito, a considero necesaria polos motivos anteriormente expostos, pero aínda así tamén hai que ter presente as desvantaxas que provoca mentras non se crean as infraestruturas necesarias para que se poidan traer ó centro as persoas que viven fóra da cidade e que por motivos diversos actualmente non teñen alternativa a acceder ó mesmo co seu vehículo particular e incluso tamén son prexudicados os veciños e veciñas que viven nesas áreas sen praza de aparcamento propia e que ata agora aparcaban nas prazas de superficie que se eliminaron. O que está a acontecer na actualidade é que a eliminación de prazas en superficie obriga a utilizar os aparcadoiros públicos de pago que teñen unhas tarifas de coste moi elevadas, case diría algunhas, desorbitadas, como son, entre outros os seguintes: aparcadoiro da praza de Pontevedra, 2,05 €/hora; aparcadoiro praza Palloza, 2 €/ hora; aparcadoiro os Cantóns, 1,85 €/hora; aparcadoiro Palexco, 1,81 €/hora; aparcadoiro Orzán-Riazor, 1,75 €/hora. Tamén é certo que hai outros aparcadoiros, como é o da Fábrica de Tabaco, que teñen un coste moito máis reducido, 1,10 €/hora. Polo tanto, se este pode ter un prezo de case un 50 % máis baixo, cabe pensar que os outros tamén poden facelo, sobre todo pola mellor localización respecto do centro, tendo de maneira xeral unha ocupación moito maior que se ve incrementada desde a eliminación de prazas en superficie e por tanto iso revirte en moitísimos máis ingresos.

*La peatonalización que se está haciendo en nuestra ciudad, en el centro y en otras áreas de alta densidad de tránsito, la considero necesaria por los motivos anteriormente expuestos, pero aun así también hay que tener presente las desventajas que provoca mientras no se crean las infraestructuras necesarias para que se puedan traer al centro a las personas que viven fuera de la ciudad y que por motivos diversos actualmente no tienen alternativa a acceder al mismo con su vehículo particular e incluso también son perjudicados los vecinos y vecinas que viven en esas áreas sin plaza de aparcamiento propia y que hasta ahora aparcaban en las plazas de superficie que se eliminaron. Lo que está sucediendo en la actualidad es que la eliminación de plazas en superficie obliga a utilizar los aparcamientos públicos de pago que tienen unas tarifas de coste muy elevadas, casi diría algunas, desorbitadas, como son, entre otros los siguientes: aparcamiento de la plaza de Pontevedra, 2,05 €/hora; aparcamiento plaza Palloza, 2 €/ hora; aparcamiento los Cantones, 1,85 €/hora; aparcamiento Palexco, 1,81 €/hora; aparcamiento Orzán-Riazor, 1,75 €/hora. También es cierto que hay otros aparcamientos, como es el de la Fábrica de Tabaco, que tienen un coste mucho más reducido, 1,10 €/hora. Por lo tanto, si este puede tener un precio de casi un 50 % más bajo, cabe pensar que los otros también pueden hacerlo, sobre todo por la mejor localización respecto del centro, teniendo de manera general una ocupación mucho mayor que se ve incrementada desde la eliminación de plazas en superficie y por tanto eso revierte en muchísimos más ingresos.*

Por outra parte, no sentido do control que

*Por otra parte, en el sentido del control*

se debe realizar sobre as empresas concesionarias, segundo algúns medios de comunicación que veñen tratando este asunto, existen varios aparcadoiros municipais que sorprendentemente operan dende fai anos de maneira irregular, co prexuízo que esto supón para as arcas municipais e para o servicio que se están dando á veciñanza, cuestións que non vén a denunciar esta moción, máis ben se trata de propoñer que se realice unha revisión sobre a situación actual.

*que se debe realizar sobre las empresas concesionarias, según algunos medios de comunicación que vienen tratando este asunto, existen varios aparcamientos municipales que sorprendentemente operan desde hace años de manera irregular, con el perjuicio que esto supone para las arcas municipales y para el servicio que se están dando al vecindario, cuestiones que no viene a denunciar esta moción, más bien se trata de proponer que se realice una revisión sobre la situación actual.*

Por todo o exposto anteriormente e tendo en conta as necesidades de evitar máis cargas económicas á cidadanía e ó mesmo tempo protexer a actividade económica do centro da cidade que fundamentalmente é a de negocios rexentados maiormente por autónomos e micropemes dedicadas ó comercio polo miúdo da hostelería, que se podería ver afectada pola redución de afluencia de clientes ó non poder acceder a esas áreas con vehículo propio, e tamén polo alto coste que supón a día de hoxe moitos dos aparcadoiros existentes na cidade, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** propoño o seguinte acordo: instar o Goberno municipal revisar con carácter de urxencia todos os aparcadoiros que dependen do control municipal co fin de comprobar e verificar que están cumprindo a normativa vixente ó respecto e as condicións contractuais da concesión; estudar o asunto exposto tratando de buscar unha solución para a redución de tarifas de aparcadoiros que a día de hoxe son moi elevadas; e por último, unha vez se realizan todas estas xestións expostas nos apartados anteriores, que se informe o Pleno dos acordos adoptados e as medidas que se van a levar a cabo para dar a solución ó exposto nesta moción.

*Por todo lo expuesto anteriormente y teniendo en cuenta las necesidades de evitar más cargas económicas a la ciudadanía y al mismo tiempo proteger la actividad económica del centro de la ciudad que fundamentalmente es la de negocios regentados mayormente por autónomos y micropymes dedicadas al comercio al por menor de la hostelería, que se podría ver afectada por la reducción de afluencia de clientes al no poder acceder la esas áreas con vehículo propio, y también por el alto coste que supone a día de hoy muchos de los aparcamientos existentes en la ciudad, **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** propongo el siguiente acuerdo: instar al Gobierno municipal a revisar con carácter de urgencia todos los aparcamientos que dependen del control municipal con el fin de comprobar y verificar que están cumpliendo la normativa vigente al respecto y las condiciones contractuales de la concesión; estudiar el asunto expuesto tratando de buscar una solución para la reducción de tarifas de aparcamientos que a día de hoy son muy elevadas; y por último, una vez se realizan todas estas gestiones expuestas en los apartados anteriores, que se informe al Pleno de los acuerdos adoptados y las medidas que se van a llevar a cabo para dar la solución a lo expuesto en esta moción.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Consta unha emenda do Partido Popular —non sei se a admite ou non— á súa moción.

**Señora Soneira Lema**

Pois o sinto moitísimo, pero non vou admitir, non vou aceptar a emenda do Grupo Popular, que é de substitución, porque non se corresponde co que eu propoño na moción. Non discuto a importancia das súas propostas, pero non pode ser motivo de substitución porque obvia o importante da moción que presentei.

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas, moitas grazas. Garden silencio.

Turno para a señora Faraldo.

**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

Efectivamente, a nova forma de ver, vivir, aproveitar e compartir os espazos urbanos implican, ademais de buscar alternativas para reducir o volume do tránsito de vehículos particulares, reducir a presencia dos coches nas rúas. A famosa frase de *se se compra unha vaca será porque se ten unha corte*, a resposta é que por cada oito vacas na cidade hai *unha corte*. É dicir, que para os cerca de 120.000 turismos rexistrados na cidade existen unhas 15.000 prazas de aparcamento cuberto, ademais cun reparto desigual, pois en barrios construídos antes da normativa que obriga a construír garaxes en cada

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Consta una enmienda del Partido Popular —no sé si la admite o no— a su moción.*

***Señora Soneira Lema***

*Pues lo siento muchísimo, pero no voy a admitir, no voy a aceptar la enmienda del Grupo Popular, que es de sustitución, porque no se corresponde con lo que yo propongo en la moción. No discuto la importancia de sus propuestas, pero no puede ser motivo de sustitución porque obvia lo importante de la moción que presenté.*

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias, muchas gracias. Guarden silencio.*

*Turno para la señora Faraldo.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Efectivamente, la nueva forma de ver, vivir, aprovechar y compartir los espacios urbanos implican, además de buscar alternativas para reducir el volumen del tránsito de vehículos particulares, reducir la presencia de los coches en las calles. La famosa frase de* si se compra una vaca será porque se tiene un establo, *la respuesta es que por cada ocho vacas en la ciudad hay* un establo. *Es decir, que para los cerca de 120.000 turismos registrados en la ciudad existen unas 15.000 plazas de aparcamiento cubierto, además con un reparto desigual, pues en barrios construidos antes de la normativa que obliga a construir garajes en cada*

comunidade, as carencias son maiores. Por iso, apoiando a necesidade de rebaixar o uso do vehículo privado, tamén é certo que no camiño desa transición téñense que adoptar medidas que palíen o primeiro impacto desta redución.

*comunidad, las carencias son mayores. Por eso, apoyando la necesidad de rebajar el uso del vehículo privado, también es cierto que en el camino de esa transición se tienen que adoptar medidas que palíen el primer impacto de esta reducción.*

**Ás once horas e doce minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

***A las once horas y doce minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

A principal medida, sen dúbida algunha debe ser potenciar e incentivar o transporte público urbano e metropolitano, transporte de calidade e a prezos tan asequibles que sexa irresistible utilizalos. Ese é o principal camiño e aí é onde este concello ten a responsabilidade de aplicar as medidas máis contundentes que inviten a usar os transportes colectivos, mais unha medida paralela, aínda que sexa menor, pode ser a que hoxe se trae aquí con esta moción. Así nos atopamos con aparcadeiros públicos —aparcadoiros, perdón, públicos— infrautilizados, ou como subliña esta moción da concelleira Susana Soneira, con diferenzas salientables nas súas tarifas entre uns e outros.

*La principal medida, sin duda alguna debe ser potenciar e incentivar el transporte público urbano y metropolitano, transporte de calidad y a precios tan asequibles que sea irresistible utilizarlos. Ese es el principal camino y ahí es donde este ayuntamiento tiene la responsabilidad de aplicar las medidas más contundentes que inviten a usar los transportes colectivos, pero una medida paralela, aunque sea menor, puede ser la que hoy se trae aquí con esta moción. Así nos encontramos con aparcaderos públicos —aparcamientos, perdón, públicos— infrautilizados, o como subraya esta moción de la concejala Susana Soneira, con diferencias reseñables en sus tarifas entre unos y otros.*

Entendemos que o Concello, no camiño de peonizar humanizando rúas e barrios, tamén ten que aportar medidas paliativas á eliminación das prazas de aparcamento, que sen supoñer incentivar o uso do vehículo particular, minimicen o impacto das necesarias restricións para frear o cambio climático e para asumir a transición enerxética.

*Entendemos que el Ayuntamiento, en el camino de peatonalizar humanizando calles y barrios, también tiene que aportar medidas paliativas a la eliminación de las plazas de aparcamiento, que sin suponer incentivar el uso del vehículo particular, minimicen el impacto de las necesarias restricciones para frenar el cambio climático y para asumir la transición energética.*

Tamén é o momento de lembrar que o estado irregular dalgunhas das concesións podería permitir ó Concello recuperalas e administralas directamente a través da empresa municipal EMVSA. Os parquings de Salgado Torres, Monte Alto, Vioño, os das prazas de Galicia,

*También es el momento de recordar que el estado irregular de algunas de las concesiones podría permitir al Ayuntamiento recuperarlas y administrarlas directamente a través de la empresa municipal EMVSA. Los párquines de Salado Torres, Monte Alto, Vioño, los*

María Pita, San Cristóbal, o Maestro Mateo, desenvolven a súa actividade sen axustarse ás condicións fixadas nos contratos de concesión. O Concello está en facultade de poder negociar desde unha posición de maior forza.

*de las plazas de Galicia, María Pita, San Cristóbal, el Maestro Mateo, desarrollan su actividad sin ajustarse a las condiciones fijadas en los contratos de concesión. El Ayuntamiento está en facultad de poder negociar desde una posición de mayor fuerza.*

Imos votar a favor desta moción. Grazas.

*Vamos a votar a favor de esta moción. Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para a señora Martínez.

*Turno para la señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

***Señora Martínez Lema***

Certo é que os excesivos prezos para os garaxes unido a liñas de buses insuficientes e deficientes, froito dunha máis que necesaria reordenación de liñas, dificultan o día do cidadán dentro do plantexamento de mobilidade que ten este goberno. Concordo coa idea de priorizar o peón, de facer máis humanas as cidades, pero todo debe ir da man. Non pode ser que suframos tanto as consecuencias de que os plantexamentos non vaian acompañados de medidas que suavicen o drástico cambio na mobilidade dunha cidade.

*Cierto es que los excesivos precios para los garajes unido a líneas de buses insuficientes y deficientes, fruto de una más que necesaria reordenación de líneas, dificultan el día del ciudadano dentro del planteamiento de movilidad que tiene este gobierno. Concuerdo con la idea de priorizar al peatón, de hacer más humanas las ciudades, pero todo debe ir de la mano. No puede ser que suframos tanto las consecuencias de que los planteamientos no vayan acompañados de medidas que suavicen el drástico cambio en la movilidad de una ciudad.*

O Partido Socialista no seu programa prometía unha remodelación das liñas de autobuses, recoñecía o problema. É evidente que o seguimos tendo baixo o seu mandato. Mentres non teñamos alternativas reais, son moitos os que temos que usar o coche, segundo o INE, case 50.000 usuarios nesta cidade. Mentres non se fagan os cambios necesarios para unha mobilidade realmente sostible, a xente necesita aparcar sen deixarse tantos cartos no intento.

*El Partido Socialista en su programa prometía una remodelación de las líneas de autobuses, reconocía el problema. Es evidente que lo seguimos teniendo bajo su mandato. Mientras no tengamos alternativas reales, son muchos los que tenemos que usar el coche, según el INE, casi 50.000 usuarios en esta ciudad. Mientras no se hagan los cambios necesarios para una movilidad realmente sostenible, la gente necesita aparcar sin dejarse tanto dinero en el intento.*

En canto ós aparcamentos municipais, a realidade é que son moitos os que se atopan en situación irregular en canto a súa cesión, o que provoca, entre outras cousas, que queden obsoletos e fóra de calquera plantexamento de accesibilidade e mobilidade dunha cidade que pretende ser modelo neste sentido. Refírome, por exemplo, á falta de ascensores para permitir o acceso de persoas con problemas de mobilidade, deficiencias que sen embargo non reflicten unha compensación no prezo dos mesmos para o cidadán.

*En cuanto a los aparcamientos municipales, la realidad es que son muchos los que se encuentran en situación irregular en cuanto a su cesión, lo que provoca, entre otras cosas, que se queden obsoletos y fuera de cualquier planteamiento de accesibilidad y movilidad de una ciudad que pretende ser modelo en este sentido. Me refiero, por ejemplo, a la falta de ascensores para permitir el acceso de personas con problemas de movilidad, deficiencias que sin embargo no reflejan una compensación en el precio de los mismos para el ciudadano.*

Prezos asequibles significaría dar resposta ás necesidades dos condutores, significaría contribuír a eliminar o tráfico innecesario, aquel que se produce cando os vehículos buscan aparcamentos. Significaría liberar a superficie para que poidan fluír os tráficos necesarios, como o transporte público, servicios de emerxencia ou os transportistas de mercancías.

*Precios asequibles significaría dar respuesta a las necesidades de los conductores, significaría contribuir a eliminar el tráfico innecesario, aquel que se produce cuando los vehículos buscan aparcamientos. Significaría liberar la superficie para que puedan fluir los tráficos necesarios, como el transporte público, servicios de emergencia o los transportistas de mercancías.*

Estando, pois, totalmente de acordo coa petición que fai a señora Susana Soneira, o meu voto a favor.

*Estando, pues, totalmente de acuerdo con la petición que hace la señora Susana Soneira, mi voto a favor.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Turno para o BNG, señora Veira.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**Señora Veira González**

Si. En primeiro lugar gustaríanos sinalar que desde o BNG imos votar a favor desta moción e que a imos respectar tal e como a formulou a señora Soneira.

Desde logo, desde o BNG vimos insistindo neste asunto, por iso no seu día presentamos unha pregunta escrita para coñecer en que situación se atopaban as

***Señora Veira González***

*Sí. En primer lugar nos gustaría señalar que desde el BNG vamos a votar a favor de esta moción y que la vamos a respetar tal y como la formuló la señora Soneira.*

*Desde luego, desde el BNG venimos insistiendo en este asunto, por eso en su día presentamos una pregunta escrita para conocer en qué situación se encontraban*

concesións dos aparcamentos, dos aparcadoiros públicos, e o que nos contestou o Goberno local a comezos de 2020 era que se estaba estudando a mellor forma de xestionar estes aparcadoiros tendo en conta a necesidade de acometer obras, así como as empresas que na actualidade tiñan cedidas as prazas de rotación, e que o Servizo de Edificación estaba redactando a inicios de 2020 un proxecto de ascensor para acceder ó aparcadoiro de María Pita.

*las concesiones de los aparcamientos, de los aparcamientos públicos, y lo que nos contestó al Gobierno local a comienzos de 2020 era que se estaba estudiando la mejor forma de gestionar estos aparcamientos teniendo en cuenta la necesidad de acometer obras, así como las empresas que en la actualidad tenían cedidas las plazas de rotación, y que el Servicio de Edificación estaba redactando a inicios de 2020 un proyecto de ascensor para acceder al aparcamiento de María Pita.*

Como non viamos avances neste asunto, volvimos traer o asunto a Pleno e fixemos unha pregunta oral en outubro de 2022, hai ben pouco, na que preguntabamos se o Goberno local tiña algún plan para a xestión dos aparcadoiros na cidade porque entendiamos e entendemos que cómpre homoxeneizar a política de aparcadoiros na nosa cidade, porque algúns están xestionados por EMVSA, outros non pagan o seu canon, outros están nunha situación absolutamente irregular, e por hixiene na xestión dos recursos públicos e tamén por coordinación con outras políticas de mobilidade cómpre, pois, poñer orde, non?

*Como no veíamos avances en este asunto, volvimos traer el asunto a Pleno e hicimos una pregunta oral en octubre de 2022, hace bien poco, en la que preguntábamos si el Gobierno local tenía algún plan para la gestión de los aparcamientos en la ciudad porque entendíamos y entendemos que hace falta homogeneizar la política de aparcamientos en nuestra ciudad, porque algunos están gestionados por EMVSA, otros no pagan su canon, otros están en una situación absolutamente irregular, y por higiene en la gestión de los recursos públicos y también por coordinación con otras políticas de movilidad hace falta, pues, poner orden, ¿no?*

Nós faciamos mención naquel momento, que é o 25 de xaneiro de 2019, se resolveran as concesións dos aparcadoiros soterrados de María Pita, Mestre Mateo, San Cristobo e praza de Galiza, e que naquel acordo da Xunta de Goberno Local se determinou que as concesións rematarían ós seis meses ou cando o Goberno local asumise a xestión directa, e desde aquela ningún outro acordo se tomou. O aparcadoiro de Vioño, como comentaba, funcionaba sen pagar o canon desde 2008 e a concesión do de Luís Seoane anulouse o ano pasado e pasou a xestionalo EMVSA.

*Nosotros hacíamos mención en aquel momento, que es el 25 de enero de 2019, se resolvieran las concesiones de los aparcamientos enterrados de María Pita, Maestro Mateo, San Cristóbal y plaza de Galicia, y que en aquel acuerdo de la Junta de Gobierno Local se determinó que las concesiones finalizarían a los seis meses o cuando el Gobierno local asumiera la gestión directa, y desde aquel momento ningún otro acuerdo se tomó. El aparcamiento de Vioño, como comentaba, funcionaba sin pagar el canon desde 2008 y la concesión del de Luis Seoane se anuló el año pasado y pasó a gestionarlo EMVSA.*

**Ás once horas e dezasete minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.**

Entón, o que temos son aparcadoiros de propiedade municipal ou incumprindo as súas obrigas, ou nun limbo legal e ademais seguimos sen saber e seguimos sen conseguir que o Goberno local nos conteste a como están contratadas as persoas que están a traballar neses aparcadoiros, onde van os cartos que pagan as persoas por aparcar neles ou cando caducan os demais aparcadoiros da cidade. Aínda non fomos capaces de que nos contestase o Goberno local a ningunha destas preguntas.

En todo caso, consideramos que unha boa política de planificación dos aparcadoiros públicos é chave para continuar coa política de liberación de espazo público para os peóns, para racionalizar e democratizar o espazo público, para reducir o tráfico ao que é imprescindible para o bo funcionamento da cidade: o tráfico de transporte público, vehículo de emerxencias, transporte de mercadorías e en ocasións moi concretas, o vehículo particular. Se queremos fomentar os espazos peonís de convivencia hai que eliminar tamén o tráfico de busca de aparcamento e iso tamén se consegue, tamén se consegue, cunha boa política de aparcadoiros públicos, pero naquel momento, en outubro de 2022, o señor Lage Tuñas nese costume que ten reiterado de anunciar cuestións cando nós facemos preguntas orais, dixo que ía crear un servizo de concesións e que ía aprobar unha instrución que regulase as concesións. Non nos contestou a nada do que lle preguntabamos, pero anunciou esas dúas cuestións e aínda a día de hoxe non coñecemos que se efectivizasen.

***A las once horas y diecisiete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.***

*Entonces, lo que tenemos son aparcamientos de propiedad municipal o incumpliendo sus deberes, o en un limbo legal y además seguimos sin saber y seguimos sin conseguir que el Gobierno local nos conteste a cómo están contratadas las personas que están trabajando en esos aparcamientos, a dónde va el dinero que pagan las personas por aparcar en ellos o cuándo caducan los demás aparcamientos de la ciudad. Aun no fuimos capaces de que nos contestara el Gobierno local a ninguna de estas preguntas.*

*En todo caso, consideramos que una buena política de planificación de los aparcamientos públicos es llave para continuar con la política de liberación de espacio público para los peatones, para racionalizar y democratizar el espacio público, para reducir el tráfico a lo que es imprescindible para el buen funcionamiento de la ciudad: el tráfico de transporte público, vehículo de emergencias, transporte de mercancías y en ocasiones muy concretas, el vehículo particular. Si queremos fomentar los espacios peatonales de convivencia hay que eliminar también el tráfico de búsqueda de aparcamiento y eso también se consigue, también se consigue, con una buena política de aparcamientos públicos, pero en aquel momento, en octubre de 2022, el señor Lage Tuñas en esa costumbre que ha reiterado de anunciar cuestiones cuando nosotros hacemos preguntas orales, dijo que iba a crear un servicio de concesiones y que iba a aprobar una instrucción que regulara las concesiones. No nos contestó a nada de lo que le preguntábamos, pero anunció esas dos cuestiones y aún a día de hoy no conocemos que se efectivizasen.*

En todo caso, estamos a favor da moción e, como digo, votaremos a favor dela.

*En todo caso, estamos a favor de la moción y, como digo, votaremos a favor de ella.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Pode saír.

*Puede salir.*

**Ás once horas e dezanove minutos sae do Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.**

***A las once horas y diecinueve minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.***

Turno para a Marea Atlántica, señora García e, por favor, solicito a substitución. Grazas.

*Turno para la Marea Atlántica, señora García y, por favor, solicito la sustitución. Gracias.*

**Ás once horas e dezanove minutos sae do Salón de Sesións a señora alcaldesa e pasa a presidir a sesión o señor Borrego Vázquez.**

***A las once horas y diecinueve minutos sale del Salón de Sesiones la señora alcaldesa y pasa a presidir la sesión el señor Borrego Vázquez.***

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si. Moi bos días a todas as persoas que van seguindo este pleno, cidadanía, medios de comunicación, funcionariado, compañeiros e compañeiras de Corporación.

*Sí. Muy buenos días a todas las personas que van siguiendo este pleno, ciudadanía, medios de comunicación, funcionariado, compañeros y compañeras de Corporación.*

A Marea Atlántica vaise abster nesta moción por uns motivos que argumentarei a continuación, pero antes quería comentarlle, señor Díaz, concelleiro de Urbanismo, que non por repetir e repetir pleno tras pleno, como vostede acaba de indicar, vai rematar sendo certo a afirmación de que o Concello non pode facer nada cos pisos turísticos. Aí ó lado ten vostede o exemplo do Concello de Santiago, a Alcaldía do Partido Socialista que está regulando a autorización de pisos turísticos a través do Plan Xeral de Ordenación e que vén avalado ademais por sentencias tanto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como o Tribunal

*La Marea Atlántica se va a abstener en esta moción por unos motivos que argumentaré a continuación, pero antes quería comentarle, señor Díaz, concejal de Urbanismo, que no por repetir y repetir pleno tras pleno, como usted acaba de indicar, va a acabar siendo cierta la afirmación de que el Ayuntamiento no puede hacer nada con los pisos turísticos. Ahí al lado tiene usted el ejemplo del Ayuntamiento de Santiago, la Alcaldía del Partido Socialista que está regulando la autorización de pisos turísticos a través del Plan General de Ordenación y que viene avalado además por sentencias tanto del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como el Tribunal Supremo que habilitan a*

Supremo que habilitan os concellos a actuar precisamente para regular este uso e este aproveitamento. Cítolle unhas cuantas por se vostede non as ten a man: sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de 7 de abril de 2022, de Pontevedra; sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 8 de abril de 2022 relativa precisamente ó caso de Santiago; sentenza do Tribunal Supremo de 19 de novembro de 2020 para o caso de Bilbao.

*los ayuntamientos a actuar precisamente para regular este uso y este aprovechamiento. Le cito unas cuantas por si usted no las tiene a mano: sentencia del Tribunal Superior de Justicia de 7 de abril de 2022, de Pontevedra; sentencia del Tribunal Superior de Justicia de 8 de abril de 2022 relativa precisamente al caso de Santiago; sentencia del Tribunal Supremo de 19 de noviembre de 2020 para el caso de Bilbao.*

Nós cremos, e o Partido Socialista tamén o creu nalgún momento, que asinou un pacto coa Marea Atlántica, que é posible e é necesario que o Concello da Coruña regule os pisos turísticos para frear as consecuencias negativas que están tendo no acceso a unha vivenda pagable nos barrios.

*Nosotros creemos, y el Partido Socialista también lo creyó en algún momento, que firmó un pacto con la Marea Atlántica, que es posible y es necesario que el Ayuntamiento de A Coruña regule los pisos turísticos para frenar las consecuencias negativas que están teniendo en el acceso a una vivienda pagable en los barrios.*

Dito isto, efectivamente a Marea Atlántica vaise abster nesta moción porque entendemos que, efectivamente, hai unha problemática relativa co aparcamento na cidade, pero que as políticas de fomento dende o Concello deben ser a de proporcionar alternativas ó coche e non seguir abaratando que o vehículo privado, pois, acceda ó centro da cidade e ó núcleo urbano. É unha cuestión de prioridades e é moi clara. Aquí a moción o que pretende é que se abarate o aparcamento e o aparcamento público, pero non se trae unha moción para denunciar os retrasos que está tendo o bus urbanos nos barrios coma Novo Mesoiro e Eirís, e que están motivando as queixas dos veciños dende hai xa semanas.

*Dicho esto, efectivamente la Marea Atlántica se va a abstener en esta moción porque entendemos que, efectivamente, hay una problemática relativa con el aparcamiento en la ciudad, pero que las políticas de fomento desde el Ayuntamiento debe ser la de proporcionar alternativas al coche y no seguir abaratando que el vehículo privado, pues, acceda al centro de la ciudad y al núcleo urbano. Es una cuestión de prioridades y es muy clara. Aquí la moción lo que pretende es que se abarate el aparcamiento y el aparcamiento público, pero no se trae una moción para denunciar los retrasos que está teniendo el bus urbanos en los barrios como Novo Mesoiro y Eirís, y que están motivando las quejas de los vecinos desde hace ya semanas.*

**Ás once horas e vinte e un minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

***A las once horas y veintiún minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

Precisamente un dos problemas de levar o coche ó centro urbano e ós núcleos de poboación é, xa non só as emisións, xa

*Precisamente uno de los problemas de llevar el coche al casco urbano y a los núcleos de población es, ya no solo las*

non só os gases contaminantes, a calidade do aire, senón directamente a falta de espazo físico. Non se vai solucionar abaratando os aparcamentos xa que chega un momento incluso —e temos a mostra dos aparcamentos do centro— que xa non caben máis coches. Ou sexa, que realmente, bueno, se cadra as medidas de fomento deben de ser outras.

*emisiones, ya no solo los gases contaminantes, la calidad del aire, sino directamente la falta de espacio físico. No se va a solucionar abaratando los aparcamientos ya que llega un momento incluso —y tenemos la muestra de los aparcamientos del centro— que ya no caben más coches. O sea, que realmente, bueno, a lo mejor las medidas de fomento deben de ser otras.*

O coche eléctrico que se nos vende como a panacea non vai solucionar tampouco o déficit de espazo público nas cidades, que está ocupado polo vehículo privado. Pode contribuír á electrificación, digamos, do transporte e pode contribuír á substitución dos combustibles fósiles, pero non vai facer cidades máis habitables porque o espazo estano ocupando os coches, precisamente coches cada vez máis grandes e de maior consumo, debería estar destinado ás persoas e ás actividades de vivir e desfrutar, pois, nas cidades.

*El coche eléctrico que se nos vende como la panacea no va a solucionar tampoco el déficit de espacio público en las ciudades, que está ocupado por el vehículo privado. Puede contribuir a la electrificación, digamos, del transporte y puede contribuir a la sustitución de los combustibles fósiles, pero no va a hacer ciudades más habitables porque el espacio lo están ocupando los coches, precisamente coches cada vez más grandes y de mayor consumo, debería estar destinado a las personas y a las actividades de vivir y disfrutar, pues, en las ciudades.*

Xa que se fala de xustiza e de sustentabilidade, se apela —é curioso, non?—, se apela ó Acordo de París de cambio climático para abaratar os aparcamentos na cidade, si nos gustaría mencionar cales son **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** as medidas —e vou ir acabando—, as medidas que dende o punto de vista da Marea Atlántica cómpre abordar.

*Ya que se habla de justicia y de sostenibilidad, se apela —es curioso, ¿no?—, se apela al Acuerdo de París de cambio climático para abaratar los aparcamientos en la ciudad, sí nos gustaría mencionar cuáles son* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *las medidas —y voy a ir acabando—, las medidas que desde el punto de vista de la Marea Atlántica hace falta abordar.*

Dende o punto de vista da mobilidade, pois un transporte público urbano e interurbano, metropolitano, que funcione e que estea integradas as diferentes redes nunha autoridade única de transporte. Efectivamente, aparcamentos disuasorios na periferia que estean conectados precisamente con esa rede de transporte público e fomentar, pois os traxectos peonís e en bici.

*Desde el punto de vista de la movilidad, pues un transporte público urbano e interurbano, metropolitano, que funcione y que esté integradas las diferentes redes en una autoridad única de transporte. Efectivamente, aparcamientos disuasorios en la periferia que estén conectados precisamente con esa red de transporte público y fomentar, pues los trayectos peatonales y en bici.*

**Ás once horas e vinte e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.**

***A las once horas y veintitrés minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.***

Ímonos abster tamén en relación á moción do Partido Popular porque aínda que é unha moción, pois bastante serena, o que agocha detrás é, pois a belixerancia de sempre do Partido Popular fronte ás peonalizacións e é unha postura que en ningún caso podemos compartir dende a Marea Atlántica.

*Nos vamos a abstener también en relación a la moción del Partido Popular porque aunque es una moción, pues bastante serena, lo que esconde detrás es, pues la beligerancia de siempre del Partido Popular frente a las peatonalizaciones y es una postura que en ningún caso podemos compartir desde la Marea Atlántica.*

Nada máis. Moitas grazas.

*Nada más. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora García.

*Muchas gracias, señora García.*

Polo Partido Popular, señor Deus, ten a palabra.

*Por el Partido Popular, señor Deus, tiene la palabra.*

***Señor Deus Álvarez***

***Señor Deus Álvarez***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

*Non cabe dúbida que os asuntos que teñen que ver coa mobilidade son complexos e, se cabe, aínda máis nunha cidade como a nosa. Levámolo advertindo durante todo este mandato, pero sobre todo desde que Inés Rey decidiu tomar decisións sen consenso, realizando nos barrios actuacións que afectan os coruñeses sen antes proporcionarlles alternativas reais. O modelo de mobilidade hoxe na nosa cidade baséase unicamente en poñerlle obstáculos ao uso do vehículo privado sen dispoñer dun servizo de transporte público adaptado ás necesidades.*

No cabe duda que los asuntos que tienen que ver con la movilidad son complejos y, si cabe, todavía más en una ciudad como la nuestra. Lo llevamos advirtiendo durante todo este mandato, pero sobre todo desde que Inés Rey decidió tomar decisiones sin consenso, realizando en los barrios actuaciones que afectan a los coruñeses sin antes proporcionarles alternativas reales. El modelo de movilidad hoy en nuestra ciudad se basa únicamente en ponerle obstáculos al uso del vehículo privado sin disponer de un servicio de transporte público adaptado a las necesidades.

*Señora Soneira, todos estamos en que é necesario encamiñarse cara a unha mobilidade máis branda, coa utilización de combustibles menos contaminantes, con menos dependencia do coche e a*

Señora Soneira, todos estamos en que es necesario encaminarse hacia una movilidad más blanda, con la utilización de combustibles menos contaminantes, con menos dependencia del coche y la

*utilización do transporte público, pero estará de acordo comigo que non hai que poñer o carro antes que os bois porque se non, efectivamente, xeraranse problemas aos que vivimos na cidade e aos que cheguen da área. O sector servizos e o comercio resentirase e provocarase un descenso de residentes tamén no centro da nosa cidade e todo isto é consecuencia dunha política de mobilidade baseada na improvisación, sen ter un plan de mobilidade actualizado e tomando decisións atropeladas que o único que provocan é malestar aos coruñeses e dificultades aos que chegan á nosa cidade.*

***Ás once horas e vinte e cinco minutos entra no Salón de Sesións a señora alcaldesa e pasa a presidir a sesión.***

*O problema non son só os aparcamentos públicos. Inés Rey xa dixo que descarta novos aparcamentos públicos, que para este goberno municipal provocaría un efecto chamada ao uso do coche. As alternativas que temos neste momento xa as coñecemos: liñas de buses pouco eficientes, horarios e frecuencias inadecuadas, uso da bicicleta estacional e desprazamentos a pé que afortunadamente podemos realizar na nosa cidade, pero os datos seguen sendo túzaros: segue crecendo o número de coches na nosa cidade, máis de 140.000 vehículos, 143.000 vehículos; o 53 % dos coruñeses emprega o vehículo privado a diario para acudir ao traballo ou estudar; só o 1,3 % dos desprazamentos realízase en bicicleta, moto ou patinete; o 89 % dos coches rexistrados na cidade dormen na vía pública e nos barrios máis poboados da cidade os edificios non contan con garaxes.*

*O problema, señora Soneira, non son só os aparcamentos públicos. O problema está a agravarse polas decisións que se*

utilización del transporte público, pero estará de acuerdo conmigo que no hay que poner el carro antes que los bueyes porque si no, efectivamente, se generarán problemas a los que vivimos en la ciudad y a los que lleguen del área. El sector servicios y el comercio se resentirá y se provocará un descenso de residentes también en el centro de nuestra ciudad y todo esto es consecuencia de una política de movilidad basada en la improvisación, sin tener un plan de movilidad actualizado y tomando decisiones atropelladas que lo único que provocan es malestar a los coruñeses y dificultades a los que llegan a nuestra ciudad.

***A las once horas y veinticinco minutos entra en el Salón de Sesiones la señora alcaldesa y pasa a presidir la sesión.***

El problema no son solo los aparcamientos públicos. Inés Rey ya ha dicho que descarta nuevos aparcamientos públicos, que para este gobierno municipal provocaría un efecto llamada al uso del coche. Las alternativas que tenemos en este momento ya las conocemos: líneas de buses poco eficientes, horarios y frecuencias inadecuadas, uso de la bicicleta estacional y desplazamientos a pie que afortunadamente podemos realizar en nuestra ciudad, pero los datos siguen siendo tozudos: sigue creciendo el número de coches en nuestra ciudad, más de 140.000 vehículos, 143.000 vehículos; el 53 % de los coruñeses emplea el vehículo privado a diario para acudir al trabajo o estudiar; solo el 1,3 % de los desplazamientos se realiza en bicicleta, moto o patinete; el 89 % de los coches registrados en la ciudad duermen en la vía pública y en los barrios más poblados de la ciudad los edificios no cuentan con garajes.

El problema, señora Soneira, no son solo los aparcamientos públicos. El problema se está agravando por las decisiones que se

*toman sen ter en conta que na cidade existen oito vehículos por cada praza de aparcamento público ou privado que se oferta.*

toman sin tener en cuenta que en la ciudad existen ocho vehículos por cada plaza de aparcamiento público o privado que se oferta.

*Sabe vostede o que realmente si se está producindo? Un aumento desproporcionado do prezo das prazas de garaxe. Xa se sabe, cando hai dificultade para aparcar nas rúas en superficie, soben os prezos das prazas de garaxe. A Coruña é a segunda cidade galega onde o prezo dunha praza de garaxe é máis elevado.*

¿Sabe usted lo que realmente sí se está produciendo? Un aumento desproporcionado del precio de las plazas de garaje. Ya se sabe, cuando hay dificultad para aparcar en las calles en superficie, suben los precios de las plazas de garaje. A Coruña es la segunda ciudad gallega en donde el precio de una plaza de garaje es más elevado.

***Ás once horas e vinte e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.***

***A las once horas y veintiséis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

*Ante todo isto, a postura da señora alcaldesa xa a coñecemos: o Concello non está obrigado a proporcionar alternativas, se alguén se compra un coche —traducíndoo— é porque ten unha praza reservada para onde gardalo, pero isto non é o habitual na nosa cidade. Como vostede saberá, están a implantarse na cidade tamén, froito desa lei que vostede menciona de cambio climático, as zonas de baixas emisións, zonas nas que pola súa propia definición poderase restrinxir o paso dos vehículos que se consideren máis contaminantes no caso de que se determine que a calidade do aire empeore. Son case 11 millóns de euros dos fondos Next que se investirán en sinalización, nunha rede de cámaras de vixilancia e outro tipo de sensores.*

Ante todo esto, la postura de la señora alcaldesa ya la conocemos: el Ayuntamiento no está obligado a proporcionar alternativas, si alguien se compra un coche —traduciéndolo— es porque tiene una plaza reservada para donde guardarlo, pero esto no es lo habitual en nuestra ciudad. Como usted sabrá, se están implantando en la ciudad también, fruto de esa ley que usted menciona de cambio climático, las zonas de bajas emisiones, zonas en las que por su propia definición se podrá restringir el paso de los vehículos que se consideren más contaminantes en caso de que se determine que la calidad del aire empeore. Son casi 11 millones de euros de los fondos Next que se invertirán en señalización, en una red de cámaras de vigilancia y otro tipo de sensores.

*Esperamos con expectación esa ordenanza de mobilidade que se nos dixo que estaría lista antes de que finalizase o ano pasado e que incluiría estes aspectos das restricións, a que vehículos afectará, en que horarios e xornadas, se a restrición é temporal ou definitiva e en que medida afectarán os residentes as*

Esperamos con expectación esa ordenanza de movilidad que se nos dijo que estaría lista antes de que finalizase el año pasado y que incluiría estos aspectos de las restricciones, a qué vehículos afectará, en qué horarios y jornadas, si la restricción es temporal o definitiva y en qué medida afectarán a los residentes las zonas de bajas

*zonas de baixas emisións, zonas de baixas emisións que afectarán ao 55 % da poboación, 137.000 coruñeses que teñen dereito a coñecer cales son os plans de Inés Rey. Sexan valentes e díganllo.*

*Iso si, xa se apuraron a poñer a venda antes da ferida dicindo que non se aplicarán restricións a vehículos nin se sancionará. Claro, as eleccións están preto, pero os coruñeses xa non cren o que di a súa alcaldesa, á vista de como se impoñen medidas sen diálogo nin consenso.*

*Miren, instalaranse 103 cámaras de vixilancia, instalaranse 12 radares de control didáctico da velocidade, equipos de lectura de matrículas, 62 sensores con capacidade sancionadora, todo un Gran Irmán de vixilancia, toda unha declaración de intencións* ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)****, todo un arsenal —termino xa— que segundo Inés Rey vai ser decorativo. Mentres tanto todos os barrios da cidade expresan o seu malestar pola situación actual e estes proxectos que traerán consigo máis dificultades para aparcar.*

*Sinto que non apoie a nosa emenda, señora Soneira, porque eu creo que si recolle as pretensións da súa moción. A pesar diso, votaremos a favor da súa moción se non sae a nosa.*

*Moitas grazas.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Deus.

Turno para o Grupo Socialista, señor Lage.

**<u>Señor Lage Tuñas</u>**

emisiones, zonas de bajas emisiones que afectarán al 55 % de la población, 137.000 coruñeses que tienen derecho a conocer cuáles son los planes de Inés Rey. Sean valientes y díganselo.

Eso sí, ya se han apurado a poner la venda antes de la herida diciendo que no se aplicarán restricciones a vehículos ni se sancionará. Claro, las elecciones están cerca, pero los coruñeses ya no creen lo que dice su alcaldesa, a la vista de cómo se imponen medidas sin diálogo ni consenso.

Fíjense, se instalarán 103 cámaras de vigilancia, se instalarán 12 radares de control didáctico de la velocidad, equipos de lectura de matrículas, 62 sensores con capacidad sancionadora, todo un Gran Hermano de vigilancia, toda una declaración de intenciones ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***, todo un arsenal —termino ya— que según Inés Rey va ser decorativo. Mientras tanto todos los barrios de la ciudad expresan su malestar por la situación actual y estos proyectos que traerán consigo más dificultades para aparcar.

Siento que no apoye nuestra enmienda, señora Soneira, porque yo creo que sí recoge las pretensiones de su moción. A pesar de ello, votaremos a favor de su moción si no sale la nuestra.

Muchas gracias.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Deus.*

*Turno para el Grupo Socialista, señor Lage.*

***<u>Señor Lage Tuñas</u>***

Grazas. Bos días, señora alcaldesa, bo día a todos e a todas.

*Gracias. Buenos días, señora alcaldesa, buen día a todos y a todas.*

En primeiro lugar, manifestar a posición con respecto á emenda formulada polo Partido Popular. A nosa posición é contraria, non porque non sexan razonables algunhas das cousas que suscitan, senón porque entendo que viría a desvirtuar un pouco a intencionalidade que ten a propoñente, e polo tanto creo que —como ben apuntaba— intenta poñer un foco específico nunha problemática que detecta, problemática que debe de ser analizada con rigor e, polo tanto, debe de contar cos estudos económicos necesarios, iso é así, pero que pon de manifesto, bueno, pois unha preocupación que non é novidosa. É dicir, que bueno, pois incluso por razóns de orde persoal ou familiar todos podemos coñecer no desenvolvemento habitual cando se fala do acceso ás prazas de aparcamento.

*En primer lugar, manifestar la posición con respecto a la enmienda formulada por el Partido Popular. Nuestra posición es contraria, no porque no sean razonables algunas de las cosas que suscitan, sino porque entiendo que vendría a desvirtuar un poco la intencionalidad que tiene la proponente, y por lo tanto creo que —como bien apuntaba— intenta poner un foco específico en una problemática que detecta, problemática que debe de ser analizada con rigor y, por lo tanto, debe de contar con los estudios económicos necesarios, eso es así, pero que ponen de manifiesto, bueno, pues una preocupación que no es novedosa. Es decir, que bueno, pues incluso por razones de orden personal o familiar todos podemos conocer en el desarrollo habitual cuando se habla del acceso a las plazas de aparcamiento.*

En calquera caso, señora Soneira, creo que hai que facer algunhas consideracións, non? A primeira —e eu creo que debe de quedar sempre ben claro—, o Goberno municipal ten un marco que é un marco da normativa da que nos dotamos, non da que se dota o Concello, senón o marco legal no que podemos operar e dentro dese marco é donde podemos traballar, iso en primeiro lugar.

*En cualquier caso, señora Soneira, creo que hay que hacer algunas consideraciones, ¿no? La primera —y yo creo que debe de quedar siempre bien claro—, el Gobierno municipal tiene un marco que es un marco de la normativa de la que nos dotamos, no de la que se dota el Ayuntamiento, sino el marco legal en el que podemos operar y dentro de ese marco es donde podemos trabajar, eso en primer lugar.*

En segundo lugar, vostede fai unha serie de consideracións, aportando unha serie de datos dos cales somos coñecedores, e eu entendo que hai unha posición construtiva, cousa que teño que agradecerlle, esta iniciativa construtiva, donde se pon sobre a mesa un estudo e unha revisión. Bueno, evidentemente estamos a falar de concesións municipais e polo tanto todas elas teñen unha norma pola que se regulan. Hai un prego de

*En segundo lugar, usted hace una serie de consideraciones, aportando una serie de datos de los cuales somos conocedores, y yo entiendo que hay una posición constructiva, cosa que tengo que agradecerle, esta iniciativa constructiva, donde se ponen sobre la mesa un estudio y una revisión. Bueno, evidentemente estamos hablando de concesiones municipales y por lo tanto todas ellas tienen una norma por la que se regulan.*

condicións e son diferentes os de uns e os doutras, máis alá de que compartamos a necesidade de facer unha revisión a fondo e un estudo do conxunto das concesións que son propiedade municipal, pero que teñen operadores na súa maior parte privados.

*Hay un pliego de condiciones y son diferentes los de unos y los de otras, más allá de que compartamos la necesidad de hacer una revisión a fondo y un estudio del conjunto de las concesiones que son propiedad municipal, pero que tienen operadores en su mayor parte privados.*

*Y podría seguir inundando el Pleno de datos, porque la realidad es que intervenimos en muchísimas, en decenas y decenas de calles de la ciudad, que bueno, señor Lema, yo sé que siempre le gusta decir al Grupo de la Marea Atlántica que se invierte solo en el centro y sacan el dato del reasfaltado de los Cantones. El asfaltado de los Cantones, que costó 200.000 €, efectivamente, que bueno, podemos contestar lo que es la inversión en Bens, un millón de euros o la inversión de*

de medio millón de euros ou coa inversión en Labañou de 800.000 €. Cando queira, os datos están aí para comprobalos. Non son inversións no centro, son inversións en todos os barrios da cidade.

*Feáns, de medio millón de euros o con la inversión en Labañou de 800.000 €. Cuando quiera, los datos están ahí para comprobarlos. No son inversiones en el centro, son inversiones en todos los barrios de la ciudad.*

Reitero, polo tanto, o noso voto a favor. Queda moito por facer, porque había moito sen atender dende hai bastantes anos, pero o compromiso deste goberno é, como non pode ser doutro xeito, poñer ao día ás rúas da cidade e para iso estase a mobilizar unha inversión nunca vista en materia de infraestruturas, que non é que o digamos nós senón que se ve diariamente nas rúas da Coruña. Grazas.

*Reitero, por lo tanto, nuestro voto a favor. Queda mucho por hacer, porque había mucho sin atender desde hace bastantes años, pero el compromiso de este gobierno es, como no puede ser de otro modo, poner al día a las calles de la ciudad y para eso se está movilizando una inversión nunca vista en materia de infraestructuras, que no es que lo digamos nosotros sino que se ve diariamente en las calles de A Coruña. Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Díaz.

*Muchas gracias, señor Díaz.*

Non constan emendas a esta moción, polo que imos proceder á súa votación.

*No constan enmiendas a esta moción, por lo que vamos a proceder a su votación.*

**Votación da segunda moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo**

***Votación de la segunda moción presentada por la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo***

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada pola concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, para a valoración das estradas municipais con prioridade de asfaltado, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, para la valoración de las carreteras municipales con prioridad de asfaltado, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobada por unanimidade da corporación.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobada por unanimidad de la corporación.*

**7. Moción da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo para a valoración das estradas municipais con prioridade de asfaltado.**

***7. Moción de la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo para la valoración de las carreteras municipales con prioridad de asfaltado.***

**Acordo**

1. Estudo das deficiencias das estradas municipais para acometer coa máxima celeridade posible o arranxo das que polas súas deficiencias así o esixan.

2. A resultas do estudo pertinente, elaborar un plan de reparación gradual dos viais da cidade.

***Acuerdo***

*1. Estudio de las deficiencias de las carreteras municipales para acometer con la máxima celeridad posible el arreglo de las que por sus deficiencias así lo exijan.*

*2. A resultas del estudio pertinente, elaborar un plan de reparación gradual de los viales de la ciudad.*

**Presidencia**

Remata aquí o turno da señora Faraldo.

***Presidencia***

*Finaliza aquí el turno de la señora Faraldo.*

**MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA DONA MÓNICA MARTÍNEZ LEMA**

***MOCIÓN PRESENTADA POR LA CONCEJALA NON ADSCRITA DOÑA MÓNICA MARTÍNEZ LEMA***

**Única. Moción para que o Concello da Coruña xestione na súa totalidade as instalacións do estadio de atletismo de**

***Única. Moción para que el Ayuntamiento de A Coruña gestione en su totalidad las instalaciones del estadio de atletismo de***

**Elviña.**

**Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición.**

**Presidencia**

Turno para a concelleira non adscrita, señora Martínez Lema, coa moción que presenta á que consta unha emenda de adición do Grupo Popular.

Señora Martínez, ten a palabra.

**Señora Martínez Lema**

Moitas grazas.

A Coruña ten o mellor estadio de atletismo de toda Galicia e un enorme potencial para ser referente nacional como cidade deportiva de alto rendemento pero os nosos atletas non poden sacar partido del. Dende que en 1995 a cidade quedou sen as pistas de Riazor, o atletismo coruñés desespera pola construción dunhas novas, unha promesa que segue incumprida ante o hartazgo, decepción e desesperación dos atletas e os seus técnicos. Unha promesa incluída no programa electoral do PSOE para este mandato. A Coruña tería a súa pista de atletismo municipal. Dentro do apartado "Por un deporte para todos e todas" lemos: *un caso particularmente rechamante é o do atletismo cuxa evolución nos últimos anos esixe dotar sen demora á cidade dunha pista cuberta que permita aos atletas un uso sistemático da mesma.* Tamén di o programa: *crearemos unha nova cidade deportiva en terreos da Fábrica de Armas, compatible co proxecto da Cidade das TIC na que se proxecta un estadio de atletismo.*

Na nosa chegada á Concellaría de

***Elviña.***

***Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición.***

***Presidencia***

*Turno para la concejala no adscrita, señora Martínez Lema, con la moción que presenta a la que consta una enmienda de adición del Grupo Popular.*

*Señora Martínez, tiene la palabra.*

***Señora Martínez Lema***

*Muchas gracias.*

*A Coruña tiene el mejor estadio de atletismo de toda Galicia y un enorme potencial para ser referente nacional como ciudad deportiva de alto rendimiento pero nuestros atletas no pueden sacar partido de él. Desde que en 1995 la ciudad se quedó sin las pistas de Riazor, el atletismo coruñés desespera por la construcción de unas nuevas, una promesa que sigue incumplida ante el hartazgo, decepción y desesperación de los atletas y sus técnicos. Una promesa incluida en el programa electoral del PSOE para este mandato. A Coruña tendría su pista de atletismo municipal. Dentro del apartado "Por un deporte para todos y todas" leemos:* caso particularmente llamativo es el del atletismo cuya evolución en los últimos años exige dotar sin demora a la ciudad de una pista cubierta que permita a los atletas un uso sistemático de la misma. *También dice el programa:* crearemos una nueva ciudad deportiva en terrenos de la Fábrica de Armas, compatible con el proyecto de la Ciudad de las TIC en la que se proyecta un estadio de atletismo.

*En nuestra llegada a la Concejalía de*

Deportes non tivemos coñecemento de movemento ao respecto. Traballando man a man co mundo do atletismo coñecemos de preto as súas demandas. Para poñer en valor o atletismo celebrouse, entre outras cousas, o "Coruña corre en pista" con 5 probas disputadas no estadio de Elviña e unha no Palacio dos Deportes, pero para eles, para os deportistas, o imprescindible seguen sendo as instalacións. Deunos tempo a deixar proxectada a posible construción dun módulo cuberto en Xuxán. É por iso que, por suposto, acepto a emenda do Partido Popular. Tamén propuxemos, cunha encarecida petición á alcaldesa, que por favor negociase co reitor a cesión do estadio municipal de Elviña para a xestión municipal, algo que só eles poden acordar. A Universidade da Coruña é a dona do estadio de atletismo que, mediante un convenio co Concello, permite que os clubes da cidade poidan facer uso del. O problema, o gran problema é que as restricións que poñen na UDC son un grande obstáculo para a correcta utilización do mesmo. O convenio é de luns a venres e sábados pola mañá. Os sábados pola tarde e os domingos non poden usar o estadio e desde estas pasadas Navidades, coa decisión unilateral da Universidade, sen ter en conta o convenio, pecharon, queren pechar en determinadas épocas do ano por eficiencia enerxética, deixando aos atletas sen un lugar para adestrar en momentos de gran relevancia para a súa temporada. Outro atranco, cando queren organizar unha competición hai que pedir permiso á Universidade e que a pista estea libre. Outro dos principais impedimentos é a prohibición de facer lanzamentos ou a de usar as bancadas e a sala de musculación, o ximnasio, para facer exercicios de forza.

*Deportes no tuvimos conocimiento de movimiento al respeto. Trabajando mano a mano con el mundo del atletismo conocemos de cerca sus demandas. Para poner en valor el atletismo se celebró, entre otras cosas, el "Coruña corre en pista" con 5 pruebas disputadas en el estadio de Elviña y una en el Palacio de los Deportes, pero para ellos, para los deportistas, lo imprescindible siguen siendo las instalaciones. Noa dio tiempo a dejar proyectada la posible construcción de un módulo cubierto en Xuxán. Es por eso que, por supuesto, acepto la enmienda del Partido Popular. También propusimos, con una encarecida petición a la alcaldesa, que por favor negociara con el rector la cesión del estadio municipal de Elviña para la gestión municipal, algo que solo ellos pueden acordar. La Universidad de A Coruña es la dueña del estadio de atletismo que, mediante un convenio con el Ayuntamiento, permite que los clubes de la ciudad puedan hacer uso de él. El problema, el gran problema es que las restricciones que ponen en la UDC son un gran obstáculo para la correcta utilización del mismo. El convenio es de lunes a viernes y sábados por la mañana. Los sábados por la tarde y los domingos no pueden usar el estadio y desde estas pasadas Navidades, con la decisión unilateral de la Universidad, sin tener en cuenta el convenio, cerraron, quieren cerrar en determinadas épocas del año por eficiencia energética, dejando a los atletas sin un lugar para entrenar en momentos de gran relevancia para su temporada. Otro obstáculo, cuando quieren organizar una competición hay que pedir permiso a la Universidad y que la pista esté libre. Otro de los principales impedimentos es la prohibición de hacer lanzamientos o la de usar las bancadas y la sala de musculación, el gimnasio, para hacer ejercicios de fuerza.*

Semella moito, ás veces, que os clubs

*Parece mucho, a veces, que los clubes*

molestan, que están de prestado e é que, ademais dito en palabras da vicerreitora de Deportes e da súa directora deportiva, tamén para o seu desconsolo, o deporte non é unha prioridade para a Universidade. Créanme que nestes 2 últimos anos o traballo de diálogo coa Universidade para facilitarlles a vida aos nosos atletas foi incansable e continuo. Aplicando a coherencia e o sentido común poderiamos dicir que A Coruña coas súas dimensións e a imperiosa necesidade de novas instalacións deportivas para múltiples deportes non necesita un novo estadio de atletismo senón controlar a través do Concello a xestión do que xa existe, e iso é o que solicito nesta moción ademais de que se constrúa este ano un módulo cuberto que complete as necesidades do atletismo coruñés.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas. Turno para a señora Soneira.

**Señora Soneira Lema**

Grazas.

Como ben se reflexa na moción, A Coruña vén reivindicando un estadio de atletismo desde o ano 1995, cando se quitaron as pistas de Riazor prometendo o alcalde de entón a construción dun estadio. Estamos ante un incumprimento político máis prometido por varios candidatos á alcaldía, posteriormente elixidos, que vai en detrimento do deporte neste concello. A estas alturas do século XXI non é normal que unha cidade como A Coruña non teña estadio de atletismo propio. Agora que están próximas as eleccións pode ser o momento de facer a proposta, pero esta vez en serio, de

*molestan, que están de prestado y es que, además dicho en palabras de la vicerrectora de Deportes y de su directora deportiva, también para su desconsuelo, el deporte no es una prioridad para la Universidad. Créanme que en estos 2 últimos años el trabajo de diálogo con la Universidad para facilitarles la vida a nuestros atletas fue incansable y continuo. Aplicando la coherencia y el sentido común podríamos decir que A Coruña con sus dimensiones y la imperiosa necesidad de nuevas instalaciones deportivas para múltiples deportes no necesita un nuevo estadio de atletismo sino controlar a través del Ayuntamiento la gestión del que ya existe, y eso es lo que solicito en esta moción además de que se construya este año un módulo cubierto que complete las necesidades del atletismo coruñés.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias. Turno para la señora Soneira.*

***Señora Soneira Lema***

*Gracias.*

*Como bien se refleja en la moción, A Coruña lleva reivindicando un estadio de atletismo desde el año 1995, cuando se quitaron las pistas de Riazor prometiendo el alcalde de entonces la construcción de un estadio. Estamos ante un incumplimiento político más prometido por varios candidatos a la alcaldía, posteriormente elegidos, que va en detrimento del deporte en este ayuntamiento. A estas alturas del siglo XXI no es normal que una ciudad como A Coruña no tenga estadio de atletismo propio. Ahora que están próximas las elecciones puede ser el momento de hacer*

construír un estadio de atletismo que satisfaga a gran canteira de atletas que hai no noso entorno. Non pode retrasarse máis.

*la propuesta, pero esta vez en serio, de construir un estadio de atletismo que satisfaga la gran cantera de atletas que hay en nuestro entorno. No puede retrasarse más.*

Vou apoiar esta moción porque, mentres non se dispoña dun estadio de atletismo propio, a mellor opción é alcanzar un acordo coa Universidade da Coruña para xestionar o estadio de Elviña.

*Voy a apoyar esta moción porque, mientras no se disponga de un estadio de atletismo propio, la mejor opción es alcanzar un acuerdo con la Universidad de A Coruña para gestionar el estadio de Elviña.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Turno para la señora Faraldo.*

**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

*Dende que nos botaron do estadio de Riazor estamos de prestado.* Esta triste realidade do atletismo coruñés declarábaa á prensa o presidente do Club Marineda Atlético, Toto Bazán. O campo universitario de Elviña impide entrenar lanzamentos, entre outras restricións, e en Riazor perdeuse a oportunidade de ter pistas e así, un deporte estrela como o atletismo vive de prestado, como ben se dixo, e debendo favores. Descoñecemos se a boa vontade da Universidade da Coruña ao aceptar ceder as súas instalacións no Campus de Elviña mediante convenio co Concello veuse superada pola obrigatoriedade de satisfacer as súas propias necesidades ou se as restricións son froito dun celo excesivo, pero o que é un feito é que os deportistas da cidade, os nosos e as nosas atletas, ven mermada a súa posibilidade de entrenamento e práctica. Nin lanzamento de disco, nin de xabarina, nin de martelo. Ademais, os deportistas non poden usar servizos que son só para os

***Señora Faraldo Calvo***

*Gracias, señora alcaldesa.*

Desde que nos echaron del estadio de Riazor estamos de prestado. *Esta triste realidad del atletismo coruñés la declaraba a la prensa el presidente del Club Marineda Atlético, Toto Bazán. El campo universitario de Elviña impide entrenar lanzamientos, entre otras restricciones, y en Riazor se perdió la oportunidad de tener pistas y así, un deporte estrella como el atletismo vive de prestado, como bien se dijo, y debiendo favores. Desconocemos si la buena voluntad de la Universidad de A Coruña al aceptar ceder sus instalaciones en el Campus de Elviña mediante convenio con el Ayuntamiento se vio superada por la obligatoriedad de satisfacer sus propias necesidades o si las restricciones son fruto de un celo excesivo, pero lo que es un hecho es que los deportistas de la ciudad, nuestros y nuestras atletas, ven mermada su posibilidad de entrenamiento y práctica. Ni lanzamiento de disco, ni de jabalina, ni de martillo. Además, los deportistas no pueden usar servicios que son solo para los*

universitarios, como ben se dixo, como a sala de musculación ou o acceso ás gradas para facer os exercicios de forza, ou a carencia, por exemplo, de espazos suficientes para gardar o material, amontoado en caixóns nun pequeno almacén con carencia, tamén, de luz, e ademais, compartir a instalación con outros deportes, o que complica moitas veces os entrenamentos.

*universitarios, como bien se dijo, como la sala de musculación o el acceso a las gradas para hacer los ejercicios de fuerza, o la carencia, por ejemplo, de espacios suficientes para guardar el material, amontonado en cajones en un pequeño almacén con carencia, también, de luz y además, compartir la instalación con otros deportes, lo que complica muchas veces los entrenamientos.*

Votamos a favor da moción como medida provisional e solucionadora temporal dun problema que ten que ter outra resposta, o cumprimento das promesas electorais, pero, sobre todo, o compromiso cunha demanda xusta do deporte coruñés: unha instalación á altura das necesidades do atletismo na que todo o atletismo teña cabida. Unha resposta que leva esperando o seu cumprimento dende o ano 1995 no que se prometeu unha reubicación digna, un estadio para o atletismo. Ningún partido político gobernante dende entón cumpriu con esta demanda. A necesidade dun estadio onde se poidan practicar todas as especialidades con pistas abertas en módulo cuberto, con zonas para lanzadores, con ximnasio a pé de pista, con gradas para os exercicios de forza non pode ser substituída por un convenio de boa fe coa Universidade nunhas pistas a compartir con outras prácticas deportivas dos e das estudantes. Non como solución definitiva.

*Votamos a favor de la moción como medida provisional y solucionadora temporal de un problema que tiene que tener otra respuesta, el cumplimiento de las promesas electorales, pero, sobre todo, el compromiso con una demanda justa del deporte coruñés: una instalación a la altura de las necesidades del atletismo en la que todo el atletismo tenga cabida. Una respuesta que lleva esperando su cumplimiento desde el año 1995 en el que se prometió una reubicación digna, un estadio para el atletismo. Ningún partido político gobernante desde entonces cumplió con esta demanda. La necesidad de un estadio donde se puedan practicar todas las especialidades con pistas abiertas en módulo cubierto, con zonas para lanzadores, con gimnasio a pie de pista, con gradas para los ejercicios de fuerza no puede ser sustituida por un convenio de buena fe con la Universidad en unas pistas a compartir con otras prácticas deportivas de los y de las estudiantes. No como solución definitiva.*

Votamos a favor, insisto, recalcando a necesidade de que a cidade teña o seu propio estadio de atletismo á altura das necesidades actuais e así dea cumprida resposta a unha vella promesa ante unha demanda más que xusta. Grazas.

*Votamos a favor, insisto, recalcando la necesidad de que la ciudad tenga su propio estadio de atletismo a la altura de las necesidades actuales y así dé cumplida respuesta a una vieja promesa ante una demanda más que justa. Gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o BNG, señor Jorquera.

*Turno para el BNG, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas.

*Gracias.*

Un saúdo a todos e a todas.

*Un saludo a todos y a todas.*

Señora Mónica Martínez, co agarimo e o respecto que sabe que lle teño, sorpréndeme a rapidez con que vostede pasa da oposición ao Goberno e logo do Goberno á oposición. Digo isto, á parte de por algúns comentarios que fixo en algunha intervención anterior, porque menos de un mes despois de que vostede cesase como concelleira de Deportes presenta esta moción na que lembra os incumprimentos en materia de atletismo por parte do partido no Goberno do Concello da Coruña, e efectivamente, o PSdG-PSOE, no seu programa electoral de 2019, entre outras cousas propuña crear unha cidade deportiva nos terreos na Fábrica de Armas, compatible coa Cidade das TIC, que incluíse un estadio de atletismo, e desta promesa, como di o refrán castelán, *se te vin non lembro*.

*Señora Mónica Martínez, con el cariño y el respeto que sabe que le tengo, me sorprende la rapidez con que usted pasa de la oposición al Gobierno y luego del Gobierno a la oposición. Digo esto, aparte de por algunos comentarios que hizo en alguna intervención anterior, porque menos de un mes después de que usted cesara como concejala de Deportes presenta esta moción en la que recuerda los incumplimientos en materia de atletismo por parte del partido en el Gobierno del Ayuntamiento de A Coruña, y efectivamente, el PSdG-PSOE, en su programa electoral de 2019, entre otras cosas proponía crear una ciudad deportiva en los terrenos en la Fábrica de Armas, compatible con la Ciudad de las TIC, que incluyera un estadio de atletismo, y de esta promesa, como dice el refrán castellano,* si te he visto no me acuerdo.

Coincidimos na necesidade de abordar o problema de fondo que motiva esta moción: las dificultades dos clubs e dos atletas da nosa cidade para poder adestrar, incluso competir, sen ter que sortear numerosos obstáculos, un problema que arrinca da reforma do estadio de Riazor de 1995. Son deportivista, todos estamos de acordo na importancia social do Deportivo, o Deportivo é un dos principais referentes da nosa cidade, mais o certo é que se reformou un estadio municipal pensando só nas necesidades e nos intereses do Deportivo e os atletas foron os grandes prexudicados. Agardo que os problemas que isto xerou se teñan en conta á hora de considerar futuras novas reformas do estadio. Cal é o

*Coincidimos en la necesidad de abordar el problema de fondo que motiva esta moción: las dificultades de los clubes y de los atletas de nuestra ciudad para poder entrenar, incluso competir, sin tener que sortear numerosos obstáculos, un problema que arranca de la reforma del estadio de Riazor de 1995. Soy deportivista, todos estamos de acuerdo en la importancia social del Deportivo, el Deportivo es uno de los principales referentes de nuestra ciudad, pero lo cierto es que se reformó un estadio municipal pensando solo en las necesidades y en los intereses del Deportivo y los atletas fueron los grandes perjudicados. Espero que los problemas que esto generó se tengan en cuenta a la hora de considerar futuras*

problema? O problema é que na súa moción vostede parece desbotar a posibilidade de que haxa un estadio municipal de atletismo, propoñendo que o Concello asuma a xestión e, incluso, a titularidade do estadio de atletismo de Elviña. Incluso razoa, aludindo, entre outros motivos, a que esta opción tería un menor custo económico, pero para que así sexa ten que estar de acordo o titular da instalación que é a Universidade da Coruña, e non se se vostede, no tempo que exerceu como concelleira delegada de Deportes puido constatar que por parte da Universidade existe esa disposición para a cesión da titularidade ou, cando menos, a cesión da xestión da instalación, porque o certo é que as universidades acostuman a ter estadios universitarios. Mais en calquera caso, como na parte dispositiva da moción o que se fai é simplemente instar ao Goberno municipal para que procure un acordo de xestión coa UDC que permita optimizar o uso do estadio de atletismo do Campus de Elviña, imos votar a favor da moción e cremos que a emenda aceptada que presentou o Partido Popular, ademais, a complementa.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señor Lema.

**Señor Lema Suárez**

Ben, moitas grazas.

Nós tamén pensabamos dicir que é unha mágoa que esta moción non fose posta en marcha durante o período no que dona Mónica Martínez ostentaba o cargo de

*nuevas reformas del estadio. ¿Cuál es el problema? El problema es que en su moción usted parece descartar la posibilidad de que haya un estadio municipal de atletismo, proponiendo que el Ayuntamiento asuma la gestión e, incluso, la titularidad del estadio de atletismo de Elviña. Incluso razona, aludiendo, entre otros motivos, a que esta opción tendría un menor coste económico, pero para que así sea tiene que estar de acuerdo el titular de la instalación que es la Universidad de A Coruña, y no sé si usted, en el tiempo que ejerció como concejala delegada de Deportes pudo constatar que por parte de la Universidad existe esa disposición para la cesión de la titularidad o, cuando menos, la cesión de la gestión de la instalación, porque lo cierto es que las universidades acostumbran a tener estadios universitarios. Pero en cualquier caso, como en la parte dispositiva de la moción lo que se hace es simplemente instar al Gobierno municipal para que procure un acuerdo de gestión con la UDC que permita optimizar el uso del estadio de atletismo del Campus de Elviña, vamos a votar a favor de la moción y creemos que la enmienda aceptada que presentó el Partido Popular, además, la complementa.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la Marea Atlántica, señor Lema.*

***Señor Lema Suárez***

*Bien, muchas gracias.*

*Nosotros también pensábamos decir que es una lástima que esta moción no fuera puesta en marcha durante el período en el que doña Mónica Martínez ostentaba el*

titular de concelleira de Deportes. Entendemos que, pola súa natureza, o que esixe é unha relación directa entre a Alcaldía e o equipo rectoral da UDC. Aquí do que estamos falando é deste tipo de negociacións que pensamos que ás veces dan bo resultado para que, finalmente, poidamos optimizar un recurso como é este estadio de Elviña.

*cargo de titular de concejala de Deportes. Entendemos que, por su naturaleza, lo que exige es una relación directa entre la Alcaldía y el equipo rectoral de la UDC. Aquí de lo que estamos hablando es de este tipo de negociaciones que pensamos que a veces dan buen resultado para que, finalmente, podamos optimizar un recurso como es este estadio de Elviña.*

Nós compartimos tamén o fondo do asunto. Somos unha cidade cun gran potencial para albergar competicións deportivas. Este non é un factor unicamente que teña que ver co autocoidado e coa saúde senón tamén co que é un factor de atracción de visitantes, un factor, polo tanto, tamén turístico e económico.

*Nosotros compartimos también el fondo del asunto. Somos una ciudad con un gran potencial para albergar competiciones deportivas. Este no es un factor únicamente que tenga que ver con el autocuidado y con la salud sino también con el que es un factor de atracción de visitantes, un factor, por lo tanto, también turístico y económico.*

A nós interésannos varias cuestións que pon de manifesto esta moción da concelleira dona Mónica Martínez, entre elas unha clara, que xa falamos antes dela, que é o incumprimento do programa electoral do Partido Socialista. Neste sentido quero recordar algunhas cuestións que quedan pendentes.

*A nosotros nos interesan varias cuestiones que pone de manifiesto esta moción de la concejala doña Mónica Martínez, entre ellas una clara, que ya hablamos antes de ella, que es el incumplimiento del programa electoral del Partido Socialista. En este sentido quiero recordar algunas cuestiones que quedan pendientes.*

Que foi, por exemplo, da promoción de vivenda pública desde Emvsa, do observatorio para o seguimento do prezo dos alugueres, do rexistro de soares e edificios en ruínas, do fomento de novas tipoloxías de vivenda, do distrito universitario dos Mallos, da liberación de solo propiedade de Defensa, dos edificios tutelados para a súa rehabilitación, das áreas de rehabilitación específica, dos proxectos de eco-barrios, do ente público para xestionar os trens portuarios, da reordenación dos terreos portuarios, dos estudos de espazo público que falamos antes?

*¿Qué fue, por ejemplo, de la promoción de vivienda pública desde Emvsa, del observatorio para el seguimiento del precio de los alquileres, del registro de solares y edificios en ruinas, del fomento de nuevas tipologías de vivienda, del distrito universitario de los Mallos, de la liberación de suelo propiedad de Defensa, de los edificios tutelados para su rehabilitación, de las áreas de rehabilitación específica, de los proyectos de eco-barrios, del ente público para gestionar los trenes portuarios, de la reordenación de los terrenos portuarios, de los estudios de espacio público que hablamos antes?*

Onde está o plan de mobilidade e espazo público desenvolto pola Axencia de

*¿Dónde está el plan de movilidad y espacio público desarrollado por la Agencia de*

Ecoloxía Urbana, a reordenación das liñas de autobús, os novos carril-bus, a optimización da conexión da cidade co aeroporto de Alvedro, os abonos mensuais para os usuarios do bus, a empresa eléctrica municipal, o parque de Monte Alto, a estratexia para un consumo responsable da auga, a estratexia municipal para combater o cambio climático, o plan municipal de calidade do aire?

*Ecología Urbana, la reordenación de las líneas de autobús, los nuevos carril-bus, la optimización de la conexión de la ciudad con el aeropuerto de Alvedro, los abonos mensuales para los usuarios del bus, la empresa eléctrica municipal, el parque de Monte Alto, la estrategia para un consumo responsable del agua, la estrategia municipal para combatir el cambio climático, el plan municipal de calidad del aire?*

Que foi do plan de alumeado municipal, da marca Coruña Verde, da rede de sendas peonís urbanas, do parque urbano Penamoa-Bens, da rede de alerta ambiental municipal, da nova ordenanza de benestar animal, da revitalización dos parques industriais, da app para facilitar a compra nos mercados municipais, da reforma do mercado de Monte Alto e Santa Lucía, da comunicación entre o mercado de San Agustín e a rúa Panaderas, do plan de sinalética das zonas comerciais, dos novos viveiros de empresas, do plan de relevo xeracional das empresas, da ventanilla única para atender aos emprendedores, da zona franca da Coruña, da estratexia de emprego para A Coruña, do observatorio de emprego, das axudas ás contratacións das ONGs, da rede wifi municipal, do famoso ferri entre A Coruña e Irlanda, do evento sobre a cascarilla de cacao —non hai que esquecelo—, do incremento de rutas e frecuencias desde Alvedro —hoxe están anunciando algunhas, espero que isto contribúa en algo pero sospeito que imos quedar aínda moi lonxe de onde o deixamos—, da nova marca turística para A Coruña, do observatorio de igualdade, da rede de mentoras, do premio de igualdade, da web Coruña Diversa, do centro de estudos LGTB, da estratexia contra o paro xuvenil, do Consello da Xuventude da Coruña, do albergue xuvenil, das axudas para o acceso á vivenda da mocidade, do regulamento

*¿Qué fue del plan de alumbrado municipal, de la marca Coruña Verde, de la red de sendas peatonales urbanas, del parque urbano Penamoa-Bens, de la red de alerta ambiental municipal, de la nueva ordenanza de bienestar animal, de la revitalización de los parques industriales, de la app para facilitar la compra en los mercados municipales, de la reforma del mercado de Monte Alto y Santa Lucía, de la comunicación entre el mercado de San Agustín y la calle Panaderas, del plan de señalética de las zonas comerciales, de los nuevos viveros de empresas, del plan de relevo generacional de las empresas, de la ventanilla única para atender a los emprendedores, de la zona franca de A Coruña, de la estrategia de empleo para Coruña, del observatorio de empleo, de las ayudas a las contrataciones de las ONGs, de la red wifi municipal, del famoso ferri entre A Coruña e Irlanda, del evento sobre la cascarilla de cacao —no hay que olvidarlo—, del incremento de rutas y frecuencias desde Alvedro —hoy están anunciando algunas, espero que esto contribuya en algo pero sospecho que vamos a quedarnos aún muy lejos de donde lo dejamos—, de la nueva marca turística para A Coruña, del observatorio de igualdad, de la red de mentoras, del premio de igualdad, de la web Coruña Diversa, del centro de estudios LGTB, de la estrategia contra el paro juvenil, del Consejo de la Juventud de A Coruña, del albergue juvenil, de las ayudas para el*

para limitar as casas de apostas no contorno dos colexios, do impulso aos centros de FP, do traslado da Escola Municipal de Música, da Univercity, do proxecto Lembranzas do Porto, da noite máxica para a música en primavera, do plan integral do sector audiovisual, da Coruña Film Comission, do plan de dinamización das casas museo, do Consello Municipal de Memoria Histórica desactivado o Consello da Memoria Democrática, do centro para a memoria histórica na casa museo Casares Quiroga, do observatorio social da Coruña, do clúster socio-sanitario da Coruña —felizmente non empregado, non posto en marcha— da erradicación total do chabolismo, da casa da raqueta, do trofeo Cidade da Coruña de natación, da celebración descentralizada dos plenos, do consello municipal de solidariedade e cooperación, do novo regulamento municipal de participación ou da oficina cidadá?

Estamos agora no momento no que toca empezar a facer balance. Onde está todo aquelo que o Goberno do PSOE prometía no ano 2019? que parecía que iamos por fin a asistir a unha **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —xa remato— a unha especie como de chegada do supermán da xestión pero, á vista dos deberes que se puxeron vostedes a si mesmos, pois o certo é que o balance é máis ben moi pobre.

Nada máis e grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Lema.

Turno para o Partido Popular, señor García.

*acceso a la vivienda de la juventud, del reglamento para limitar las casas de apuestas en el entorno de los colegios, del impulso a los centros de FP, del traslado de la Escuela Municipal de Música, de la Univercity, del proyecto Recuerdos del Puerto, de la noche mágica para la música en primavera, del plan integral del sector audiovisual, de A Coruña Film Comission, del plan de dinamización de las casas museo, del Consejo Municipal de Memoria Histórica desactivado el Consejo de la Memoria Democrática, del centro para la memoria histórica en la casa museo Casares Quiroga, del observatorio social de A Coruña, del clúster socio-sanitario de A Coruña —felizmente no empleado, no puesto en marcha— de la erradicación total del chabolismo, de la casa de la raqueta, del trofeo Ciudad de A Coruña de natación, de la celebración descentralizada de los plenos, del consejo municipal de solidaridad y cooperación, del nuevo reglamento municipal de participación o de la oficina ciudadana?*

*Estamos ahora en el momento en el que toca empezar a hacer balance ¿Dónde está todo aquello que el Gobierno del PSOE prometía en el año 2019? que parecía que íbamos por fin a asistir a una **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —ya finalizo— a una especie como de llegada del supermán de la gestión pero, a la vista de los deberes que se pusieron ustedes a sí mismos, pues lo cierto es que el balance es más bien muy pobre.*

*Nada más y gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Lema.*

*Turno para el Partido Popular, señor García.*

***Señor García Fernández***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Permítanme a expresión, estou alucinando hoxe, alucinando. Non polo contido da moción, coa que estamos totalmente de acordo, señora Martínez. É unha moción que é un reflexo da forma de gobernar de Inés Rey. Un líder nunca deixa a unha cidade como Coruña que sufra esta situación de debilidade. Explícome. Vostede, señora Martínez, dispoñía dunhas competencias en materia de Deporte inigualables para facer o que quería, ou iso presupoñíase, e asumiu o 100 % do programa do PSOE. Pois ben, agora tráenos unha moción na que insta o Goberno a que levemos o que levamos demandando este grupo en diversas comisións informativas, en diversas preguntas orais, en diversas preguntas escritas e en reiteradas ocasións. Entón, a pregunta é que fixo vostede tamén ata a data, co maior orzamento que tivemos. Por que esta valentía que ten hoxe non llo dixo á señora alcaldesa ou ao grupo de goberno. Ou é que a alcaldesa lle negou calquera tipo de acción de goberno? Polo falado hoxe creo que van máis por aí os tiros.*

*E doutra banda, a lectura desta moción, pois, o Goberno de Inés Rey está descomposto, verdade? Acórdase, señora Sobral? Acordábame do coche escoba? Isto é un camión escoba, o que teñen vostedes que hai que retirar.*

*Pódeme dicir, señora alcaldesa, que tipo de coordinación teñen vostedes? Existe comunicación entre concellerías? Sabemos que non. Sabe, señora alcaldesa, que está a fallar e faltando ao respecto aos atletas? Como explicará ao tecido deportivo que non poderá atender as súas demandas diarias? Están a*

**Señor García Fernández**

Gracias, señora alcaldesa.

Permítanme la expresión, estoy flipando hoy, flipando. No por el contenido de la moción, con la que estamos totalmente de acuerdo, señora Martínez. Es una moción que es un reflejo de la forma de gobernar de Inés Rey. Un líder nunca deja a una ciudad como Coruña que sufra esta situación de debilidad. Me explico. Usted, señora Martínez, disponía de unas competencias en materia de Deporte inigualables para hacer lo que quería, o eso se presuponía, y asumió el 100 % del programa del PSOE. Pues bien, ahora nos trae una moción en la que insta al Gobierno a que llevemos lo que llevamos demandando este grupo en diversas comisiones informativas, en diversas preguntas orales, en diversas preguntas escritas y en reiteradas ocasiones. Entonces, la pregunta es qué ha hecho usted también hasta la fecha, con el mayor presupuesto que hemos tenido. Por qué esta valentía que tiene hoy no se lo ha dicho a la señora alcaldesa o al grupo de gobierno. ¿O es que la alcaldesa le ha negado cualquier tipo de acción de gobierno? Por lo hablado hoy creo que van más por ahí los tiros.

Y por otro lado, la lectura de esta moción, pues, el Gobierno de Inés Rey está descompuesto, ¿verdad? ¿Se acuerda, señora Sobral? Me acordaba del coche escoba. Esto es un camión escoba, lo que tienen ustedes que hay que retirar.

¿Me puede decir, señora alcaldesa, qué tipo de coordinación tienen ustedes? ¿Existe comunicación entre concejalías? Sabemos que no. ¿Sabe, señora alcaldesa, que está fallando y faltando al respeto a los atletas? ¿Cómo explicará al tejido deportivo que no podrá atender sus demandas diarias? Nos están llamando las entidades deportivas

*chamarnos as entidades deportivas porque a día de hoxe non saben con quen teñen que contactar. Que débiles son, que debilidade de xestión, señora alcaldesa, e o verdadeiramente penoso e triste de todo isto non é a súa incapacidade para xestionar os problemas e solucionalos, o que me produce máis tristeza sabe o que é? É a impotencia que traslada ás entidades deportivas, que están cansadas de ter xa tres concelleiros. Impotencia os que de verdade dispoñemos dun programa deportivo, impotencia os que de verdade sentimos o deporte como unha forma de vida, aos que de verdade cremos que o deporte é moito máis que sacarse unha foto cun club ou ir correr unha carreira popular, aos que cremos que o deporte é estar a realizar xestión deportiva dunha maneira profesional, e é estar coas entidades para solucionar os seus problemas. Para todos eles, os que cremos no deporte con maiúsculas, é unha verdadeira impotencia, pero non se preocupen, a xente do deporte somos loitadores, sabemos loitar contra gobernos que non cren na actividade física e no deporte. Esta situación de interinidade, de desconcerto do Goberno de Inés Rey é un insulto ao conxunto do noso tecido deportivo para cada un dos nosos deportistas, para cada unha das nosas familias que fan un esforzo inmenso todos os meses cos seus nenos e para todas esas persoas que están detrás das entidades todos os días do ano choiando sen parar, choiando, para que con poucos recursos saquen adiante a súa actividade deportiva.*

*En todo caso, a nosa posición nesta moción é a que vimos reclamando sempre, desde o minuto un e con criterio. En primeiro lugar, que toda persoa e, sobre todo, se é político, ten que cumprir, como dicía a señora Martínez, a promesa que fai ante o cidadán, que cumpra o programa electoral. Segundo, que*

porque a día de hoy no saben con quién tienen que contactar. Qué débiles son, qué debilidad de gestión, señora alcaldesa, y lo verdaderamente penoso y triste de todo esto no es su incapacidad para gestionar los problemas y solucionarlos, lo que me produce más tristeza ¿sabe lo que es? Es la impotencia que traslada a las entidades deportivas, que están cansadas de tener ya tres concejales. Impotencia los que de verdad disponemos de un programa deportivo, impotencia los que de verdad sentimos el deporte como una forma de vida, a los que de verdad creemos que el deporte es mucho más que sacarse una foto con un club o ir a correr una carrera popular, a los que creemos que el deporte es estar realizando gestión deportiva de una manera profesional, y es estar con las entidades para solucionar sus problemas. Para todos ellos, los que creemos en el deporte con mayúsculas, es una verdadera impotencia, pero no se preocupen, la gente del deporte somos luchadores, sabemos luchar contra gobiernos que no creen en la actividad física y en el deporte. Esta situación de interinidad, de desconcierto del Gobierno de Inés Rey es un insulto al conjunto de nuestro tejido deportivo para cada uno de nuestros deportistas, para cada una de nuestras familias que hacen un esfuerzo inmenso todos los meses con sus niños y para todas esas personas que están detrás de las entidades todos los días del año currando sin parar, currando, para que con pocos recursos saquen adelante su actividad deportiva.

En todo caso, nuestra posición en esta moción es la que venimos reclamando siempre, desde el minuto uno y con criterio. En primer lugar, que toda persona y, sobre todo, si es político, tiene que cumplir, como decía la señora Martínez, la promesa que hace ante el ciudadano, que cumpla el programa electoral. Segundo,

*xestionen esta cidade, non sexan mediocres, con accións que só se fan con vontade e se non, pregunten, que non pasa nada. E en terceiro lugar, esta moción que este grupo quere recoller, é o compromiso deste goberno que, mentres que non executen unhas pistas municipais de atletismo e de lanzamentos, se adquira o compromiso de dotar partida orzamentaria neste exercicio para realizar un proxecto dun módulo cuberto de atletismo nesta cidade.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor García.

Turno para o Goberno, señor Lage.

Por favor, garden silencio os concelleiros e as concelleiras mentres están a falar, mesmo os do seu propio grupo. Garden silencio.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa.

Señora Martínez, grazas pola proposta que achega ao Pleno. Sorría porque vía moito balbordo nas filas do Partido Popular. Señor García, despois xa llo comento en máis detalle pero estábase saíndo do guión e é normal que miraran para atrás, para reconvilo ás instrucións que lle deran, pero vostede é un pouco revoltoso e aínda quere seguir facendo as súas cousiñas. En fin, o que se diría en termos de marcar territorio. Foi moi evidente.

Bueno, vamos co asunto que ten a seriedade... o asunto ten relevancia. A moción sitúa o marco de debate nas necesidades que ten o atletismo na cidade, o deporte en xeral pero o

que gestionen esta ciudad, no sean mediocres, con acciones que solo se hacen con voluntad y si no, pregunten, que no pasa nada. Y en tercer lugar, esta moción que este grupo quiere recoger, es el compromiso de este gobierno que, mientras que no ejecuten unas pistas municipales de atletismo y de lanzamientos, se adquiera el compromiso de dotar partida presupuestaria en este ejercicio para realizar un proyecto de un módulo cubierto de atletismo en esta ciudad.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor García.*

*Turno para el Gobierno, señor Lage.*

*Por favor, guarden silencio los concejales y las concejalas mientras están hablando, incluso los de su propio grupo. Guarden silencio.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Señora Martínez, gracias por la propuesta que trae al Pleno. Sonreía porque veía mucho revuelo en las filas del Partido Popular. Señor García, después ya se lo comento en más detalle pero se estaba saliendo del guion y es normal que mirasen para atrás, para abroncarlo a las instrucciones que le habían dado, pero usted es un poco revoltoso y aún quiere seguir haciendo sus cositas. En fin, lo que se diría en términos de marcar territorio. Fue muy evidente.*

*Bueno, vamos con el asunto que tiene la seriedad... el asunto tiene relevancia. La moción sitúa el marco de debate en las necesidades que tiene el atletismo en la ciudad, el deporte en general pero el*

atletismo neste caso que, como ben apuntaba a señora Martínez na súa moción, pois hai unha demanda de máis espazos, dunha mellor xestión das instalacións existentes e creo que é facilmente compartible a reflexión.

É certo que ao longo de todo o mandato se traballou, e o fixo tamén a señora Martínez, para intentar ter a mellor xestión posible neste terreo, tamén o anterior concelleiro de Deportes, o señor Borrego, ámbolos dous traballaron con esforzo nesa dirección, púxose de manifesto algunha das dificultades e axustes que son necesarios facer e o que lle podo dicir é que o Goberno municipal vai seguir na liña de traballo que xa viña facendo, neste caso a propia señora Martínez, que era a concelleira de Deportes, como tamén o concelleiro que a precedeu. Neste caso as competencias recaen na Alcaldía.

É certo que non solo se vai traballar nese sentido, senón que se vai abrir unha vía de diálogo máis intensa coa propia Universidade. Aquí o que se formula é que se busque un acordo que mellore a xestión do estadio de atletismo de Elviña para que se poida dispor, non sei se na súa totalidade, pero desde logo con moitas máis posibilidades das que hai ata o de agora, das que se conseguiron ata o de agora nestes tres anos e medio e poder quitarlle proveito. Creo que é facilmente compartible a moción. Vai a contar, como non pode ser doutra maneira, co noso respaldo e creo que todo o que fagamos para mellorar a situación dos clubs deportivos, creo que benvido sexa. Polo tanto, vamos a traballar todos nesa dirección.

Señor García, diríxome a vostede porque fixo unha serie de alusións, non estas que teñen que ver co, digamos, co Got Talent, nin con estas cousiñas propias de

*atletismo en este caso que, como bien apuntaba la señora Martínez en su moción, pues hay una demanda de más espacios, de una mejor gestión de las instalaciones existentes y creo que es fácilmente compartible la reflexión.*

*Es cierto que a lo largo de todo el mandato se trabajó, y lo hizo también la señora Martínez, para intentar tener la mejor gestión posible en este terreno, también el anterior concejal de Deportes, el señor Borrego, ambos trabajaron con esfuerzo en esa dirección, se puso de manifiesto alguna de las dificultades y ajustes que son necesarios hacer y lo que le puedo decir es que el Gobierno municipal va a seguir en la línea de trabajo que ya venía haciendo, en este caso la propia señora Martínez, que era la concejala de Deportes, como también el concejal que la precedió. En este caso las competencias recaen en la Alcaldía.*

*Es cierto que no solo se va a trabajar en ese sentido, sino que se va a abrir una vía de diálogo más intensa con la propia Universidad. Aquí lo que se formula es que se busque un acuerdo que mejore la gestión del estadio de atletismo de Elviña para que se pueda disponer, no sé si en su totalidad, pero desde luego con muchas más posibilidades de las que hay hasta ahora, de las que se consiguieron hasta ahora en estos tres años y medio y poder sacarle provecho. Creo que es fácilmente compartible la moción. Va a contar, como no puede ser de otra manera, con nuestro respaldo y creo que todo lo que hagamos para mejorar la situación de los clubes deportivos, creo que bienvenido sea. Por lo tanto, vamos a trabajar todos en esa dirección.*

*Señor García, me dirijo a usted porque hizo una serie de alusiones, no estas que tienen que ver con el, digamos, con el Got Talent, ni con estas cositas propias de*

Está moi claro que o problema que se trata de resolver con esta moción é tan simple como volver á situación que se tiña antes da pandemia da COVID-19, que non ten, a simple vista, prexuízo para ninguén e si un gran beneficio para os veciños e veciñas deste Concello, principalmente da Agra do Orzán. Por iso, o meu voto vai ser favorable.

*Está muy claro que el problema que se trata de resolver con esta moción es tan simple como volver a la situación que se tenía antes de la pandemia de la COVID-19, que no tiene, a simple vista, perjuicio para nadie y sí un gran beneficio para los vecinos y vecinas de este Ayuntamiento, principalmente del Agra do Orzán. Por eso, mi voto va a ser favorable.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Señora Faraldo, o seu turno.

*Señora Faraldo, su turno.*

**Ás trece horas e cincuenta e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

***A las trece horas y cincuenta y nueve minutos sale del Salón de sesiones el señor Jorquera Caselas.***

**Señora Faraldo Calvo**

***Señora Faraldo Calvo***

Grazas.

*Gracias.*

Esta moción recolle unha vella petición que conta con tanta veciñanza, non só afectada, senón solicitante da mesma. Tal e como recolle, este barrio ten unha alta densidade e, pola contra, pouquísimas zonas verdes e libres. Ademais estamos a falar dunha zona de crecemento e expansión dos anos 70, onde a concentración das construcións para acoller a xente que viña a traballar á

*Esta moción recoge una vieja petición que cuenta con tanta vecindad, no solo afectada, sino solicitante de la misma. Tal y como recoge, este barrio tiene una alta densidad y, por el contrario, poquísimas zonas verdes y libres. Además estamos hablando de una zona de crecimiento y expansión de los años 70, donde la concentración de las construcciones para acoger a la gente que venía a trabajar a la*

cidade fixo do barrio un barrio de altísima concentración demográfica, tal e como segue sendo na actualidade. Por iso, as zonas de esparcemento e de lecer son máis demandadas e precisan dunha actuación municipal máis áxil, onde o Concello se involucre con rigor máis alá das palabras, pasando con resolución ás obras.

*ciudad hizo del barrio un barrio de altísima concentración demográfica, tal y como sigue siendo en la actualidad. Por eso, las zonas de esparcimiento y de ocio son más demandadas y necesitan una actuación municipal más ágil, donde el Ayuntamiento se involucre con rigor más allá de las palabras, pasando con resolución a las obras.*

**Ás catorce horas saen do Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres e a señora Soneira Lema.**

***A las catorce horas salen del Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres y la señora Soneira Lema.***

De feito, a moción sería máis precisa se esixise simplemente o cumprimento do aprobado por unanimidade en xuño do ano pasado, cando houbo o compromiso de facer no Observatorio unha gran zona verde con parque público, ou se pedise cumprir coa propia Axenda Urbana 20-30 da Coruña, na que se fai referencia á mellora do parque do Observatorio para darlle calidade ambiental ao barrio da Agra. Agora se insiste en aprobar un novo acordo, cando o que procede sería, simplemente —entendo— insistir nos cumprimentos dos acordos aprobados.

*De hecho, la moción sería más precisa si exigiera simplemente el cumplimiento de lo aprobado por unanimidad en junio del año pasado, cuando hubo el compromiso de hacer en el Observatorio una gran zona verde con parque público, o se pidiera cumplir con la propia Agenda Urbana 20-30 de A Coruña, en la que se hace referencia a la mejora del parque del Observatorio para darle calidad ambiental al barrio del Agra. Ahora se insiste en aprobar un nuevo acuerdo, cuando lo que procede sería, simplemente —entiendo— insistir en los cumplimientos de los acuerdos aprobados.*

En todo caso, vaia por diante o voto a favor.

*En todo caso, vaya por delante el voto a favor.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas gracias.

*Muchas gracias.*

Señora Martínez, o seu turno.

*Señora Martínez, su turno.*

**<u>Señora Martínez Lema</u>**

***<u>Señora Martínez Lema</u>***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Velaquí temos unha proba de que da pandemia non saímos mellores. Como pode ser que, tralo que pasamos, non fagamos todo o posible por recuperar un espazo verde onde a xente poida desfrutar

*He aquí una prueba de que de la pandemia no hemos salido mejores ¿Cómo puede ser que, tras lo que hemos pasado, no hagamos todo lo posible por recuperar un espacio verde donde la gente pueda disfrutar al*

ao aire libre?

*aire libre?*

**Ás catorce horas e un minuto sae do Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.**

***A las catorce horas y un minuto sale del Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.***

A Organización Mundial da Saúde recomenda que haxa un espazo verde a lo menos a 300 metros en liña recta de cada domicilio. Unha orientación que de cumprirse podería aforrar 43.000 mortes prematuras ao ano en Europa. Aquí témolo pechado con datos de superdensidade: 29.000 persoas, máis ou menos, en catro quilómetros cadrados. Case 7.000 persoas por cada quilómetro cadrado.

*La Organización Mundial de la Salud recomienda que haya un espacio verde por lo menos a 300 metros en línea recta de cada domicilio. Una orientación que de cumplirse podría ahorrar 43.000 muertes prematuras al año en Europa. Aquí lo tenemos cerrado con datos de superdensidad: 29.000 personas, más o menos, en cuatro kilómetros cuadrados. Casi 7.000 personas por cada kilómetro cuadrado.*

Os veciños da Agra teñen dereito a ese espazo e este goberno ten a obriga de devolverllo.

*Los vecinos del Agra tienen derecho a ese espacio y este gobierno tiene el deber de devolvérselo.*

O meu voto é a favor.

*Mi voto es a favor.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Pola Marea, señora García.

*Por la Marea, señora García.*

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si. Moitas grazas.

*Sí. Muchas gracias.*

**Ás catorce horas e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.**

***A las catorce horas y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.***

Na Agra do Orzán viven máis de 29.000 persoas en menos de 32 hectáreas e iso dá unha elevadísima densidade de poboación, próxima a 689 habitantes por hectárea, que non só é a maior da Coruña, senón que é unha das máis elevadas de Europa. Densidade de poboación que se organiza en edificios de 5 a 7 alturas no centro do barrio, pero que chegan a ser ata 15 alturas nas avenidas principais: a rolda

*En el Agra do Orzán viven más de 29.000 personas en menos de 32 hectáreas y eso da una elevadísima densidad de población, próxima a 689 habitantes por hectárea, que no solo es la mayor de A Coruña, sino que es una de las más elevadas de Europa. Densidad de población que se organiza en edificios de 5 a 7 alturas en el centro del barrio, pero que llegan a ser hasta 15 alturas en las avenidas principales: la*

de Nelle e a rolda de Outeiro.

Con esta edificabilidade hai que lamentar que os únicos espazos públicos sexan a rúa Barcelona, peonil dende xa hai uns anos, e a praza das Conchiñas, que antes era verde, agora xa non o é, pero que dan un resultado de que cada metro cadrado de espazo público na Agra do Orzán debe ser compartido por tres habitantes deste barrio, xa pensando que non reciban visitas.

Neste contexto, a área ocupada polo parque do Observatorio é unha esperanza de contar cun espazo público de calidade e unha zona verde que se necesita como auga de maio. Desgraciadamente, a área está afectada por previsións urbanísticas da época de Paco Vázquez, que ocupan o único espazo libre do barrio máis denso da cidade con bloques residenciais de alta densidade. Algo parecido acontece en San Pedro de Visma, en Asteleiros Valiña ou na parcela das Percebeiras.

O Partido Socialista en 2020 presentou unha proposta de ordenación do ámbito que non foi consensuada con ninguén nesta corporación e tampouco coa veciñanza do barrio, e que mantiña gran parte da edificabilidade prevista na área do Observatorio. Dende aquela proposta de 2020 nada máis ocorreu ata a negociación orzamentaria de 2022, onde a Marea Atlántica propuxo ao Goberno local mellorar as condicións da zona verde no parque da Agra, na zona do Observatorio, investindo se facía falta. Xa diximos que se nos parecía un absurdo investir 15 millóns de euros de fondos municipais en adquirir —simplemente mercar— os terreos portuarios de Batería e Calvo Sotelo —15 millóns de euros municipais mais cinco da Xunta de Galicia, sen mover a primeira pedra—, había outras

*ronda de Nelle y la ronda de Outeiro.*

*Con esta edificabilidad hay que lamentar que los únicos espacios públicos sean la calle Barcelona, peatonal desde ya hace unos años, y la plaza de las Conchiñas, que antes era verde, ahora ya no lo es, pero que dan un resultado de que cada metro cuadrado de espacio público en el Agra do Orzán debe ser compartido por tres habitantes de este barrio, ya pensando que no reciban visitas.*

*En este contexto, el área ocupada por el parque del Observatorio es una esperanza de contar con un espacio público de calidad y una zona verde que se necesita como agua de mayo. Desgraciadamente, el área está afectada por previsiones urbanísticas de la época de Paco Vázquez, que ocupan el único espacio libre del barrio más denso de la ciudad con bloques residenciales de alta densidad. Algo parecido ocurre en San Pedro de Visma, en Astilleros Valiña o en la parcela de las Percebeiras.*

*El Partido Socialista en 2020 presentó una propuesta de ordenación del ámbito que no fue consensuada con nadie en esta corporación y tampoco con el vecindario del barrio, y que mantenía gran parte de la edificabilidad prevista en el área del Observatorio. Desde aquella propuesta de 2020 nada más ocurrió hasta la negociación presupuestaria de 2022, donde la Marea Atlántica propuso al Gobierno local mejorar las condiciones de la zona verde en el parque del Agra, en la zona del Observatorio, invirtiendo si hacía falta. Ya hemos dicho que si nos parecía un absurdo invertir 15 millones de euros de fondos municipales en adquirir —simplemente comprar— los terrenos portuarios de Batería y Calvo Sotelo —15 millones de euros municipales más cinco de la Xunta de Galicia, sin mover la primera piedra—, había otras necesidades*

necesidades dos barrios, como é o parque do Observatorio, onde podía ter moitísimo máis sentido un investimento desas características.

*de los barrios, como es el parque del Observatorio, donde podía tener muchísimo más sentido una inversión de esas características.*

Temos que lembrar que a superficie verde actual rolda os 13.000 metros, dos cales moitos son impracticables para as persoas pola súa forte pendente. Para que teñamos unha relación, o parque de Santa Margarita son 53.000 metros cadrados e o parque de Eirís arredor duns 80.000. A moción recolle unha proposta de mínimos, que efectivamente é abrir as portas do parque do Observatorio a través dunha negociación con Ministerio de Transición Ecolóxica —abrir as portas, tirar os muros— e sería un moi interesante punto de partida para contar cunha zona verde en condicións, á espera dunha solución urbanística que debería mirarse con ollada ampla e con ambición.

*Tenemos que recordar que la superficie verde actual ronda los 13.000 metros, de los cuales muchos son impracticables para las personas por su fuerte pendiente. Para que tengamos una relación, el parque de Santa Margarita son 53.000 metros cuadrados y el parque de Eirís alrededor de unos 80.000. La moción recoge una propuesta de mínimos, que efectivamente es abrir las puertas del parque del Observatorio a través de una negociación con Ministerio de Transición Ecológica —abrir las puertas, tirar los muros— y sería un muy interesante punto de partida para contar con una zona verde en condiciones, a la espera de una solución urbanística que debería contemplarse con mirada amplia y con ambición.*

Unha ambición moito máis necesaria se se consolidan os plans previstos para San Pedro de Visma, que volven a urbanizar unha das escasísimas zonas verdes desa área. Unha vez máis, cun urbanismo obsoleto (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) herdado —perdón—, herdado de gobernos socialistas anteriores e que mesmo pretende suprimir o outro espazo verde de elevadísima necesidade, e moi querido no barrio, que son as eco-hortas da zona do Ágora. Entonces, se esta cuestión agora mesmo é necesaria, vólvese acuciante se se materializan uns plans que, igualmente, o Goberno local debería tentar corrixir.

*Una ambición mucho más necesaria si se consolidan los planes previstos para San Pedro de Visma, que vuelven a urbanizar una de las escasísimas zonas verdes de esa área. Una vez más, con un urbanismo obsoleto (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) heredado —perdón—, heredado de gobiernos socialistas anteriores y que incluso pretende suprimir el otro espacio verde de elevadísima necesidad, y muy querido en el barrio, que son las eco-huertas de la zona del Ágora. Entonces, si esta cuestión ahora mismo es necesaria, se vuelve acuciante si se materializan unos planes que, igualmente, el Gobierno local debería intentar corregir.*

Nada máis. Moitas grazas.

*Nada más. Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora García.

*Muchas gracias, señora García.*

Polo Partido Popular, ten a palabra o señor García.

*Por el Partido Popular, tiene la palabra el señor García.*

**Ás catorce horas e seis minutos entran no Salón de Sesións a señora alcaldesa, que pasa a presidir a sesión, Cameán Calvete e Soneira Lema e os señores Lorenzo Torres, Martínez Durán e Jorquera Caselas.**

***A las catorce horas y seis minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras alcaldesa, que pasa a presidir la sesión, Cameán Calvete y Soneira Lema y los señores Lorenzo Torres, Martínez Durán y Jorquera Caselas.***

***Señor García Fernández***

*Grazas.*

*Algo funciona mal cando existen tantas iniciativas sobre o descoido da xestión municipal ¿verdade? Dígoo porque xa non é a primeira vez que se traen a este salón de plenos mocións sobre este barrio. Este grupo municipal xa trouxo en outra ocasión, en xaneiro de 2021, unha moción onde se instaba ao Goberno de Inés Rey a defender os intereses dos barrios coruñeses e dos coruñeses e ademais esixir ao Goberno de Inés Rey a que cumpra o seu programa. Repito: o que prometeu o Partido Socialista no seu programa, que o cumpra. É un deber como político, aínda que, lamentablemente, a este goberno esta palabra sóalle case a chinés mandarino.*

*E esta moción, ademais, encaixa perfectamente dentro das competencias que lle atribúe a Lei de bases de réxime local a todo concello. É sinxelo. O que reclamamos ao Goberno de Inés Rey é mellorar a xestión directa entre os cidadáns e a alcaldesa, entre os que pasean o barrio, os que queren iniciar unha nova vida no seu barrio, os que queren emprender un novo negocio e os que simplemente desfrutan paseando ese barrio. En definitiva, os que queren facer barrio, como diciamos no noso programa electoral, que foi o máis votado nas anteriores eleccións.*

**Señor García Fernández**

Gracias.

Algo funciona mal cuando existen tantas iniciativas sobre el descuido de la gestión municipal ¿verdad? Lo digo porque ya no es la primera vez que se traen a este salón de plenos mociones sobre este barrio. Este grupo municipal ya ha traído en otra ocasión, en enero de 2021, una moción donde se instaba al Gobierno de Inés Rey a defender los intereses de los barrios coruñeses y de los coruñeses y además exigir al Gobierno de Inés Rey a que cumpla su programa. Repito: lo que prometió el Partido Socialista en su programa, que lo cumpla. Es un deber como político, aunque, lamentablemente, a este gobierno esta palabra le suena casi a chino mandarino.

Y esta moción, además, encaja perfectamente dentro de las competencias que le atribuye la Ley de Bases de Régimen Local a todo ayuntamiento. Es sencillo. Lo que reclamamos al Gobierno de Inés Rey es mejorar la gestión directa entre los ciudadanos y la alcaldesa, entre los que pasean el barrio, los que quieren iniciar una nueva vida en su barrio, los que quieren emprender un nuevo negocio y los que simplemente disfrutan paseando ese barrio. En definitiva, los que quieren hacer barrio, como decíamos en nuestro programa electoral, que fue el más votado en las anteriores elecciones.

*Todo o que ocorre nun barrio ten incidencia nas familias que o viven. A limpeza, o mantemento das zonas verdes, a mobilidade, a mellora da iluminación, a sensación de seguridade e o dotar de espazos verdes, que importante é, verdade? É vital nunha sociedade que ademais necesita moitos hábitos saudables. Isto é o que o barrio da Agra está demando á señora alcaldesa, uns espazos onde os veciños poidan gozar afastados do cemento e das edificacións, pero vostede e o seu equipo están paralizados, están superados con todo o que lles está vir enriba, con concelleiros que non dispoñen de accións de goberno e outros que acaparan a maioría desas áreas. Por moito que lles digamos, por moito que o tecido asociativo se manifeste diante do Concello, por moito que asistan representantes dos cidadáns ao escano do cidadán para poñelos colorados, por moito que exista todo isto, vostedes non reaccionan. Isto define a falta, sobre todo, de proxecto de cidade; define unha falta de desconfianza do tecido asociativo con vostedes. E non é que cheguen tarde, é que non chegan nunca.*

Todo lo que ocurre en un barrio tiene incidencia en las familias que lo viven. La limpieza, el mantenimiento de las zonas verdes, la movilidad, la mejora de la iluminación, la sensación de seguridad y el dotar de espacios verdes, que importante es ¿verdad? Es vital en una sociedad que además necesita muchos hábitos saludables. Esto es lo que el barrio del Agra está demando a la señora alcaldesa, unos espacios donde los vecinos puedan disfrutar alejados del cemento y de las edificaciones, pero usted y su equipo están paralizados, están sobrepasados con todo lo que está viniéndoles encima, con concejales que no disponen de acciones de gobierno y otros que acaparan la mayoría de esas áreas. Por mucho que les digamos, por mucho que el tejido asociativo se manifieste delante del Concello, por mucho que asistan representantes de los ciudadanos al escaño del ciudadano para ponerles colorados, por mucho que exista todo esto, ustedes no reaccionan. Esto define la falta, sobre todo, de proyecto de ciudad; define una falta de desconfianza del tejido asociativo con ustedes. Y no es que lleguen tarde, es que no llegan nunca.

*Sinto profundamente que nestes catro anos non fosen capaces de estar á altura do que os nosos barrios reivindican, das persoas que día a día están a lles rogar que o seu barrio precisa melloras, que reivindican que se cumpra o prometido. Pero a resposta da alcaldesa lamentablemente non chega, e os veciños cánsanse de esperaralos.*

Lamento profundamente que en estos cuatro años no hayan sido capaces de estar a la altura de lo que nuestros barrios reivindican, de las personas que día a día están rogándoles que su barrio necesita mejoras, que reivindican que se cumpla lo prometido. Pero la respuesta de la alcaldesa lamentablemente no llega, y los vecinos se cansan de esperarles.

*Noutras mocións vinculadas a este barrio nós solicitabamos un cambio de política municipal, de responsabilidade social ou de reequilibrio territorial, para que non existan diferenzas entre os coruñeses, pero a falta de tres meses, que van facer vostedes, se non o fixeron en catro anos?*

En otras mociones vinculadas a este barrio nosotros solicitábamos un cambio de política municipal, de responsabilidad social o de reequilibrio territorial, para que no existan diferencias entre los coruñeses, pero a falta de tres meses ¿qué van a hacer ustedes, si no lo hicieron en cuatro años?

*Por suposto, votaremos a favor da moción do Bloque Nacionalista Galego.*

Por supuesto, votaremos a favor de la moción del Bloque Nacionalista Galego.

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor García.

*Muchas gracias, señor García.*

Turno para o Goberno. Señor Díaz.

*Turno para el Gobierno. Señor Díaz.*

**Señor Díaz Gallego**

***Señor Díaz Gallego***

Adiantar o noso voto favorable á presente moción, presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

*Adelantar nuestro voto favorable a la presente moción, presentada por el Bloque Nacionalista Galego.*

O Goberno de Inés Rey —preguntaba a señora Veira— xa está a traballar, xunto co Ministerio de Transición Ecolóxica, a Subdelegación do Goberno e a AEMET para poder realizar unha apertura do espazo libre do Observatorio que permita dar resposta ás necesidades do barrio do Orzán. Unha apertura na que contemplamos —como indica a autoemenda que se fixeron— eses derribos dos muros de Canceliña e Páramo, como non podería ser doutro xeito.

*El Gobierno de Inés Rey —preguntaba la señora Veira— ya está trabajando, junto con el Ministerio de Transición Ecológica, la Subdelegación del Gobierno y la AEMET para poder realizar una apertura del espacio libre del Observatorio que permita dar respuesta a las necesidades del barrio del Orzán. Una apertura en la que contemplamos —como indica la autoenmienda que se hicieron— ese derribo de los muros de Canceliña y Páramo, como no podría ser de otro modo.*

Estas negociacións e traballos xa foron trasladados tamén ás asociacións de veciños do barrio antes do Nadal, nunha reunión que tivemos con todas, e na que nos trasladaron as súas inquedanzas e pola nosa parte transmitimos as informacións das que dispoñiamos nese momento e que nos fan pensar nunha apertura do recinto nun prazo razoable, froito, como digo, deses traballos de negociación do Goberno local. Un traballo que confiamos en que chegue a dar froitos proximamente e que ademais vén referendado polo traballo previo de gobernos socialistas da cidade, que así como foron os que puxeron en marcha todos os grandes parques e espazos verdes da cidade —Bens, San Pedro,

*Estas negociaciones y trabajos ya fueron trasladados también a las asociaciones de vecinos del barrio antes de Navidad, en una reunión que tuvimos con todas y en la que nos trasladaron sus inquietudes y por nuestra parte transmitimos las informaciones de las que disponíamos en ese momento y que nos hacen pensar en una apertura del recinto en un plazo razonable, fruto, como digo, de esos trabajos de negociación del Gobierno local. Un trabajo que confiamos en que llegue a dar frutos próximamente y que además viene refrendado por el trabajo previo de gobiernos socialistas de la ciudad, que así como fueron los que pusieron en marcha todos los grandes parques y espacios verdes de la ciudad —*

Europa, San Diego ou Eirís—, tamén foron os que dotaron de espazos de calidade ao barrio non?

Os tres espazos libres da Agra do Orzán existentes a día de hoxe teñen no seu ADN o labor e a iniciativa de Gobernos socialistas. Tanto a praza das Conchiñas —a previa ao destrozo do Goberno do señor Lorenzo— que era un pulmón verde do barrio, hoxe tristemente desaparecido e convertido nunha enorme placa de formigón, como a rúa Barcelona, pioneira nas peonalizacións na cidade, que permitiu introducir arboredo e zonas de estancia no tecido do barrio, e tamén as intervencións máis recentes que, bueno, chámame a atención que non se mencionen, como a ponalización da rúa San Leopoldo ou a introdución de zonas de estancia e arboredo na rúa Gramela, aumentando espazos libres e creando zonas estanciais. Todos froito de Gobernos socialistas e, polo tanto, non podía ser de outro xeito, será un Goberno socialista o que abra o Observatorio de novo como espazo verde do barrio, espazo verde do barrio que, en todo caso, considero importante recordar que veu a este pleno en febreiro de 2020, dentro da modificación do plan xeral do parque da Agra, na que se recollía un espazo verde, un parque de máis de 13.000 metros cadrados —máis dos que hai actualmente no barrio da Agra— e que foi rexeitado por este pleno. Hoxe os veciños poderían ter en marcha as obras do dito parque, as obras de urbanización de toda esa zona, grazas ao Goberno de Inés Rey, pero non as teñen, dende logo, por tacticismos e demagoxias da oposición. Cada quen que aguante, en todo caso, a súa vela.

Porque, señora García, quero aclarar, da súa intervención, que o Partido Socialista, en aquel momento, en febreiro

*Bens, San Pedro, Europa, San Diego o Eirís—, también fueron los que dotaron de espacios de calidad al barrio ¿no?*

*Los tres espacios libres del Agra do Orzán existentes a día de hoy tienen en su ADN la labor y la iniciativa de Gobiernos socialistas. Tanto la plaza de las Conchiñas —la previa al destrozo del Gobierno del señor Lorenzo— que era un pulmón verde del barrio, hoy tristemente desaparecido y convertido en una enorme placa de hormigón, como la calle Barcelona, pionera en las peatonalizaciones en la ciudad, que permitió introducir arbolado y zonas de estancia en el tejido del barrio, y también las intervenciones más recientes que, bueno, me llama la atención que no se mencionen, como la peatonalización de la calle San Leopoldo o la introducción de zonas de estancia y arbolado en la calle Gramela, aumentando espacios libres y creando zonas estanciales. Todos fruto de Gobiernos socialistas y, por lo tanto, no podía ser de otra manera, será un Gobierno socialista el que abra el Observatorio de nuevo como espacio verde del barrio, espacio verde del barrio que, en todo caso, considero importante recordar que vino a este pleno en febrero de 2020, dentro de la modificación del plan general del parque del Agra, en la que se recogía un espacio verde, un parque de más de 13.000 metros cuadrados —más de los que hay actualmente en el barrio del Agra— y que fue rechazado por este pleno. Hoy los vecinos podrían tener en marcha las obras de dicho parque, las obras de urbanización de toda esa zona, gracias al Gobierno de Inés Rey, pero no las tienen, desde luego, por tacticismos y demagogias de la oposición. Cada quien que aguante, en todo caso, su vela.*

*Porque, señora García, quiero aclarar, de su intervención, que el Partido Socialista, en aquel momento, en febrero de 2020,*

de 2020, presentou a este pleno a documentación que deixou preparada o Goberno do que formaba parte vostede, o Goberno da Marea Atlántica. Entendo que xa tiñan consensuada, como sempre presumen, cos veciños esa proposta. O que non entendo é por que votaron en contra dun documento que vostedes mesmos redactaron. É, cando menos, chamativo.

*presentó a este pleno la documentación que dejó preparada el Gobierno del que formaba parte usted, el Gobierno de la Marea Atlántica. Entiendo que ya tenían consensuada, como siempre presumen, con los vecinos esa propuesta. Lo que no entiendo es por qué votaron en contra de un documento que ustedes mismos redactaron. Es, cuando menos, llamativo.*

Señor García, que fixo o Partido Popular polo barrio da Agra nos catro anos que gobernaron? Que obras? Que melloras nos espazos libres? Que melloras nas zonas verdes do barrio fixo o Partido Popular? Que fixo, ademais de destrozar As Conchiñas? Eu propóñolle, cando saia de aquí, busque en Google como eran As Conchiñas antes de 2011. Eran un verdadeiro espazo verde, era unha praza-parque. Agora son un descampado de formigón, sen arboredo nin zonas verdes, froito da labor do Goberno do que formaba parte o seu candidato. Busque esa foto e vólvame a falar aquí de cemento.

*Señor García ¿qué hizo el Partido Popular por el barrio del Agra en los cuatro años que gobernaron? ¿qué obras? ¿qué mejoras en los espacios libres? ¿qué mejoras en las zonas verdes del barrio hizo el Partido Popular? ¿Qué hizo, además de destrozar As Conchiñas? Yo le propongo, cuando salga de aquí, busque en Google como eran As Conchiñas antes de 2011. Eran un verdadero espacio verde, era una plaza-parque. Ahora son un descampado de hormigón, sin arbolado ni zonas verdes, fruto de la labor del Gobierno del que formaba parte su candidato. Busque esa foto y vuélvame a hablar aquí de cemento.*

En todo caso, dos minutos da súa intervención dedicou cero minutos a falar do parque do Observatorio, co cal entendo que non é o tema que lle interesaba.

*En todo caso, de los minutos de su intervención dedicó cero minutos a hablar del parque del Observatorio, con lo cual entiendo que no es el tema que le interesaba.*

O noso compromiso coa apertura a curto prazo, como digo, do espazo libre do Observatorio é absoluto, así como o noso compromiso de que a medio prazo poidamos executar un parque en condicións para a Agra do Orzán, que permita duplicar os espazos libres existentes e gañar novas zonas estanciais e de ocio a un barrio cunha elevada densidade de poboación.

*Nuestro compromiso con la apertura a corto plazo, como digo, del espacio libre del Observatorio es absoluto, así como nuestro compromiso de que a medio plazo podamos ejecutar un parque en condiciones para el Agra do Orzán, que permita duplicar los espacios libres existentes y ganar nuevas zonas estanciales y de ocio a un barrio con una elevada densidad de población.*

Moitas gracias.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Díaz. Imos proceder á votación desta moción.

*Muchas gracias, señor Díaz. Vamos a proceder a la votación de esta moción.*

**Votación da segunda moción presentada e emendada polo Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la segunda moción presentada y enmendada por el Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada e emendada polo Bloque Nacionalista Galego sobre o parque do Observatorio, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada y enmendada por el Bloque Nacionalista Galego sobre el parque del Observatorio, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade da Corporación.

*Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad de la Corporación.*

**10. Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o parque do Observatorio.**

***10. Moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el parque del Observatorio.***

**Acordo**

***Acuerdo***

Instar o Goberno Local a negociar co MITECO a apertura do xardín do Observatorio Meteorolóxico á veciñanza da Agra do Orzán derrubando os muros da rúa Canceliña e da rúa Páramo, tendo en conta que hoxe o espazo exterior dispoñíbel pode ser maior pola automatización do sistema de medición.

*Instar al Gobierno Local a negociar con el MITECO la apertura del jardín del Observatorio Meteorológico al vecindario del Agra del Orzán derribando los muros de la calle Canceliña y de la calle Páramo, teniendo en cuenta que hoy el espacio exterior disponible puede ser mayor por la automatización del sistema de medición.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben. Pois terceira e última das mocións do BNG, sobre os núcleos de O Birloque, Martinete e Someso.

*Bien. Pues tercera y última de las mociones del BNG, sobre los núcleos de O Birloque, Martinete y Someso.*

Señor Jorquera.

*Señor Jorquera.*

**Terceira. Moción sobre os núcleos de O Birloque, Martinete e Someso,**

***Tercera. Moción sobre los núcleos de O Birloque, Martinete y Someso.***

**Sobre esta moción consta unha emenda de adición presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica.**

***Sobre esta moción consta una enmienda de adición presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica.***

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Señor Lage, permítame antes de entrar en materia unha aclaración, porque vostede falou na súa intervención de coalicións, tortillas... Fágolle una aclaración. Mire, se o PP di que o mundo é redondo ou a Marea dia que o mundo é redondo, o BNG, para diferenciarse, non vai dicir que a terra é plana.

*Señor Lage, permítame antes de entrar en materia una aclaración, porque usted habló en su intervención de coaliciones, tortillas... Le hago una aclaración. Mire, si el PP dice que el mundo es redondo o la Marea la dice que el mundo es redondo, el BNG, para diferenciarse, no va a decir que la tierra es plana.*

Dito isto, os contidos desta moción son froito dunha recente visita do noso grupo municipal os núcleos do Birloque, O Martinete e Someso, respondendo a un convite da Asociación de Veciños dos Anxos, e moitas das cuestións que figuran nesta moción xa as formuláramos nunha pregunta ao Goberno local con data do 15

*Dicho esto, los contenidos de esta moción son fruto de una reciente visita de nuestro grupo municipal los núcleos de O Birloque, O Martinete y Someso, respondiendo a una invitación de la Asociación de Vecinos de Os Anxos, y muchas de las cuestiones que figuran en esta moción ya las habíamos formulado en*

de outubro de 2020. As necesidades destes núcleos son moi variadas, pero, en particular, unha preocupación da asociación e do conxunto da veciñanza é todo o que ten que ver coa mobilidade e a accesibilidade.

*una pregunta al Gobierno local con fecha de 15 de octubre de 2020. Las necesidades de estos núcleos son muy variadas, pero, en particular, una preocupación de la asociación y del conjunto del vecindario es todo lo que tiene que ver con la movilidad y la accesibilidad.*

**Ás catorce horas e catorce minutos sae do Salón de Sesións a señora García Gómez.**

***A las catorce horas y catorce minutos sale del Salón de Sesiones la señora García Gómez.***

O Birloque e o Martinete están atravesados pola estrada DP-0512. Pese á apertura desde hai anos da estrada de acceso a Pocomaco desde a avenida da Vedra, e da AC-14 e V-14, esta estrada segue soportando moito tráfico, incluído o tráfico pesado, co conseguinte impacto nestes núcleos.

*El Birloque y el Martinete están atravesados por la carretera DP-0512. Pese a la apertura desde hace años de la carretera de acceso a Pocomaco desde la avenida de A Vedra, y de la AC-14 y V-14, esta carretera sigue soportando mucho tráfico, incluido el tráfico pesado, con el consiguiente impacto en estos núcleos.*

A velocidade excesiva nesta estrada, e tamén na estrada DP-3004, que dá acceso á Escola Profesional de Someso, a ausencia ou insuficiencia de beirarrúas, badéns e pasos de peóns e unha sinalización deficitaria, provocan inseguranza nas veciñas e veciños. Por iso reclaman que se procuren solucións para permeabilizar o acceso á AC-14 e V-14 e así reducir o tránsito por esta estrada, que mesmo se prohiba o tránsito de camións, pois existen neses itinerarios alternativos, que se negocie coa Deputación Provincial a adopción de medidas dirixidas a aumentar a seguridade dos peóns e calmar o tráfico —entre outras, que se implante en todo o itinerario por estes núcleos o límite 30— e que se contemple a cesión tanto da estrada DP-0512 como da 3004 ao Concello, por seren vías de características urbanas.

*La velocidad excesiva en esta carretera, y también en la carretera DP-3004, que da acceso a la Escuela Profesional de Someso, la ausencia o insuficiencia de aceras, badenes y pasos de cebra y una señalización deficitaria, provocan inseguridad en las vecinas y vecinos. Por eso reclaman que se busquen soluciones para permeabilizar el acceso a la AC-14 y V-14 y así reducir el tránsito por esta carretera, que incluso se prohíba el tránsito de camiones, pues existen en esos itinerarios alternativos, que se negocie con la Diputación Provincial la adopción de medidas dirigidas a aumentar la seguridad de los peatones y calmar el tráfico —entre otras, que se implante en todo el itinerario por estos núcleos el límite 30— y que se contemple la cesión tanto de la carretera DP-0512 como de la 3004 al Ayuntamiento, por ser vías de características urbanas.*

Alén diso, o resto das propostas dos veciños e veciñas son cuestións elementais, reivindicacións moitas delas comúns a outros barrios periféricos e que

*Además de eso, el resto de las propuestas de los vecinos y vecinas son cuestiones elementales, reivindicaciones muchas de ellas comunes a otros barrios periféricos y*

axudarían a mellorar a calidade do espazo urbano, asegurar a accesibilidade, favorecer a mobilidade peonil e dotar estes núcleos de maiores equipamentos.

*que ayudarían a mejorar la calidad del espacio urbano, asegurar la accesibilidad, favorecer la movilidad peatonal y dotar a estos núcleos de mayores equipamientos.*

Así, propoñen asegurar o bo estado e a accesibilidade das beirarrúas e, con tal fin, dotar de beirarrúas as zonas onde estas son inexistentes e ampliar as beirarrúas en aquelas nas que o seu ancho é insuficiente para facilitar o tránsito de peóns, e dotar de marquesiñas e plataformas de acceso as paradas de buses.

*Así, proponen asegurar el buen estado y la accesibilidad de las aceras y, con tal fin, dotar de aceras a las zonas donde estas son inexistentes y ampliar las aceras en aquellas en las que su ancho es insuficiente para facilitar el tránsito de peatones, y dotar de marquesinas y plataformas de acceso a las paradas de buses.*

Propoñen tamén asegurar a limpeza e correcto mantemento das fincas abandonadas e contemplar, negociando cos propietarios, o acondicionamento de algunha delas co obxecto de proporcionar zonas verdes e espazos de convivio e lecer aos habitantes destes barrios; habilitar itinerarios peonís e pasos seguros de peóns; mellorar a pavimentación e a sinalización do aparcadoiro do complexo deportivo de Elviña, no Birloque, e mellorar tamén o estado de conservación e seguridade do parque infantil anexo a este aparcadoiro, así como instalar un parque de calistenia na zona verde onde se sitúa o parque infantil.

*Proponen también asegurar la limpieza y correcto mantenimiento de las fincas abandonadas y contemplar, negociando con los propietarios, el acondicionamiento de alguna de ellas con el objeto de proporcionar zonas verdes y espacios de convivencia y esparcimiento a los habitantes de estos barrios; habilitar itinerarios peatonales y pasos seguros de peatones; mejorar la pavimentación y la señalización del aparcamiento del complejo deportivo de Elviña, en el Birloque, y mejorar también el estado de conservación y seguridad del parque infantil anexo a este aparcamiento, así como instalar un parque de calistenia en la zona verde donde se sitúa el parque infantil.*

Na visita que fixemos a esta zona puidemos constatar que os problemas e carencias que fundamentan estas propostas son reais. Como dixen antes, o que propoñen os veciños son cuestións elementais, intervencións pouco custosas que mellorarían a calidade do espazo público nestes núcleos e con iso a calidade de vida da súa veciñanza.

*En la visita que hicimos a esta zona pudimos constatar que los problemas y carencias que fundamentan estas propuestas son reales. Como dije antes, lo que proponen los vecinos son cuestiones elementales, intervenciones poco costosas que mejorarían la calidad del espacio público en estos núcleos y con eso la calidad de vida de su vecindario.*

Por esa razón solicitamos o voto a favor desta moción e aceptamos a emenda de inclusión do novo punto formulada pola Marea Atlántica porque cremos que

*Por esa razón solicitamos el voto a favor de esta moción y aceptamos la enmienda de inclusión del nuevo punto formulada por la Marea Atlántica porque creemos*

complementa a nosa moción.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a señora Soneira.

**Señora Soneira Lema**

Evidentemente que todas as melloras que redunden no beneficio da cidade e a cidadanía considero que son necesarias para unha mellor calidade de vida, como é, entre outras, unha mellor habitabilidade e humanización para todos os veciños e veciñas. Todos e cada un dos puntos propostos nesta moción parécenme importantes para esa mellora de calidade de vida, por tanto o meu voto vai ser favorable.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Turno para a señora Faraldo.

**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

É tan evidente que esta moción vai a ser aprobada por unanimidade, como que chegaremos ao próximo mandato sen vela cumprida. E non o digo eu porque teña dotes de adiviña, señor Díaz, senón porque da mera observación se poden concluír ambas cuestións.

**Ás catorce horas e dezaoito minutos entra no Salón de Sesións a señora García Gómez.**

Cantas veces trouxemos a este pleno, en forma de moción, rogo ou pregunta oral,

*que complementa nuestra moción.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la señora Soneira.*

***Señora Soneira Lema***

*Evidentemente que todas las mejoras que redunden en el beneficio de la ciudad y la ciudadanía considero que son necesarias para una mejor calidad de vida, como es, entre otras, una mejor habitabilidad y humanización para todos los vecinos y vecinas. Todos y cada uno de los puntos propuestos en esta moción me parecen importantes para esa mejora de calidad de vida, por tanto mi voto va a ser favorable.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Turno para la señora Faraldo.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Es tan evidente que esta moción va a ser aprobada por unanimidad, como que llegaremos al próximo mandato sin verla cumplida. Y no lo digo yo porque tenga dotes de adivinación, señor Díaz, sino porque de la mera observación se pueden concluir ambas cuestiones.*

***A las catorce horas y dieciocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora García Gómez.***

*¿Cuántas veces hemos traído a este pleno, en forma de moción, ruego o pregunta*

calquera das medidas que hoxe se plantexan nesta nova moción? Cantas veces elevamos a este pleno a necesidade de adoptar medidas de reducir o tráfico e a velocidade na estrada da Deputación 512? Cantas veces se expuxeron por uns e outros os riscos que supón o paso desta estrada por zonas urbanas, permitindo a circulación de camións, incluso de carga pesada? Cantas formulamos a necesidade de mellorar as marquesiñas nas paradas de autobuses, cuxo estado actual deixa á intemperie ás usuarias que esperan polo transporte público? Cantas? Referimos incluso reportaxes fotográficas do estado das beirarrúas. Cantas denunciamos o estado dos soares abandonados, que acaban sendo niños de diferente bichería, cos problemas que isto supón para os edificios cercanos? Fáltannos dedos das mans para enumerar as veces que se levou a este pleno a petición de negociar coa Deputación a cesión dos viais referidos na moción. E para máis inri, seguro que non vai ser a última vez no que queda de mandato que volvamos a elevar estas demandas destes barrios que se sinten, non xa afastados de María Pita, senón totalmente esquecidos polas políticas municipais.

Por iso, unha vez máis, en coherencia con todo o defendido ata agora, e en pleno coñecemento de que as demandas non só son lexítimas, senón necesarias de acometer, volveremos a votar a favor.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

Turno para a señora Martínez.

**<u>Señora Martínez Lema</u>**

Moitas grazas.

*oral, cualquiera de las medidas que hoy se plantean en esta nueva moción? ¿Cuántas veces hemos elevado a este pleno la necesidad de adoptar medidas de reducir el tráfico y la velocidad en la carretera de la Diputación 512? ¿Cuántas veces se han expuesto por unos y otros los riesgos que supone el paso de esta carretera por zonas urbanas, permitiendo la circulación de camiones, incluso de carga pesada? ¿Cuántas hemos formulado la necesidad de mejorar las marquesinas en las paradas de autobuses, cuyo estado actual deja a la intemperie a las usuarias que esperan por el transporte público? ¿Cuántas? Referimos incluso reportajes fotográficos del estado de las aceras. ¿Cuántas hemos denunciado el estado de los solares abandonados, que acaban siendo nidos de diferentes bichos, con los problemas que esto supone para los edificios cercanos? Nos faltan dedos de las manos para enumerar las veces que se ha llevado a este pleno la petición de negociar con la Diputación la cesión de los viales referidos en la moción. Y para más inri, seguro que no va a ser la última vez en lo que queda de mandato que volvamos a elevar estas demandas de estos barrios que se sienten, no ya alejados de María Pita, sino totalmente olvidados por las políticas municipales.*

*Por eso, una vez más, en coherencia con todo lo defendido hasta ahora, y en pleno conocimiento de que las demandas no solo son legítimas, sino necesarias de acometer, volveremos a votar a favor.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

*Turno para la señora Martínez.*

***<u>Señora Martínez Lema</u>***

*Muchas gracias.*

Comparto a exposición de motivos feita polo señor Jorquera. Comparto a percepción de que hai barrios moito máis abandonados que outros, algúns especialmente. Non podemos permitir, xa non tanto o impacto visual e estético en diversas zonas da cidade, senón o máis importante, a falta de seguridade que teñen os peóns, os cidadáns, en determinadas zonas.

*Comparto la exposición de motivos hecha por el señor Jorquera. Comparto la percepción de que hay barrios mucho más abandonados que otros, algunos especialmente. No podemos permitir, ya no tanto el impacto visual y estético en diversas zonas de la ciudad, sino lo más importante, la falta de seguridad que tienen los peatones, los ciudadanos, en determinadas zonas.*

No plan de rexeneración dos barrios debe primar a seguridade, a mellora da mobilidade e accesibilidade por riba de calquera mellora estética.

*En el plan de regeneración de los barrios debe primar la seguridad, la mejora de la movilidad y accesibilidad por encima de cualquier mejora estética.*

Tratándose ademais dunha petición veciñal, o meu voto é a favor.

*Tratándose además de una petición vecinal, mi voto es a favor.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Turno para a Marea Atlántica.

*Turno para la Marea Atlántica.*

**Señor Lema Suárez**

***Señor Lema Suárez***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

En primeiro lugar, agradecerlle ao BNG que acepte a nosa emenda, que é significativa. Este paso da vía do tren por riba da DP-512 carece de beirarrúas. Ou sexa, non ten unha solución doada, pero é un deses puntos negros da cidade que a visita ao propio lugar dá conta da súa perigosidade. Isto xa se ten comentado aquí. Este é un barrio atravesado por vías de alta capacidade, por vías de titularidade, en algúns casos, provincial, pero que supoñen un perigo evidente para o benestar e a seguridade da xente do barrio.

*En primer lugar, agradecerle al BNG que acepte nuestra enmienda, que es significativa. Este paso de la vía del tren por encima de la DP-512 carece de aceras. O sea, no tiene una solución fácil, pero es uno de esos puntos negros de la ciudad que la visita al propio lugar da cuenta de su peligrosidad. Esto ya se ha comentado aquí. Este es un barrio atravesado por vías de alta capacidad, por vías de titularidad, en algunos casos, provincial, pero que suponen un peligro evidente para el bienestar y la seguridad de la gente del barrio.*

É certo que este barrio conecta co polígono de Pocomaco, pero tamén é certo que sería raro ver en outros barrios

*Es cierto que este barrio conecta con el polígono de Pocomaco, pero también es cierto que sería raro ver en otros barrios*

máis céntricos da Coruña o paso de camións e vehículos de alta capacidade. Polo tanto, creo que por unha cuestión, non só digamos de mellora das vías públicas, senón de seguridade, creo que hai que realmente tomar en serio o que aquí se denuncia.

Facendo un pouco relación ao que antes tamén se comentaba aquí, convido ao señor Lage Tuñas a diferenciar onde está situada a avenida do Metrosidero e onde está situado o cárcere provincial da Coruña, porque non son exactamente o mesmo lugar. Tamén o convido a que, na súa continua referencia ao legado do vazquismo, sepa diferenciar a parte boa —que non discuto— da mala, e a deixar de imitar a segunda parte, por exemplo no que ten que ver coa xestión de persoal do Concello da Coruña.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lema.

Turno para o PP. Señor Varela.

***Señor Varela Vázquez***

*Grazas, señora alcaldesa. Bo día.*

*Imos votar a favor da moción presentada polo BNG sobre O Birloque, Martinete e Someso porque entendemos que se fai unha descrición real das carencias endémicas destes núcleos de poboación.*

Por iso, cando se está levando a cabo o traslado destas actividades ao porto exterior de Punta Langosteira, non entendemos a razón pola que a Autoridade Portuaria co visto e prace da Xunta de Galiza opta por esa ubicación. Coincidimos en que esta planta debe de ubicarse nunha área de menor afección ao uso público, ao marisqueo e ao medio natural, manifestamos o noso apoio ás reivindicacións das entidades veciñais e polos argumentos expostos, votaremos a favor desta moción.

*Por eso, cuando se está llevando a cabo el traslado de estas actividades al puerto exterior de Punta Langosteira, no entendemos la razón por la que la Autoridad Portuaria con el visto bueno de la Xunta de Galicia opta por esa ubicación. Coincidimos en que esta planta debe de ubicarse en un área de menor afección al uso público, al marisqueo y al medio natural, manifestamos nuestro apoyo a las reivindicaciones de las entidades vecinales y por los argumentos expuestos, votaremos a favor de esta moción.*

Grazas.

*Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Turno para el Partido Popular, señor Rodríguez

*Turno para el Partido Popular, señor Rodríguez.*

***<u>Señor Rodríguez Martínez</u>***

**<u>Señor Rodríguez Martínez</u>**

*Boas tardes.*

Buenas tardes.

*Quero en primeiro lugar saudar aos veciños de Oza, impulsores desta iniciativa, e quero dicirlles en primeiro lugar que entendemos a súa preocupación, que comprendemos a intranquilidade que pode provocar unha posible actividade futura que, de ser posible elixir, todos prefeririamos ter afastada, e creo que nisto coincidimos absolutamente todos os que estamos hoxe aquí. No que xa non coincidimos é na forma de afrontar esa comprensible preocupación e así hai quen desde o*

Quiero en primer lugar saludar a los vecinos de Oza, impulsores de esta iniciativa, y quiero decirles en primer lugar que entendemos su preocupación, que comprendemos la intranquilidad que puede provocar una posible actividad futura que, de ser posible elegir, todos preferiríamos tener alejada, y creo que en esto coincidimos absolutamente todos los que estamos hoy aquí. En lo que ya no coincidimos es en la forma de afrontar esa comprensible preocupación e así hay quienes desde el populismo más básico

*populismo máis básico elixen alimentar esa razoable preocupación buscando quizais rédito electoral, e hai quen desde a responsabilidade optamos por ofrecer aos veciños o noso apoio incondicional en todo aquilo que pode ser e polos medios que pode ser, pero explicarlles ao mesmo tempo que hai cousas que non poden ser e por iso estamos a favor de apoiar aos veciños nas súa reivindicación de atopar un emprazamento máis idóneo para a planta, pero a favor de instar a unha administración, a que sexa e da cor que sexa, a denegar unha autorización á marxe de que se acredite ou non o cumprimento de todas e cada unha das esixencias legais para que sexa concedida, sentímolo, pero a favor diso non podemos estar porque iso ten un nome, chámase prevaricación e é un delito previsto e penado polo Código Penal.*

*E por iso o máis grave, o máis indignante é a hipocrisía deste goberno municipal con estes veciños. Porque estes días escoitamos ao Goberno municipal dicir sobre este tema que as licenzas son actos regrados e se unha empresa solicita unha licenza con todos os requisitos legais, non se lle pode negar e ten a desvergoña de vir hoxe aquí a instar a outra administración a que faga o que vostedes mesmos recoñecen que non se pode facer: saltarse a normativa.*

*Miren, aquí só hai dúas opcións, ou hai que cumprir a lei e entón témola que cumprir todos, non só vostedes, ou non hai que cumprila e entón poderémola incumprir todos, vostedes tamén e por iso dígolles que se esta é a súa opción, non sexan parvos, aprovéitena, apúntense o tanto e digan que mentres vostedes gobernen non van conceder esa licenza. Pero non, para vostedes é un acto regrado, pero só para vostedes. Pois,*

eligen alimentar esa razonable preocupación buscando quizás rédito electoral, y hay quienes desde la responsabilidad optamos por ofrecer a los vecinos nuestro apoyo incondicional en todo aquello que puede ser y por los cauces que puede ser, pero explicarles al mismo tiempo que hay cosas que no pueden ser y por eso estamos a favor de apoyar a los vecinos en su reivindicación de encontrar un emplazamiento más idóneo para la planta, pero a favor de instar a una administración, la que sea y del color que sea, a denegar una autorización al margen de que se acredite o no el cumplimiento de todas y cada una de las exigencias legales para que sea concedida, lo sentimos, pero a favor de eso no podemos estar porque eso tiene un nombre, se llama prevaricación y es un delito previsto y penado por el Código Penal.

Y por eso, lo más grave, lo más indignante es la hipocresía de este gobierno municipal con estos vecinos. Porque estos días hemos escuchado al Gobierno municipal decir sobre este tema que las licencias son actos reglados y si una empresa solicita una licencia con todos los requisitos legales, no se le puede negar y tiene la desfachatez de venir hoy aquí a instar a otra administración a que haga lo que ustedes mismos reconocen que no se puede hacer: saltarse la normativa.

Miren, aquí solo hay dos opciones, o hay que cumplir la ley y entonces la tenemos que cumplir todos, no solo ustedes, o no hay que cumplirla y entonces la podremos incumplir todos, ustedes también y por eso les digo que si esta es su opción, no sean tontos, aprovéchenla, apúntense el tanto y digan que mientras ustedes gobiernen no van a conceder esa licencia. Pero no, para ustedes es un acto reglado, pero solo para ustedes. Pues, claro, claro que es un acto

*claro, claro que é un acto regrado, igual que a autorización ambiental. Ou a emite o Espírito Santo, baixa unha pomba branca e emite unha autorización ambiental? Non, emítea un responsable con nome e apelidos, en base a uns informes técnicos asinados por un funcionario público que tamén ten nome e apelidos, os de aquí e os de alí.*

reglado, igual que la autorización ambiental. ¿O la emite el Espíritu Santo, baja una paloma blanca y emite una autorización ambiental? No, la emite un responsable con nombre y apellidos, en base a unos informes técnicos firmados por un funcionario público que también tiene nombre y apellidos, los de aquí y los de allí.

*Pero a súa desvergoña neste tema vai máis alá porque miren, eu non estou aquí nin para defender a autorización ambiental, nin me vai nin me vén, nin vou entrar nese tema, pero esa autorización concédese porque se cumpren todos os requisitos legais e medio ambientais e todos os parámetros de seguridade esixibles. É máis, este concello fixo alegacións, todas elas foron aceptadas, todas elas foron aceptadas e por tanto incorporadas ao proxecto con carácter previo á concesión desa autorización, e agora veñen aquí a pedir que se denegue unha vez concedida. Pero é que ademais, para poder tramitar esa autorización era necesaria unha compatibilidade urbanística declarada polo Concello e deuse, claro que se deu, porque había que dala, porque era a lei a que o esixía. E é máis, para no seu caso iniciar a actividade nun futuro, se iso é o que se pretende, será necesaria a licenza municipal e se esta non se concedese a autorización ambiental revogaríase automaticamente.*

Pero su desvergüenza en este tema va más allá porque miren, yo no estoy aquí ni para defender la autorización ambiental, ni me va ni me viene, ni voy a entrar en ese tema, pero esa autorización se concede porque se cumplen todos los requisitos legales y medio ambientales y todos los parámetros de seguridad exigibles. Es más, este concello hizo alegaciones, todas ellas fueron aceptadas, todas ellas fueron aceptadas y por tanto incorporadas al proyecto con carácter previo a la concesión de esa autorización, e ahora vienen aquí a pedir que se deniegue una vez concedida. Pero es que además, para poder tramitar esa autorización era necesaria una compatibilidad urbanística declarada por el Concello y se dio, claro que se dio, porque había que darla, porque era la ley la que lo exigía. Y es más, para en su caso iniciar la actividad en un futuro, si eso es lo que se pretende, será necesaria la licencia municipal y si esta no se concediera la autorización ambiental se revocaría automáticamente.

*Pero xa como colofón da desvergoña, instan á Autoridade Portuaria a buscar un novo emprazamento máis adecuado. E, ollo, niso estamos todos de acordo, nós tamén, pero claro, saben que pasa? Ocorre que se vostedes, como non queda máis remedio porque vostedes si van cumprir a lei, outorgan esa licenza, o porto non ten alternativa porque ten unha concesión en vigor e se a empresa solicita modificar esa concesión e acode coa*

Pero ya como colofón de la desvergüenza, instan a la Autoridad Portuaria a buscar un nuevo emplazamiento más adecuado. Y, ojo, en eso estamos todos de acuerdo, nosotros también, pero claro, ¿saben qué pasa? Ocurre que si ustedes, como no les queda más remedio porque ustedes sí van a cumplir la ley, otorgan esa licencia, el puerto no tiene alternativa porque tiene una concesión en vigor y si la empresa solicita modificar esa concesión y acude con la

*licenza municipal, para eles tamén é un acto regrado e polo tanto terán que concedela.*

licencia municipal, para ellos también es un acto reglado y por lo tanto tendrán que concederla.

*En definitiva, xa que van votar a favor de que alguén prevarique, prevariquen vostedes e se lla solicitan dígano aquí, bótenlle valor, neguen a licenza, digan que non a van a conceder.*

En definitiva, ya que van a votar a favor de que alguien prevarique, prevariquen ustedes y si se la solicitan díganlo aquí, échenle valor, nieguen la licencia, digan que no la van a conceder.

*O que vostedes merecían era unha emenda pedíndolles a vostedes que denegasen a licenza, a ver entón que votaban, pero ocorre que nós por seriedade e coherencia non o fixemos. Pero resumindo, teñen vostedes a cara de cemento armado.*

Lo que ustedes merecían era una enmienda pidiéndoles a ustedes que denegaran la licencia, a ver entonces qué votaban, pero ocurre que nosotros por seriedad y coherencia no lo hemos hecho. Pero resumiendo, tienen ustedes la cara de cemento armado.

*Termino como empecei, dirixíndome aos veciños. A nosa comprensión e apoio incondicional na súa reivindicación, no persoamento do Concello en todos os procedementos administrativos; na procura dun emprazamento máis idóneo e se no futuro se solicita a posta en funcionamento da planta, no rigoroso e o exhaustivo control do cumprimento de todos e cada un dos requisitos ambientais recollidos na autorización. Era tan fácil como isto para alcanzar a unanimidade neste pleno, pero insisto, en instar a calquera administración, sexa a Xunta ou sexa este concello a prevaricar denegando unha autorización ou licenza á que se poida ter dereito, non podemos enganarlles, iso non é posible, e quen lles diga que si* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *—conclúo— e, quen lles diga que si, lles minte por un puñado de votos.*

Termino como empecé, dirigiéndome a los vecinos. Nuestra comprensión y apoyo incondicional en su reivindicación, en el personamiento del Concello en todos los procedimientos administrativos; en la búsqueda de un emplazamiento más idóneo y si en el futuro se solicita la puesta en funcionamiento de la planta, en el riguroso y el exhaustivo control del cumplimiento de todos y cada uno de los requisitos ambientales recogidos en la autorización. Era tan fácil como esto para alcanzar la unanimidad en este pleno, pero insisto, en instar a cualquier administración, sea la Xunta o sea este concello a prevaricar denegando una autorización o licencia a la que se pueda tener derecho, no podemos engañarles, eso no es posible, y quien les diga que sí **(*se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención*)** —concluyo— y, quien les diga que sí, les miente por un puñado de votos.

*Desgraciadamente non se pode afrontar unha votación por puntos e polo tanto neste caso o noso sentido do voto será o da abstención reiterando o noso apoio ás reclamacións veciñais, pero sempre desde o respecto á lei e aos dereitos de*

Desgraciadamente no se puede afrontar una votación por puntos y por lo tanto en este caso nuestro sentido del voto será el de la abstención reiterando nuestro apoyo a las reclamaciones vecinales, pero siempre desde el respeto a la ley y a los derechos de

*todos e cada un dos cidadáns. Non se pode estar por encima dos dereitos dos cidadáns, nin outro cidadán, nin ningunha administración, sexa o Concello, sexa a Xunta.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Turno para o Goberno, señor Díaz.

**Señor Díaz Gallego**

Grazas, señora alcaldesa.

Señor Rodríguez, está moi ben que terxiverse vostede a realidade. O que engadiu na súa emenda este grupo municipal socialista textualmente é: instar á Autoridade Portuaria a buscar e pór a disposición un emprazamento máis axeitado e menos comprometido en termos medioambientais para a instalación da planta, así como iniciar os trámites de cara á modificación puntual do Plan Especial do porto e en particular o referido á área 7 que analice a compatibilidade de usos na zona. Non sei onde instamos a ninguén a saltarse ningunha lei. O que instou este grupo municipal socialista foi a este punto 5. Entón, pola nosa parte creo que é lóxico instar á Autoridade Portuaria a buscar unha nova ubicación, toda vez que creo que todos estamos de acordo, despois de escoitarlles tamén a vostedes, en que a ubicación elixida non é a mellor.

Tampouco é novidade se conto aquí que o presidente da Autoridade Portuaria é do Partido Popular, co cal entendo que, bueno, pois poderedes falar con el para ver se se busca esa nova ubicación, que non é algo que vos é axeno ao Grupo Municipal do Partido Popular e despois

todos y cada uno de los ciudadanos. No se puede estar por encima de los derechos de los ciudadanos, ni otro ciudadano, ni ninguna administración, sea el Concello, sea la Xunta.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Rodríguez.*

*Turno para el Gobierno, señor Díaz.*

***Señor Díaz Gallego***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Señor Rodríguez, está muy bien que tergiverse usted la realidad. Lo que añadió en su enmienda este grupo municipal socialista textualmente es: instar a la Autoridad Portuaria a buscar y poner a disposición un emplazamiento más idóneo y menos comprometido en términos medioambientales para la instalación de la planta, así como iniciar los trámites de cara a la modificación puntual del Plan Especial del puerto y en particular lo referido al área 7 que analice la compatibilidad de usos en la zona. No sé dónde instamos a nadie a saltarse ninguna ley. Lo que instó este grupo municipal socialista fue a este punto 5. Entonces, por nuestra parte creo que es lógico instar a la Autoridad Portuaria a buscar una nueva ubicación, toda vez que creo que todos estamos de acuerdo, después de escucharlos también a ustedes, en que la ubicación elegida no es la mejor.*

*Tampoco es novedad si cuento aquí que el presidente de la Autoridad Portuaria es del Partido Popular, con lo cual entiendo que, bueno, pues podréis hablar con él para ver si se busca esa nueva ubicación, que no es algo que os sea ajeno al Grupo Municipal del Partido Popular y después tampoco*

tampouco invento a pólvora se descubro que a responsabilidade do Plan Especial do porto é do porto da Coruña. O feito de que esa planta poida estar en Oza vén motivado polo Plan Especial do porto cuxa revisión depende da Autoridade Portuaria da Coruña.

Polo tanto, bueno, eu creo que era lóxico que nesta moción se introducise unha instancia á administración competente e que ten a responsabilidade de que esa planta se sitúe onde parece que se vai situar. Non creo que esteamos pedindo nada estraño.

Con respecto á presente moción, sinalar o noso voto favorable e máis agora, unha vez aceptada a emenda que rexistramos, unha emenda na que instamos, como dicía, á Autoridade Portuaria a buscar esa nova ubicación e a revisar o Plan Especial do porto, porque o que queremos deixar claro e quero deixalo claro nesta intervención, é nós non nos opoñemos, obviamente, á existencia da planta, senón á súa ubicación nun punto tan sensible da cidade, polo cal, coa finalidade de deixar clara esta postura do Goberno local que non variou, ademais, desde que se nos preguntou por parte do Grupo Nacionalista Galego no ano 2019 e na que xa amosamos o noso rexeitamento. O 5 de setembro de 2019, como digo, en contestación a unha pregunta escrita do BNG, sinalamos que o Goberno municipal mantén a oposición de que exista no muelle de Oza una planta que xenere un risco medio ambiental. Aí estábamos en 2019 e aí seguimos no 2022.

Como dicía, esa planta é necesaria. É necesaria por ese convenio internacional MARPOL que obriga a que existan plantas de tratamento, almacenamento e clasificación destes refugallos da actividade portuaria. A realidade é que o

*invento la pólvora si descubro que la responsabilidad del Plan Especial del puerto es del puerto de A Coruña. El hecho de que esa planta pueda estar en Oza viene motivado por el Plan Especial del puerto cuya revisión depende de la Autoridad Portuaria de A Coruña.*

*Por lo tanto, bueno, yo creo que era lógico que en esta moción se introdujera una instancia a la administración competente y que tiene la responsabilidad de que esa planta se sitúe donde parece que se va a situar. No creo que estemos pidiendo nada extraño.*

*Con respecto a la presente moción, señalar nuestro voto favorable y más ahora, una vez aceptada la enmienda que registramos, una enmienda en la que instamos, como decía, a la Autoridad Portuaria a buscar esa nueva ubicación y a revisar el Plan Especial del puerto, porque lo que queremos dejar claro y quiero dejarlo claro en esta intervención, es nosotros no nos oponemos, obviamente, a la existencia de la planta, sino a su ubicación en un punto tan sensible de la ciudad, por lo cual, con la finalidad de dejar clara esta postura del Gobierno local que no varió, además, desde que se nos preguntó por parte del Grupo Nacionalista Gallego en el año 2019 y en la que ya mostramos nuestro rechazo. El 5 de septiembre de 2019, como digo, en contestación a una pregunta escrita del BNG, señalamos que el Gobierno municipal mantiene la oposición de que exista en el muelle de Oza una planta que genere un riesgo medio ambiental. Ahí estábamos en 2019 y ahí seguimos en el 2022.*

*Como decía, esa planta es necesaria. Es necesaria por ese convenio internacional MARPOL que obliga a que existan plantas de tratamiento, almacenamiento y clasificación de estos desechos de la actividad portuaria. La realidad es que el*

Plan Especial de ordenación da zona porturaria do ano 2000, que debería ser actualizado 22 anos despois, permite ese uso na zona do peirao de Oza, é compatible porque permite eses usos industriais. O que sinalamos na nosa emenda é que é responsabilidade da Autoridade Portuaria, non deste goberno nin de ninguén máis.

*Plan Especial de ordenación de la zona portuaria del año 2000, que debería ser actualizado 22 años después, permite ese uso en la zona del muelle de Oza, es compatible porque permite esos usos industriales. Lo que señalamos en nuestra enmienda es que es responsabilidad de la Autoridad Portuaria, no de este gobierno ni de nadie más.*

Ademais, a maiores, temos esa autorización ambiental da Xunta de Galicia e a partires de aquí a situación é que a planta está sendo validada pola Autoridade Portuaria, toda vez que non modifica ese Plan Especial, que tampouco amosou a súa disposición a buscar outra ubicación noutro punto dos peiraos. Podería ser, como dicía creo que a señora Faraldo, podería ser Langosteira, podería ser esas novas, eses novos peiraos da cidade que están pensados precisamente para trasladar as actividades máis daniñas ao medio ambiente fóra da ría. Polo tanto, por que non levalo a Langosteira? Non é unha cousa que esteamos pechando aquí nós, pero bueno, podería ser unha alternativa a ter enriba da mesa.

*Además, a mayores, tenemos esa autorización ambiental de la Xunta de Galicia y a partir de aquí la situación es que la planta está siendo validada por la Autoridad Portuaria, toda vez que no modifica ese Plan Especial, que tampoco mostró su disposición a buscar otra ubicación en otro punto de los muelles. Podría ser, como decía creo que la señora Faraldo, podría ser Langosteira, podría ser esas nuevas, esos nuevos muelles de la ciudad que están pensados precisamente para trasladar las actividades más dañinas al medio ambiente fuera de la ría. Por lo tanto, ¿por qué no llevarlo a Langosteira? No es una cosa que estemos cerrando aquí nosotros, pero bueno, podría ser una alternativa a tener encima de la mesa.*

En todo caso, como digo, o porto o permite, a Xunta autoriza e, como sinalo, este goberno municipal mantén a súa posición. Se ben é certo que este servizo debe de estar máis cerca dos operadores que os xenera, no é menos certo que debemos evitar a potencialidade contaminante dos produtos que poidan poñer en risco zonas tan sensibles como a ría que precisamente neste momento estamos rexenerando.

*En todo caso, como digo, el puerto lo permite, la Xunta autoriza y, como señalo, este gobierno municipal mantiene su posición. Si bien es cierto que este servicio debe de estar más cerca de los operadores que los genera, no es menos cierto que debemos evitar la potencialidad contaminante de los productos que puedan poner en riesgo zonas tan sensibles como la ría que precisamente en este momento estamos regenerando.*

Bueno, así é que con independencia da posibilidade legal, que é unha posibilidade que existe, de ubicar a planta no peirao de Oza e con independencia tamén de que o emprazamento do servizo precise dun entorno portuario, a realidade

*Bueno, así es que con independencia de la posibilidad legal, que es una posibilidad que existe, de ubicar la planta en el muelle de Oza y con independencia también de que el emplazamiento del servicio necesite de un entorno portuario, la realidad es que*

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



é que se trata dunha actividade, como digo, moi comprometedora nun espazo medioambientalmente sensible e por iso solicitamos á Autoridade Portuaria que explore a posibilidade de trasladar a planta a outra ubicación do porto, a un entorno que non ameace dun xeito tan directo a un espazo medioambiental estratéxico da cidade e na súa ría, petición que como dicía no comezo da na miña intervención, recollemos na emenda.

*se trata de una actividad, como digo, muy comprometedora en un espacio medioambientalmente sensible y por eso solicitamos a la Autoridad Portuaria que explore la posibilidad de trasladar la planta a otra ubicación del puerto, a un entorno que no amenace de una manera tan directa a un espacio medioambiental estratégico de la ciudad y en su ría, petición que como decía en el comienzo de mi intervención, recogemos en la enmienda.*

Hai que lembrar que unha das principais razóns da construción do porto exterior, como dicía agora, foi alonxar da cidade as operativas e produtos perigosos e polo tanto, como operativa perigosa, como é o tema da limpeza de almacenamento de refugallos, pois debería estar nesa ubicación do porto exterior. Estaremos, desde logo, vixiantes coa tramitación deste expediente e trasladaremos os puntos do acordo desta moción ás administracións competentes coa finalidade, como diciamos, de buscar o mellor punto dentro do porto para a instalación necesaria desta actividade portuaria.

*Hay que recordar que una de las principales razones de la construcción del puerto exterior, como decía ahora, fue alejar de la ciudad las operativas y productos peligrosos y por lo tanto, como operativa peligrosa, como es el tema de la limpieza de almacenamiento de desechos, pues debería estar en esa ubicación del puerto exterior. Estaremos, desde luego, vigilantes con la tramitación de este expediente y trasladaremos los puntos del acuerdo de esta moción a las administraciones competentes con la finalidad, como decíamos, de buscar el mejor punto dentro del puerto para la instalación necesaria de esta actividad portuaria.*

Grazas.

*Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Díaz.

*Muchas gracias, señor Díaz.*

Pola parte propoñente, señora García: Se acepta a emenda?

*Por la parte proponente, señora García: ¿Se acepta la enmienda?*

**<u>Señora García Gómez</u>**

***<u>Señora García Gómez</u>***

Si.

*Sí.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Pois imos votar xa a moción coa emenda incorporada.

*Pues vamos a votar ya la moción con la enmienda incorporada.*

**Votación da primeira moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada co Grupo Municipal do Partido Socialista.**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, transaccionada co Grupo Municipal do Partido Socialista, sobre a planta de pretratamento de aceites de buques na dársena de Oza, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

**Presidencia**

Grazas.

Queda aprobada.

**12. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada co Grupo Municipal do**

***Votación de la primera moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Socialista .***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Socialista, sobre la planta de pretratamiento de aceites de buques en la dársena de Oza, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor a concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).*

*Vota a favor a concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

***Presidencia***

*Gracias.*

*Queda aprobada.*

***12. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con el Grupo Municipal***

**Partido Socialista sobre a planta de pretratamento de aceites de buques na dársena de Oza.**

**Acordo**

1. Amosar publicamente o rexeitamento do Pleno da Corporación á concesión da Autorización Ambiental Integrada á planta de pre-tratamento de aceites e hidrocarburos no Peirao de Oza.

2. Apoiar ás entidades veciñais e organizacións que se teñen posicionado en contra desta planta e xa teñen presentado alegacións ao proxecto.

3. Instar ao Goberno municipal a que se presente diante dos procedementos administrativos correspondentes, como parte interesada, co obxecto de impedir a ampliación desta planta no peirao de Oza.

4. Instar á Xunta de Galicia a denegar a Autorización Ambiental Integrada da planta de recepción e pre-tratamento de residuos xerados por buques na súa ubicación actual, procurando o seu traslado a unha área de menor afección ao uso público, ao marisqueo e ao medio natural.

5. Instar á Autoridade Portuaria da Coruña a buscar e poñer a disposición un emprazamento máis axeitado e menos comprometido en termos medioambientais para a instalación da planta, así como a iniciar os trámites de cara a unha modificación puntual do Plan Especial do Porto da Coruña (PEOZOS) e, en particular, ao referido á Área 7ª (peirao de Oza) que analice a compatibilidade de usos na zona procurando a interrelación porto-cidade.

**Segunda. Moción sobre demandas do barrio do Agra do Orzán.**

***del Partido Socialista sobre la planta de pretratamiento de aceites de buques en la dársena de Oza.***

***Acuerdo***

*1. Mostrar públicamente el rechazo del Pleno de la Corporación a la concesión de la Autorización Ambiental Integrada a la planta de pretratamiento de aceites e hidrocarburos en el Muelle de Oza.*

*2. Apoyar a las entidades vecinales y organizaciones que si han posicionado en contra de esta planta y ya han presentado alegatos al proyecto.*

*3. Instar al Gobierno municipal a que se presente delante de los procedimientos administrativos correspondientes, como parte interesada, con el objeto de impedir la ampliación de esta planta en el muelle de Oza.*

*4. Instar a la Xunta de Galicia a denegar la Autorización Ambiental Integrada de la planta de recepción y pretratamiento de residuos generados por buques en su ubicación actual, procurando su traslado a un área de menor afección al uso público, al marisqueo y al medio natural.*

*5. Instar a la Autoridad Portuaria de A Coruña a buscar y poner a disposición un emplazamiento más idóneo y menos comprometido en términos medioambientales para la instalación de la planta, así como a iniciar los trámites de cara a una modificación puntual del Plan Especial de Oporto de A Coruña (PEOZOS) y, en particular, a lo referido al área 7.ª (muelle de Oza) que analice la compatibilidad de usos en la zona procurando la interrelación puerto-ciudad.*

***Segunda. Moción sobre demandas del barrio del Agra del Orzán.***

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución do Grupo Municipal socialista.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de relevo del Grupo Municipal socialista.***

**Presidencia**

Segunda moción da Marea Atlántica sobre demandas do barrio da Agra do Orzán. Hai unha emenda de substitución do Grupo Municipal Socialista.

Señora García, ten a palabra.

**Ás dezaseis horas e vinte e dous minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

**Señora García Gómez**

Si. Pola mañá, cando falábamos do Parque do Observatorio a través dunha moción do BNG, tiñamos oportunidade de falar tamén da poboación da Agra do Orzán e da necesidade de espazos verdes e espazos públicos, e é que en realidade, bueno pois cunha densidade de poboación absolutamente extraordinaria no contexto europeo, cando se visita ás entidades da zona o espazo público está permanentemente na conversa e nas súas demandas.

Na década dos 70 a Agra do Orzán medrou extraordinariamente —pola mañá xa comentabamos— con bloques de cinco a sete plantas na meirande parte das rúas, pero que chegan ata as 15 no caso das avenidas, da Rolda de Nelle e da Rolda de Outeiro, e esta densidade de poboación, pois pon de manifesto, pois cando se fala coa Asociación veciñal da Agra do Orzán, cando se fala coa Asociación veciñal da praza do Comercio, cando se fala cos veciños e veciñas do camiño do Pinar, cos usuarios e as usuarias das hortas urbanas, etcétera, etcétera, e é que é un clamor realmente

***Presidencia***

*Segunda moción de la Marea Atlántica sobre demandas del barrio del Agra del Orzán. Hay una enmienda de sustitución del Grupo Municipal Socialista.*

*Señora García, tiene la palabra.*

***A las dieciséis horas y veintidós minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

***Señora García Gómez***

*Sí. Por la mañana, cuando hablábamos del Parque del Observatorio a través de una moción del BNG, teníamos oportunidad de hablar también de la población del Agra del Orzán y de la necesidad de espacios verdes y espacios públicos, y es que en realidad, bueno pues con una densidad de población absolutamente extraordinaria en el contexto europeo, cuando se visita a las entidades de la zona el espacio público está permanentemente en la conversación y en sus demandas.*

*En la década de los 70 el Agra del Orzán creció extraordinariamente —por la mañana ya comentábamos— con bloques de cinco a siete plantas en la mayor parte de las calles, pero que llegan hasta las 15 en el caso de las avenidas, de la Ronda de Nelle y de la Ronda de Outeiro, y esta densidad de población, pues pone de manifiesto, pues cuando se habla con la Asociación vecinal del Agra del Orzán, cuando se habla con la Asociación vecinal de la plaza del Comercio, cuando se habla con los vecinos y vecinas del camino del Pinar, con los usuarios y las usuarias de las huertas urbanas, etcétera, etcétera, y es*

que o barrio máis poboado da cidade da Coruña, pois dispoña de máis espazo público, de máis espazos verdes e non teñan que repartirse un metro cadrado entre tres persoas, como comentabamos pola mañá.

*que es un clamor realmente que el barrio más poblado de la ciudad de A Coruña, pues disponga de más espacio público, de más espacios verdes y no tengan que repartirse un metro cuadrado entre tres personas, como comentábamos por la mañana.*

Xa tivemos oportunidade de falar das demandas, o futuro, as perspectivas do Parque do Observatorio que debería ser como mínimo abrirse as portas, derrubar os muros, pero tendendo a ampliar esa zona verde con investimento municipal se fose necesario. Aí a Marea Atlántica se presta, realmente, pois a facilitar unha solución máis ambiciosa que a que está enriba da mesa. A verdade é que a situación se volve máis acuciante se temos en conta os plans previstos, se o Goberno municipal non o corrixe, para San Pedro de Visma, entre 3.000 e 4.000 vivendas previstas no Plan Parcial de Ordenación Sur 1 que xa non só é un desenvolvemento urbanístico froito dunha mentalidade dos anos 90, bueno pois cun goberno socialista que parece que se consolida con outro goberno socialista, senón que, bueno, teremos oportunidade de falar diso proximamente, pero senón que ademais, pois se leva por diante un montón de cuestións que convén, procede conservar e protexer, unha delas son as hortas urbanas, por ese motivo non habemos aceptar a emenda que plantexa o Partido Socialista de reubicar as hortas urbanas, pero outra é o camiño de Visma, a Arqueta dos Frades e o patrimonio cultural que está na zona, e dende logo cremos que a Agra do Orzán non se pode permitir o luxo de seguir perdendo espazo público e zonas verdes, máis ben o contrario, e que a evolución no século XXI, deixando atrás xa o desarrollismo dos anos 90, o PXOM do vazquismo, a burbulla inmobiliaria e todos eses procesos que nos deberían ter ensinado algo, bueno, pois que

*Ya tuvimos oportunidad de hablar de las demandas, el futuro, las perspectivas del Parque del Observatorio que debería ser como mínimo abrirse las puertas, derribar los muros, pero tendiendo a ampliar esa zona verde con inversión municipal si fuera necesario. Ahí la Marea Atlántica se presta, realmente, pues a facilitar una solución más ambiciosa que la que está encima de la mesa. La verdad es que la situación se vuelve más acuciante si tenemos en cuenta los planes previstos, si el Gobierno municipal no lo corrige, para San Pedro de Visma, entre 3.000 y 4.000 viviendas previstas en el Plan Parcial de Ordenación Sur 1 que ya no solo es un desarrollo urbanístico fruto de una mentalidad de los años 90, bueno pues con un gobierno socialista que parece que se consolida con otro gobierno socialista, sino que, bueno, tendremos oportunidad de hablar de eso próximamente, pero sino que además, pues se lleva por delante un montón de cuestiones que conviene, procede conservar y proteger, una de ellas son las huertas urbanas, por ese motivo no aceptaremos la enmienda que plantea el Partido Socialista de reubicar las huertas urbanas, pero otra es el camino de Visma, la Arqueta de los Frades y el patrimonio cultural que está en la zona, y desde luego creemos que el Agra del Orzán no se puede permitir el lujo de seguir perdiendo espacio público y zonas verdes, más bien lo contrario, y que la evolución en el siglo XXI, dejando atrás ya el desarrollismo de los años 90, el PGOM del 176asquismo, la burbuja inmobiliaria y todos esos procesos que nos deberían haber enseñado algo, bueno, pues que deberíamos seguir con*

deberíamos seguir cunha estratexia noutra dirección.

O que traemos a aprobación do Pleno, pois en primeiro lugar blindar as ecohortas que están prestando unha función ambiental e social no barrio da Agra do Orzán; en segundo lugar, como xa comentabamos, de maneira inmediata abrir a acceso público o Parque do Observatorio, atendendo a demanda histórica da veciñanza; propoñer unha solución inmediata á accesibilidade para as escaleiras do camiño do Pinar; salvagardar as zonas peonís do barrio da ocupación por coches e o aparcamento indebido; manter a través dun plan de mantemento de beirarrúas en rúas como a avenida das Conchiñas e Vila de Cee, entre outras moitas; e rematar os xardíns que se acondicionaron na praza do Comercio. Son algunhas das demandas que puidemos recoller e que trasladamos aquí para interés da Corporación.

Nada máis.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora García.

Turno para a señora Soneira.

**Señora Soneira Lema**

Gracias.

Paréceme moi ben traída esta moción por parte do Grupo da Marea Atlántica porque considero que as ecohortas son espazos urbanos moi apreciados polos veciños e veciñas deste concello, ademais eu o penso de corazón, que poucas cousas hai tan satisfactorias como cultivar as súas propias hortalizas para despois levalas ó prato. Por iso, por iso considero que esos espazos municipais dedicados a

*una estrategia en otra dirección.*

*Lo que traemos a aprobación del Pleno, pues en primer lugar blindar las ecohuertas que están prestando una función ambiental y social en el barrio de la Agra del Orzán; en segundo lugar, como ya comentábamos, de manera inmediata abrir al acceso público el Parque del Observatorio, atendiendo la demanda histórica del vecindario; proponer una solución inmediata a la accesibilidad para las escaleras del camino del Pinar; salvaguardar las zonas peatonales del barrio de la ocupación por coches y el aparcamiento indebido; mantener a través de un plan de mantenimiento de aceras en calles como la avenida de las Conchiñas y Vila de Cee, entre otras muchas; y finalizar los jardines que se acondicionaron en la plaza del Comercio. Son algunas de las demandas que pudimos recoger y que trasladamos aquí para interés de la Corporación.*

*Nada más.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora García.*

*Turno para la señora Soneira.*

***Señora Soneira Lema***

*Gracias.*

*Me parece muy bien traída esta moción por parte del Grupo de la Marea Atlántica porque considero que las ecohuertas son espacios urbanos muy apreciados por los vecinos y vecinas de este ayuntamiento, además yo lo creo de corazón, que pocas cosas hay tan satisfactorias como cultivar sus propias hortalizas para después llevarlas al plato. Por eso, por eso considero que esos espacios municipales*

ecohortas non deben desaparecer baixo ningún concepto. Convén protexer os que existen e amplialos na medida do posible. Penso que ademais poden ser incluso moi importantes para que as persoas maiores coa súa experiencia neste tipo de actividad podan fomentar, como mínimo, a curiosidade dos cativos e cativas, sobre todo no que é todo o proceso de plantación ata o momento de recoller os seus frutos. Inda que pareza unha tontería, inda que pareza unha tontería, me parece que é moi importante que os nenos e as nenas se nutran das experiencias dos maiores. Que mellor oportunidad que esta. Por tanto, creo que é moi necesaria, desta maneira tamén os apartaríamos os cativos durante un tempo estando nesta actividad que seguro que lles vai a parecer incluso máis interesantes que estar co teléfono, tablet, etcétera, etcétera, todo o tempo.

*dedicados a ecohuertas no deben desaparecer bajo ningún concepto. Conviene proteger los que existen y ampliarlos en la medida de lo posible. Creo que además pueden ser incluso muy importantes para que las personas mayores con su experiencia en este tipo de actividad puedan fomentar, como mínimo, la curiosidad de los niños y niñas, sobre todo en lo que es todo el proceso de plantación hasta el momento de recoger sus frutos. Aunque parezca una tontería, aunque parezca una tontería, me parece que es muy importante que los niños y las niñas se nutran de las experiencias de los mayores. Qué mejor oportunidad que esta. Por tanto, creo que es muy necesaria, de esta manera también apartaríamos a los niños durante un tiempo estando en esta actividad que seguro que les va a parecer incluso más interesantes que estar con el teléfono, tableta, etcétera, etcétera, todo el tiempo.*

Por tanto, me parece que vai a redundar de maneira moi positiva, moi positiva, nos veciños e veciñas deste concello e me parece que incluso pode ser algo moi pedagóxico. Por tanto, o meu voto vai a ser favorable.

*Por tanto, me parece que va a redundar de manera muy positiva, muy positiva, en los vecinos y vecinas de este ayuntamiento y me parece que incluso puede ser algo muy pedagógico. Por tanto, mi voto va a ser favorable.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Soneira.

*Muchas gracias, señora Soneira.*

Turno para a señora Faraldo.

*Turno para la señora Faraldo.*

**Señora Faraldo Calvo**

***Señora Faraldo Calvo***

Grazas.

*Gracias.*

Recreándose nunha lección de historia que pode ser de agradecer, esta moción volve a salientar un problema básico do barrio do Agra do Orzán: a falta de espazos verdes e de lecer para a densidade de poboación da mesma, sexa cal sexa a súa orixe de nacemento, e polo

*Recreándose en una lección de historia que puede ser de agradecer, esta moción vuelve a destacar un problema básico del barrio del Agra del Orzán: la falta de espacios verdes y de ocio para la densidad de población de la misma, sea cuál sea su origen de nacimiento, y por lo tanto es*

tanto é grande a oportunidade que para a veciñanza é o uso público do Parque do Observatorio que vimos xa de aprobar por unanimidade na moción do BNG. Polo tanto, esa materia xa está aprobada aínda que volva, insisto, a recrearse nesta moción. Xa o estaba en xuño do 2022.

*grande la oportunidad que para el vecindario es el uso público del Parque del Observatorio que acabamos ya de aprobar por unanimidad en la moción del BNG. Por lo tanto, esa materia ya está aprobada aunque vuelva, insisto, a recrearse en esta moción. Ya lo estaba en junio del 2022.*

No resto da moción atopámonos con demandas ben coñecidas por todas que son ademais reivindicacións veciñais de peso para a mellora de calidade de vida do barrio. É así o caso das escaleiras do camiño do Pinar no cruce con Manuel Deschamps, barrera arquitectónica que recolle a finais do ano pasado máis de 400 sinaturas para pedirlle ó Concello a súa eliminación. O coidado dos xardíns da praza do Comercio é outra recurrente demanda da zona por non ter un mantemento periódico que fai que cada certo tempo a veciñanza teña que solicitar o recorte dos arbustos que invaden as beirarrúas, salvaguardar as zonas peonís dos coches na praza das Conchiñas e por extensión en todas as prazas. Unha vez máis sale a relucir a problemática convivencia de coches na cidade.

*En el resto de la moción nos encontramos con demandas bien conocidas por todas que son además reivindicaciones vecinales de peso para la mejora de calidad de vida del barrio. Es así el caso de las escaleras del camino del Pinar en el cruce con Manuel Deschamps, barrera arquitectónica que recoge a finales del año pasado más de 400 firmas para pedirle al Ayuntamiento su eliminación. El cuidado de los jardines de la plaza del Comercio es otra recurrente demanda de la zona por no tener un mantenimiento periódico que hace que cada cierto tiempo el vecindario tenga que solicitar el recorte de los arbustos que invaden las aceras, salvaguardar las zonas peatonales de los coches en la plaza de las Conchiñas y por extensión en todas las plazas. Una vez más sale a relucir la problemática convivencia de coches en la ciudad.*

No tema das beirarrúas creo que merecerían outra moción sobre un plan integral de adecuación e arranxo de boa parte delas en toda a cidade.

*En el tema de las aceras creo que merecerían otra moción sobre un plan integral de adecuación y arreglo de buena parte de ellas en toda la ciudad.*

Aplaudimos con convencemento todo o relativo ás ecohortas especificado na moción. Os seus beneficios, tanto para a vida barrial como para a vida doméstica, como desde a perspectiva más ampla de adaptación á emerxencia climática e polo tanto nos parece vital asegurar a súa permanencia, potencialas e protexer o seu funcionamento no barrio.

*Aplaudimos con convencimiento todo lo relativo a las ecohuertas especificado en la moción. Sus beneficios, tanto para la vida barrial cómo para la vida doméstica, como desde la perspectiva más amplia de adaptación a la emergencia climática y por lo tanto nos parece vital asegurar su permanencia, potenciarlas y proteger su funcionamiento en el barrio.*

Aínda que soe algo xenérico eso de asegurar a boa convivencia dos veciños e veciñas residentes, onde cremos que hai

*Aunque suene algo genérico eso de asegurar la buena convivencia de los vecinos y vecinas residentes, donde*

que apelar tamén á corresponsabilidade, vaia por diante o noso voto a favor dunha moción que no seu conxunto supón melloras para o barrio da Agra do Orzán.

*creemos que hay que apelar también a la corresponsabilidad, vaya por delante nuestro voto a favor de una moción que en su conjunto supone mejoras para el barrio del Agra del Orzán.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para a señora Martínez.

*Turno para la señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

***Señora Martínez Lema***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Tratándose de demandas veciñais o meu voto será a favor.

*Tratándose de demandas vecinales mi voto será a favor.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Turno para o BNG, señora Veira.

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

En primeiro lugar sinalar que imos votar a favor desta moción, por comezar dicindo que nalgúns dos puntos é reiterativa con outras mocións do BNG, xa non só sobre a que acabamos de debater, sobre o Parque do Observatorio, senón tamén á que presentamos en xuño de 2022. Para continuar, o acordo ó que se refire as ecohortas, nós consideramos que un planeamento adaptado ó século XXI tería que ser respectuoso coas cuestións existentes onde se vai actuar, cuestións existentes que son interesantes para, valga a redundancia, para o interese público. Falamos das ecohortas ou podemos falar do mantemento do patrimonio e da Arqueta dos Frades, non? Hai cuestións que son a preservar, que entendemos que un planeamento

*En primer lugar señalar que vamos a votar a favor de esta moción, por comenzar diciendo que en algunos de los puntos es reiterativa con otras mociones del BNG, ya no solo sobre la que acabamos de debatir, sobre el Parque del Observatorio, sino también a la que presentamos en junio de 2022. Para continuar, el acuerdo al que se refiere las ecohuertas, nosotros consideramos que un planeamiento adaptado al siglo XXI tendría que ser respetuoso con las cuestiones existentes donde se va a actuar, cuestiones existentes que son interesantes para, valga la redundancia, para el interés público. Hablamos de las ecohuertas o podemos hablar del mantenimiento del patrimonio y de la Arqueta de los Frades, ¿no? Hay cuestiones que son a preservar, que*

adaptado ó século XXI pois debería de respectar como mínimo, non?

*entendemos que un planeamiento adaptado al siglo XXI pues debería de respetar como mínimo, ¿no?*

En terceiro lugar, a cuestión das escaleiras do camiño do Pinar que o propio Goberno local ten dito que non é posíbel executar. Ben, eu quero recordar que tamén se lle dixo á veciñanza dos Rosales que non se podía facer o camiño do Cura e ó final o camiño do Cura fíxose. Que era imposíbel facer o camiño do Cura, que aquilo era inviábel e ó final, pois trouxéronse aquí modificacións puntuais do PXOM para facer posíbel o camiño do Cura. O que quero dicir con isto é que a veciñanza non deixe de reivindicalo e nós non imos deixar de trasladalo aquí, a este pleno. Témolo trasladado a través dun rogo escrito e creo que hai que continuar presionando para que iso sexa unha realidade porque antes das escaleiras había unha rampla, non sei se o saben, e de repente apareceron unhas escaleiras. Como hai agora unhas escaleiras pode volver haber unha rampla. Polo tanto, tan complicado non debe de ser a cuestión. É unha cuestión básica, básica, básica de accesibilidade.

Non frivolicemos e démoslle un pouco de altura aos debates, señor Jorquera, que... non, vostede podería cuestionar todo o que considerase, pero creo que a estas alturas está claro que a nosa cidade ten un liderazgo claro e ten unha alcaldesa que non sei se é Superwoman, como vostede deslizou, non é Superwoman pero, desde logo, creo que deixou ben claro o liderazgo ao longo destes 3 anos e medio, e creo que queda bastante reflexada en algunhas decisións que se teñen tomado. Polo tanto, súmese vostede, faga propostas construtivas e estou seguro que nese camiño podemos atoparnos. Mire como a señora Soneira, cada vez que ten oportunidade, formula unha proposta en positivo, bueno, pois aprendamos todos que todos aprendemos tódolos días, eu polo menos, seguramente son o que menos sei de todos os que hai aquí neste salón de plenos. Moitas grazas.

*No frivolicemos y démosle un poco de altura a los debates, señor Jorquera, que... no, usted podría cuestionar todo lo que considerara, pero creo que a estas alturas claro está que nuestra ciudad tiene un liderazgo claro y tiene una alcaldesa que no sé si es Superwoman, como usted deslizó, no es Superwoman pero, desde luego, creo que dejó bien claro el liderazgo a lo largo de estos 3 años y medio, y creo que queda bastante reflejada en algunas decisiones que se han tomado. Por lo tanto, súmese usted, haga propuestas constructivas y estoy seguro que en ese camino podemos encontrarnos. Mire cómo la señora Soneira, cada vez que tiene oportunidad, formula una propuesta en positivo, bueno, pues aprendamos todos que todos aprendemos todos los días, yo por lo menos, seguramente soy el que menos sé de todos los que hay aquí en este salón de plenos. Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

Superwoman non sei pero súper paciencia cos tempos teño dabondo, eh?.

Seguinte pregunta do BNG.

Poden escapar todos. Señor Borrego, substitúame, por favor, nesta pregunta. Poden saír os concelleiros e concelleiras que o desexen, poden entrar tamén, señor Deus, pode pasar.

***<u>Presidencia</u>***

*Superwoman no sé pero súper paciencia con los tiempos tengo de sobra, ¿eh?.*

*Siguiente pregunta del BNG.*

*Pueden escapar todos. Señor Borrego, sustitúyame, por favor, en esta pregunta. Pueden salir los concejales y concejalas que lo deseen, pueden entrar también, señor Deus, puede pasar.*

**Ás dezasete horas e corenta e oito minutos, entran no Salón de Sesións os señores Lema Suárez e Deus Álvarez e saen o señor Rodríguez Martínez, as señoras Martínez Acón, Cendán Gayoso e a señora alcaldesa, e pasa a presidir a sesión o señor Borrego Vázquez.**

***A las diecisiete horas y cuarenta y ocho minutos, entran en el Salón de Sesiones los señores Lema Suárez y Deus Álvarez y salen el señor Rodríguez Martínez, las señoras Martínez Acón, Cendán Gayoso y la señora alcaldesa, y pasa a presidir la sesión el señor Borrego Vázquez.***

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre mobilidade peonil.**

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre movilidad peatonal.***

**Presidencia**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Segunda pregunta sobre mobilidade peonil, ten a palabra.

**Señora Veira González**

Canto cre o Goberno local que se tarda en pintar un paso de peóns?

**Señor Díaz Gallego**

Depende.

**Señora Veira González**

Supoñía que esa sería a resposta.

Señor Lage, non sei se é sumar, dividir, restar ou multiplicar pero, ás veces, un máis un dá sete, teña coidado.

En todo caso, en canto á pregunta oral que formulamos, debe depender, debe depender, supoñía que a resposta sería depende, ás veces debe depender incluso do distrito e non só da distancia nin do que haxa que pintar. Na praza de Lugo pode aparecer da noite para a mañá un paso de peóns en forma de X ao carón de catro pasos de peóns en rúas cunha densidade de tráfico ben pequena.

**Ás dezasete horas e corenta e nove minutos sae do Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

Pero na avenida de Arteixo debe de levar máis dun ano pintar un paso de peóns, un paso de peóns que, ademais está, como ben digo, na propia avenida onde hai 300 metros de avenida onde non hai un paso de peóns. Iso, malia que era unha demanda da veciñanza da zona, unha demanda que se reflectiu nos Orzamentos Participativos de 2022 e que estaba

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Segunda pregunta sobre movilidad peatonal, tiene la palabra.*

***Señora Veira González***

*¿Cuánto cree el Gobierno local que se tarda en pintar un paso de cebra?*

***Señor Díaz Gallego***

*Depende.*

***Señora Veira González***

*Suponía que esa sería la respuesta.*

*Señor Lage, no sé si es sumar, dividir, restar o multiplicar pero, a veces, uno más uno da siete, tenga cuidado.*

*En todo caso, en cuanto a la pregunta oral que formulamos, debe depender, debe depender, suponía que la respuesta sería depende, a veces debe depender incluso del distrito y no solo de la distancia ni de lo que haya que pintar. En la plaza de Lugo puede aparecer de la noche a la mañana un paso de cebra en forma de X a un lado de cuatro pasos de cebra en calles con una densidad de tráfico bien pequeña.*

***A las diecisiete horas y cuarenta y nueve minutos sale del Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.***

*Pero en la avenida de Arteixo debe de llevar más de un año pintar un paso de cebra, un paso de cebra que, además está, como bien digo, en la propia avenida donde hay 300 metros de avenida donde no hay un paso de cebra. Eso, a pesar de que era una demanda del vecindario de la zona, una demanda que se reflejó en los Presupuestos Participativos de 2022 y que*

recollido, precisamente, no anexo de investimentos do Orzamento de 2022 cunha dotación de 85.000 €, e o que vemos é que un ano despois e pasado o 2022 non se executou este paso de peóns e a verdade é que nos chama moito a atención por dous motivos: primeiro, pola desidia absoluta na aplicación desta proposta, unha desidia absoluta do Goberno local en executar os orzamentos participativos, cuestión que, ademais, está a xerar unha frustración importante na cidadanía.

*estaba recogido, precisamente, en el anexo de inversiones del Presupuesto de 2022 con una dotación de 85.000 €, y lo que vemos es que un año después y pasado el 2022 no se ejecutó este paso de cebra y la verdad es que nos llama mucho la atención por dos motivos: primero, por la desidia absoluta en la aplicación de esta propuesta, una desidia absoluta del Gobierno local en ejecutar los presupuestos participativos, cuestión que, además, está generando una frustración importante en la ciudadanía.*

A cidadanía fai propostas que se inclúen nos orzamentos pero logo non se executan e esta é unha cuestión da que o Goberno local é único responsábel e que ten, ademais, que explicar. Pero, en segundo lugar, chámanos a atención esta cuestión porque simboliza unha certa deixadez do Goberno local á hora de priorizar a mobilidade peonil e non só podemos falar de mobilidade peonil ou non falemos só de mobilidade peonil á hora de gañar o que se di gañar espazo para os peóns e peonalizar.

*La ciudadanía hace propuestas que se incluyen en los presupuestos pero luego no se ejecutan y esta es una cuestión de la que el Gobierno local es único responsable y que tiene, además, que explicar. Pero, en segundo lugar, nos llama la atención esta cuestión porque simboliza una cierta dejadez del Gobierno local a la hora de priorizar la movilidad peatonal y no solo podemos hablar de movilidad peatonal o no hablemos solo de movilidad peatonal a la hora de ganar lo que se dice ganar espacio para los peones y peatonalizar.*

**Ás dezasete horas e cincuenta e dous minutos sae do Salón de Sesións a señora Soneira Lema.**

***A las diecisiete horas y cincuenta y dos minutos sale del Salón de Sesiones la señora Soneira Lema.***

Nós cremos que, realmente, priorizar a mobilidade peonil consiste en moito máis, consiste en regular os semáforos priorizando os pasos de peóns, que os tempos nos pasos de peóns regulados por semáforos sexan para as persoas ou estean medidos para as persoas máis vulnerábeis, nese sentido hai varios puntos negros na cidade. Un deles é o de Manuel Murguía con paseo de Ronda, que nos transmitiron en reiteradas ocasións a AMPA da Aneja de Prácticas, da Normal, que hai un problema neses pasos de peóns porque os nenos teñen que cruzar mesmo correndo. Podemos falar da praza de Ourense, onde o semáforo é

*Nosotros creemos que, realmente, priorizar la movilidad peatonal consiste en mucho más, consiste en regular los semáforos priorizando los pasos de cebra, que los tiempos en los pasos de cebra regulados por semáforos sean para las personas o estén medidos para las personas más vulnerables, en ese sentido hay varios puntos negros en la ciudad. Uno de ellos es el de Manuel Murguía con paseo de Ronda, que nos transmitieron en reiteradas ocasiones la AMPA de la Aneja de Prácticas, de la Normal, que hay un problema en esos pasos de cebra porque los niños tienen que cruzar incluso corriendo. Podemos hablar de la plaza de*

imposíbel de cruzar por unha persoa sana de mediana idade en tempo.

*Ourense, donde el semáforo es imposible de cruzar por una persona sana de mediana edad en tiempo.*

Outra das cuestións que nós cremos que ten que ser prioritaria para o Goberno local é o estado das beirarrúas. O que non pode ser é que as beirarrúas sexan un auténtico obstáculo para a mobilidade peonil e, nese sentido, cremos que hai moito que traballar por parte deste goberno local. A elevación dos pasos de peóns tamén ten que ser unha prioridade para este goberno local e temos que dicir que, desde que non está o señor Díaz Villoslada, non se está traballando nesta liña practicamente en ningunha parte nesta cidade.

*Otra de las cuestiones que nosotros creemos que tiene que ser prioritaria para el Gobierno local es el estado de las aceras. Lo que no puede ser es que las aceras sean un auténtico obstáculo para la movilidad peatonal y, en ese sentido, creemos que hay mucho que trabajar por parte de este gobierno local. La elevación de los pasos de cebra también tiene que ser una prioridad para este gobierno local y tenemos que decir que, desde que no está el señor Díaz Villoslada, no se está trabajando en esta línea prácticamente en ninguna parte en esta ciudad.*

Hai moitas tarefas por levar a cabo na nosa cidade para priorizar a mobilidade peonil que non son estritamente a peonalización de rúas pero que si que son importantes para que a cidadanía, para que as persoas máis vulnerábeis e as que teñen dificultades de accesibilidade poidan empregar a rúa en pé de igualdade co resto.

*Hay muchas tareas por llevar a cabo en nuestra ciudad para priorizar la movilidad peatonal que no son estrictamente la peatonalización de calles pero que sí que son importantes para que la ciudadanía, para que las personas más vulnerables y las que tienen dificultades de accesibilidad puedan emplear la calle en pie de igualdad con el resto.*

**Ás dezasete horas e cincuenta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Rodríguez Martínez.**

***A las diecisiete horas y cincuenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Rodríguez Martínez.***

**Señor Díaz Gallego**

***Señor Díaz Gallego***

Si, bueno, señora Veira, podemos entrar en demagoxias, falar da praza de Lugo e o paso de cebra da avenida de Arteixo. A realidade é que o paso de cebra da praza de Lugo é só pintura e, polo tanto, é o contrato de mantemento de sinalización horizontal, é mandar o contrato de mantemento nunha mañá a pintar un paso de cebra como se pintaron outros noutros barrios da cidade como, por exemplo, se pintou un detrás do Curros Enríquez, en Monte Alto, que non existía e que non require obra nin hai que ir a facer ningún

*Sí, bueno, señora Veira, podemos entrar en demagogias, hablar de la plaza de Lugo y el paso de cebra de la avenida de Arteixo. La realidad es que el paso de cebra de la plaza de Lugo es solo pintura y, por lo tanto, es el contrato de mantenimiento de señalización horizontal, es mandar el contrato de mantenimiento en una mañana a pintar un paso de cebra como se pintaron otros en otros barrios de la ciudad como, por ejemplo, se pintó uno detrás del Curros Enríquez, en Monte Alto, que no existía y que no requiere obra ni hay que ir a hacer*

tipo de intervención, e outra cousa é facer un paso de cebra novo que require toda unha mellora de accesibilidade da beirarrúa, que require partir a mediana verde arborada que está na avenida de Arteixo, que require elevar unha calzada con un proxecto que se presentou, como ben dicía, aos presupostos participativos, que ten un orzamento de 85.000 € e que, polo tanto, ten que ser licitado.

E falaba de desidia. O Goberno local redactou xa ese proxecto, o proxecto está redactado, xa sabemos o custo da obra, estamos esperando os informes necesarios para poder licitar o proxecto e será licitado, vamos, á maior brevidade, pero non se trata nin dun tema de que estea no distrito 10, no 7, no 15, no 1 ou no 24 nin dunha cuestión de desidia do Goberno municipal por ese paso de cebra na avenida de Arteixo, o que pasa é que non é unha intervención simplemente de pintura, se fose de unha intervención simplemente de pintura, nunha mañá estaba resolto, de aí tamén a nosa resposta inicial de depende.

O comentario que facía á marxe sobre outros temas de mobilidade peonil como pode ser a priorización dos peóns nos pasos de cebra xa se está facendo tamén unha adaptación, sobre todo á normativa que cambia os tempos nos semáforos para o paso peonil e xa se está notando en algúns pasos de cebra na cidade. O caso de Manuel Murguía, esa queixa xa nola trasladou a AMPA do cole e xa se fixo nas horas punta, digamos, de entrada e saída do colexio que hai ese ámbar que non funciona nesas horas que, precisamente, bueno, pois causa, loxicamente, retencións no tráfico pero quixemos priorizar o acceso ao centro escolar e é certo que hai un problema na praza de Ourense que xa está en marcha tamén a súa solución.

*ningún tipo de intervención, y otra cosa es hacer un paso de cebra nuevo que requiere toda una mejora de accesibilidad de la acera, que requiere partir la mediana verde arbolada que está en la avenida de Arteixo, que requiere elevar una calzada con un proyecto que se presentó, como bien decía, a los presupuestos participativos, que tiene un presupuesto de 85.000 € y que, por lo tanto, tiene que ser licitado.*

*Y hablaba de desidia. El Gobierno local redactó ya ese proyecto, el proyecto está redactado, ya sabemos el coste de la obra, estamos esperando los informes necesarios para poder licitar el proyecto y será licitado, vamos, a la mayor brevedad, pero no se trata ni de un tema de que esté en el distrito 10, en el 7, en el 15, en el 1 o en el 24 ni de una cuestión de desidia del Gobierno municipal por ese paso de cebra en la avenida de Arteixo, lo que pasa es que no es una intervención simplemente de pintura, si fuera de una intervención simplemente de pintura, en una mañana estaba resuelto, de ahí también nuestra respuesta inicial de depende.*

*El comentario que hacía al margen sobre otros temas de movilidad peatonal como puede ser la priorización de los peatones en los pasos de cebra ya se está haciendo también una adaptación, sobre todo a la normativa que cambia los tiempos en los semáforos para el paso peatonal y ya se está notando en algunos pasos de cebra en la ciudad. El caso de Manuel Murguía, esa queja ya nos la trasladó la AMPA del cole y ya se hizo en las horas punta, digamos, de entrada y salida del colegio que hay ese ámbar que no funciona en esas horas que, precisamente, bueno, pues causa, lógicamente, retenciones en el tráfico pero quisimos priorizar el acceso al centro escolar y es cierto que hay un problema en la plaza de Ourense que ya está en marcha también su solución.*

En todo caso, falaba tamén de frustración importante na veciñanza polo cumprimento dos orzamentos participativos. Alegrámonos do nivel de esixencia actual coa execución dos orzamentos participativos. Eu só quero recordar a esta corporación que, cando este goberno local chegou en xuño de 2019, tiñamos sen executar orzamentos participativos do 16, do 17, do 18 e propios do ano 19, polo tanto, que agora se estean a reclamar proxectos da anterior convocatoria de orzamentos participativos e este nivel de esixencia estea a xenerar unha frustración importante o que quere dicir é que, dende logo, este goberno local mellorou amplamente os tempos de execución dos orzamentos participativos. Grazas.

**Ás dezasete horas e cincuenta e seis minutos entra no Salón de Sesións as señoras Soneira Lema, Martínez Acón, e a señora alcaldesa que pasa a presidir a sesión.**

**Presidencia**

Moitas grazas.

Terceira e última pregunta do BNG. Señor Jorquera.

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre a Casa Cornide.**

**Señor Jorquera Caselas**

Sobre a Casa Cornide, señores e señoras do Goberno local, que?

***Señor Celemín Santos***

*Señor Jorquera, se me pregunta "que" danme ganas de contestarlle "ixo",* **(risos)**, *pero ben, que de que, estamos aí.*

**Señor Jorquera Caselas**

*En todo caso, hablaba también de frustración importante en la vecindad por el cumplimiento de los presupuestos participativos. Nos alegramos del nivel de exigencia actual con la ejecución de los presupuestos participativos. Yo solo quiero recordar a esta corporación que, cuando este gobierno local llegó en junio de 2019, teníamos sin ejecutar presupuestos participativos del 16, del 17, del 18 y propios del año 19, por lo tanto, que ahora se estén reclamando proyectos de la anterior convocatoria de presupuestos participativos y este nivel de exigencia esté a generar una frustración importante lo que quiere decir es que, desde luego, este gobierno local mejoró ampliamente los tiempos de ejecución de los presupuestos participativos. Gracias.*

***A las diecisiete horas y cincuenta y seis minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras Soneira Lema, Martínez Acón, y la señora alcaldesa que pasa a presidir la sesión.***

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Tercera y última pregunta del BNG. Señor Jorquera.*

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre la Casa Cornide.***

***Señor Jorquera Caselas***

*Sobre la Casa Cornide, señores y señoras del Gobierno local, ¿qué?*

**Señor Celemín Santos**

Señor Jorquera, si me pregunta "qué" me dan ganas de contestarle "so", ***(risas)***, pero bueno, qué de qué, estamos ahí.

***Señor Jorquera Caselas***

Señor concelleiro, recorro á pregunta que inmortalizara o xornalista deportivo coruñés Lolo Gantes, por desgraza hai anos falecido, cando nunha comparecencia de imprensa do adestrador do Deportivo abriu a quenda de preguntas formulándolle a seguinte cuestión: Arsenio, que? Acababa de inventar a pregunta total. E teño que admitir que recorro á pregunta total porque xa non sei como preguntarlle pola Casa Cornide.

*Señor concejal, recurro a la pregunta que había inmortalizado el periodista deportivo coruñés Lolo Gantes, por desgracia hace años fallecido, cuando en una comparecencia de prensa del entrenador del Deportivo abrió el turno de preguntas formulándole la siguiente cuestión: Arsenio, ¿qué? Acababa de inventar la pregunta total. Y tengo que admitir que recurro a la pregunta total porque ya no sé cómo preguntarle por la Casa Cornide.*

**Ás dezasete horas e cincuenta e oito minutos entre no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

***A las diecisiete horas y cincuenta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.***

O 12 de setembro de 2019 este pleno aprobaba por unanimidade unha moción do BNG instando ao Goberno local a iniciar os trámites para que o Concello da Coruña interpoña unha demanda xudicial para reclamar a restitución ao Concello da Coruña da titularidade da Casa Cornide. Desde o verán de 2020 vostedes dispoñen dun estudio histórico. Desde decembro de 2020 dispoñen tamén do informe xurídico sobre as vías de recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público.

*El 12 de septiembre de 2019 este pleno aprobaba por unanimidad una moción del BNG instando al Gobierno local a iniciar los trámites para que el Ayuntamiento de A Coruña interponga una demanda judicial para reclamar la restitución al Ayuntamiento de A Coruña de la titularidad de la Casa Cornide. Desde el verano de 2020 ustedes disponen de un estudio histórico. Desde diciembre de 2020 disponen también del informe jurídico sobre las vías de recuperación de la Casa Cornide para el patrimonio público.*

No que levamos de mandato esta é a sexta vez que preguntamos en Pleno pola cuestión. Preguntamos do dereito e do revés, que medidas vai adoptar o Concello da Coruña para evitar o espolio da Casa Cornide, cando ten pensado o Goberno local presentar a demanda xudicial para recuperar a Casa Cornide para o patrimonio público, que pasos está a dar o Goberno local para avanzar no camiño para a recuperación da Casa Cornide para as coruñesas e coruñeses, vai iniciar o Goberno municipal accións legais antes do remate do século XXI para recuperar a Casa Cornide, está o Goberno local en condicións de asegurar que se

*En lo que llevamos de mandato esta es la sexta vez que preguntamos en Pleno por la cuestión. Preguntamos del derecho y del revés, ¿qué medidas va a adoptar el Ayuntamiento de A Coruña para evitar el expolio de la Casa Cornide?, ¿cuándo ha pensado el Gobierno local presentar la demanda judicial para recuperar la Casa Cornide para el patrimonio público?, ¿qué pasos está dando el Gobierno local para avanzar en el camino para la recuperación de la Casa Cornide para las coruñesas y coruñeses?, ¿va a iniciar el Gobierno municipal acciones legales antes del final del siglo XXI para recuperar la Casa Cornide?, ¿está el Gobierno local en*

iniciarán as accións legais sen exceder o tempo empregado por Michelangelo para pintar a Capela Sistina? E vostede o único que fixo é responder como Aznar: *estamos traballando niso*. Iso si, sen acento chicano, e tamén tirar balóns fóra: culpou á Xunta por non ter concluído o expediente para a declaración de BIC cando a Xunta, precisamente, se escuda en que o Concello da Coruña non fixo os seus deberes e non iniciou as accións iniciais, culpou incluso ao BNG porque cando tivo responsabilidades de goberno seica non o fixo, como se o BNG tivese a Alcaldía, porque o inicio das accións legais en nome do Concello é unha decisión da Alcaldía. Co tempo que se está tomando para examinar o caso, debería de sabelo. Se tanta présa ten en presentar a demanda, ben pode o seu grupo político adiantarse ao Concello e presentala vostedes, chegou a dicir, como se a Casa Cornide fose do BNG, porque co tempo que se está tomando para examinar o caso tamén debería de saber que a Casa Cornide era do Concello e por iso o Concello é o lexitimado para emprender accións legais, por iso aclárenos a todos dunha vez, van presentar a demanda, si ou non? Isto é como "Barrio Sésamo", señor Lage, é doado. Van presentar a demanda, si ou non? Van facelo antes de que remate o mandato, si ou non?

*condiciones de asegurar que se iniciarán las acciones legales sin exceder el tiempo empleado por Michelangelo para pintar la Capilla Sistina? Y usted lo único que hizo es responder como Aznar:* estamos trabajando en ello. *Eso sí, sin acento chicano, y también tirar balones fuera: culpó a la Xunta por no haber concluido el expediente para la declaración de BIC cuando la Xunta, precisamente, se escuda en que el Ayuntamiento de A Coruña no hizo sus deberes y no inició las acciones iniciales, culpó incluso al BNG porque cuando tuvo responsabilidades de gobierno acaso no lo hizo, como si el BNG tuviera la Alcaldía, porque el inicio de las acciones legales en nombre del Ayuntamiento es una decisión de la Alcaldía. Con el tiempo que se está tomando para examinar el caso, debería de haberlo sabido. Si tanta prisa tiene en presentar la demanda, bien puede su grupo político adelantarse al Ayuntamiento y presentarla ustedes, llegó a decir, como si la Casa Cornide fuera del BNG, porque con el tiempo que se está tomando para examinar el caso también debería de saber que la Casa Cornide era del Ayuntamiento y por eso el Ayuntamiento es el legitimado para emprender acciones legales, por eso aclárennos a todos de una vez, ¿van a presentar la demanda, sí o no? Esto es como "Barrio Sésamo", señor Lage, es fácil. ¿Van a presentar la demanda, sí o no? ¿Lo van a hacer antes de que finalice el mandato, sí o no?*

E permítame unha reflexión para concluír: a loita cívica e a iniciativa das institucións implicadas conseguiu a recuperación do Pazo de Meirás. Sería unha vergoña que non acontecese o mesmo coa Casa Cornide porque o Concello da Coruña se inhiba de emprender accións legais para recuperar o patrimonio que nos foi usurpado polos Franco.

*Y permítame una reflexión para concluir: la lucha cívica y la iniciativa de las instituciones implicadas consiguió la recuperación del Pazo de Meirás. Sería una vergüenza que no sucediera lo mismo con la Casa Cornide porque el Ayuntamiento de A Coruña se inhiba de emprender acciones legales para recuperar el patrimonio que nos fue usurpado por los Franco.*

Grazas.

***<u>Señor Celemín Santos</u>***

*Señor Jorquera, por suposto que se vai a recuperar e vaise a interpoñer a demanda. Eu agradézolle enormemente a súa insistencia e o férreo seguimento que fai sobre este asunto da Casa Cornide.*

*Doutra banda, como vostede dicía, emular ao mítico Lolo Gantes, que non deixa de ser unha retórica de efecto digna dun bo orador como nos vén demostrando ao longo de tantos plenos. É certo que este golpe de efecto xa o practicara na Cámara Galega, acórdase?, cando lle preguntaba ao anterior presidente da Xunta, señor Feijóo, que? Por tanto, hoxe non peca de orixinalidade senón de persistencia e reiteración, sen dúbida, moi lexítima. Pero eu creo que se esquece de algo tamén esencial e é preguntar tamén ao conselleiro Román Rodríguez da Xunta de Galicia: e da declaración definitiva de BIC da Casa Cornide, que?*

*Vostede sabe tan ben como eu que unha cuestión son os desexos, outra os tempos políticos e outra os tempos xudiciais que, normalmente, non van á vez, ás veces por desgraza. Todos os concelleiros deste plenario quereríamos que a Casa Cornide pasase a formar parte do patrimonio da cidade. O Goberno de Inés Rey fixo todo o que tiña que facer ata o momento, realizou os informes correspondentes, o histórico, o xurídico, o artístico polo profesor Vigo Trasancos, para solicitar a protección BIC deste patrimonio e agora estase argumentando a demanda. Aínda estamos a esperar que se declare BIC a Casa Cornide definitivamente e non adiantemos etapas.*

*Que se está a facer neste momento? Pois estamos a solicitar información e*

*Gracias.*

**<u>Señor Celemín Santos</u>**

Señor Jorquera, por supuesto que se va a recuperar y se va a interponer la demanda. Yo le agradezco enormemente su insistencia y el férreo seguimiento que hace sobre este asunto de la Casa Cornide.

Por otro lado, como usted decía, emular al mítico Lolo Gantes, que no deja de ser una retórica de efecto digna de un buen orador como nos viene demostrando a lo largo de tantos plenos. Es cierto que este golpe de efecto ya lo practicara en la Cámara Galega, ¿se acuerda?, cuando le preguntaba al anterior presidente de la Xunta, señor Feijóo, ¿qué? Por lo tanto, hoy no peca de originalidad sino de persistencia y reiteración, sin duda, muy legítima. Pero yo creo que se olvida de algo también esencial y es preguntar también al *conselleiro* Román Rodríguez de la Xunta de Galicia: y de la declaración definitiva de BIC de la Casa Cornide, ¿qué?

Usted sabe tan bien como yo que una cuestión son los deseos, otra los tiempos políticos y otra los tiempos judiciales que, normalmente, no van a la par, a veces por desgracia. Todos los munícipes de este plenario quisiéramos que la Casa Cornide pasara a formar parte del patrimonio de la ciudad. El Gobierno de Inés Rey hizo todo lo que tenía que hacer hasta el momento, realizó los informes correspondientes, el histórico, el jurídico, el artístico por el profesor Vigo Trasancos, para solicitar la protección BIC de este patrimonio y ahora se está argumentando la demanda. Aún estamos esperando que se declare BIC la Casa Cornide definitivamente y no adelantemos etapas.

¿Qué se está haciendo en este momento? Pues estamos recabando información y

*documentación absolutamente esencial para a demanda e, como é unha documentación histórica, non é nada fácil de dar con ela nos arquivos e vai saíndo á luz aos poucos, despois de horas e horas de procura e de traballo.*

*Señor Jorquera, eu voullo a dicir doutra maneira xa que vostede é un gran apaixonado das cores branquiazuis, lembrando ao gran Arsenio Iglesias, non podemos andar como tolos, ollo coas présas, coidado coas présas que nos poden quitar a casa dos fouciños.*

*Moitas grazas.*

***Ás dezaoito horas e tres minutos sae do Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.***

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Celemín. Grazas, señor Jorquera e o BNG.

Turno xa para o Partido Popular. Primeira pregunta relativa a deportes, señor García.

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**Primeira. Pregunta de resposta oral relativa a deportes.**

***Señor García Fernández***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Que pensa facer Inés Rey para cumprir o seu programa electoral de deporte?*

**Señor Lage Tuñas**

Pois, señor García, solicitar da Xunta os

documentación absolutamente esencial para la demanda y, como es una documentación histórica, no es nada fácil de dar con ella en los archivos y va saliendo a la luz poco a poco, después de horas y horas de búsqueda y de trabajo.

Señor Jorquera, yo se lo voy a decir de otra manera ya que usted es un gran apasionado de los colores blanquiazules, recordando al gran Arsenio Iglesias, no podemos andar como locos, ojo con las prisas, cuidado con las prisas que nos pueden quitar la casa de los *fuciños.*

Muchas gracias.

***A las dieciocho horas y tres minutos sale del Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.***

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Celemín. Gracias, señor Jorquera y BNG.*

*Turno ya para el Partido Popular. Primera pregunta relativa a deportes, señor García.*

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primera. Pregunta de respuesta oral relativa a deportes.***

**Señor García Fernández**

Gracias, señora alcaldesa.

¿Qué piensa hacer Inés Rey para cumplir su programa electoral de deporte?

***Señor Lage Tuñas***

*Pues, señor García, solicitar de la Xunta*

recursos económicos que sistematicamente nos nega para poder levar a cabo os necesarios investimentos nesta cidade. Como lle dixen á mañá estaría ben que, por unha vez, deixaran de actuar con sectarismo e que os recursos económicos que poñen a disposición doutros concellos con moitos menos clubs e moitos menos recursos e moitos menos todos, pois que houbera uns criterios obxectivos de reparto, por certo, como hai noutras institucións. Polo tanto, agardo que entenda a resposta. Supoño que se entendeu o que quero transmitirlle.

Tamén é certo que, claro, supoño que estará preguntando polo programa electoral do 2023, que será un programa de goberno, non un programa electoral, imaxino que non virá a preguntar en xaneiro do 23 polo programa electoral, ou xa estamos *na máquina do tempo* ou eu perdinme algo.

Señor García, a vostede parécelle normal, quedando, en fin, unha carreiriña dun can para que o día 4 de abril se convoquen as eleccións municipais, é dicir, a dous plenos ordinarios de entrar na convocatoria electoral, a vostede parécelle que... eu creo que hai... Teñen que poñerse de acordo entre a primeira fila e a segunda para a táctica e a estratexia porque aínda non está a cousa ben engraxada. Pregunte o que queira pero, en fin, faría vostede máis? Non o sei, eu sei o que fan ao frente da Xunta de Galicia, que é ter as instalacións deportivas desta cidade feitas unha peniña. Agora, estaría ben que puidéramos contar con vostedes para poder facer investimentos. Agardo que no seguinte mandato sexa posible e, polo que vexo, vostede tamén o agarda, porque claro, preguntar agora polo programa electoral, en fin.

*los recursos económicos que sistemáticamente nos niega para poder llevar a cabo las necesarias inversiones en esta ciudad. Como le dije por la mañana estaría bien que, por una vez, dejasen de actuar con sectarismo y que los recursos económicos que ponen a disposición de otros ayuntamientos con muchos menos clubes y muchos menos recursos y muchos menos todos, pues que hubiese unos criterios objetivos de reparto, por cierto, como hay en otras instituciones. Por lo tanto, espero que entienda la respuesta. Supongo que se entendió lo que quiero transmitirle.*

*También es cierto que, claro, supongo que estará preguntando por el programa electoral de 2023, que será un programa de gobierno, no un programa electoral, imagino que no vendrá a preguntar en enero del 23 por el programa electoral, o ya estamos* en la máquina del tiempo *o yo me perdí algo.*

*Señor García, a usted le parece normal, quedando, en fin, una carrerita de un perro para que el día 4 de abril se convoquen las elecciones municipales, es decir, a dos plenos ordinarios de entrar en la convocatoria electoral, a usted le parece que... yo creo que hay... Tienen que ponerse de acuerdo entre la primera fila y la segunda para la táctica y la estrategia porque aún no está la cosa bien engrasada. Pregunte lo que quiera pero, en fin, ¿haría usted más? No lo sé, yo sé lo que hacen al frente de la Xunta de Galicia, que es tener las instalaciones deportivas de esta ciudad hechas una penita. Ahora, estaría bien que pudiésemos contar con ustedes para poder hacer inversiones. Espero que en el siguiente mandato sea posible y, por lo que veo, usted también lo espera, porque claro, preguntar ahora por el programa electoral, en fin.*

**Ás dezaoito horas e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.**

***Señor García Fernández***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Deus dálle pan a quen non ten dentes.*

*Mire, esta é a foto que lle vai a perseguir neste ano e no que vén: Inés Rey, programa electoral. Plan estratéxico do deporte, ía facer, novas infraestruturas deportivas na Fábrica de Armas, un estadio de atletismo, señor Lage, campos de fútbol e de rugby en Feáns, a cidade da raqueta, unha repartición xusta de instalacións e de convenios. Isto, o primeiro concelleiro dicía que ía poñer A Coruña no século XXI. Lamentablemente, calquera parecido coa realidade é pura coincidencia. Dous concelleiros e outra terceira persoa máis, como dicía pola mañá, con competencias en materia do deporte e quérennos facer ver que vai ben, que vai estar coidado o deporte. Incrible, incrible. O que hai que escoitar. Pois vén definir a súa política no ámbito do deporte, fracaso absoluto, unha tomadura de pelo ao noso tecido deportivo.*

*O que sucedeu no deporte é un exemplo clarísimo do que veu a ser esta política de Inés Rey neste mandato: non dispoñer dun proxecto de cidade, por iso non fan nada; incumprimento do programa electoral, por iso non fan nada; incerteza, improvisación e, sobre todo, moita prepotencia, como lle escoitamos a vostede agora, para recoñecer os seus erros. É o básico, é... como persoa e como político habería que pedir perdón. Pero isto déixoo ao seu xuízo interno.*

**Ás dezaoito horas e oito minutos sae do**

***A las dieciocho horas y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.***

**Señor García Fernández**

Gracias, señora alcaldesa.

Dios le da pan a quien no tiene dientes.

Mire, esta es la foto que le va a perseguir en este año y en lo que viene: Inés Rey, programa electoral. Plan estratégico del deporte, iba a hacer, nuevas infraestructuras deportivas en la Fábrica de Armas, un estadio de atletismo, señor Lage, campos de fútbol y de rugby en Feáns, la ciudad de la raqueta, un reparto justo de instalaciones y de convenios. Esto, el primer concejal decía que iba a poner A Coruña en el siglo XXI. Lamentablemente, cualquier parecido con la realidad es pura coincidencia. Dos concejales y otra tercera persona más, como decía por la mañana, con competencias en materia del deporte y nos quieren hacer ver que va bien, que va a estar cuidado el deporte. Increíble, increíble. Lo que hay que escuchar. Pues viene a definir su política en el ámbito del deporte, fracaso absoluto, una tomadura de pelo a nuestro tejido deportivo.

Lo que ha sucedido en el deporte es un ejemplo clarísimo de lo que ha venido a ser esta política de Inés Rey en este mandato: no disponer de un proyecto de ciudad, por eso no hacen nada; incumplimiento del programa electoral, por eso no hacen nada; incertidumbre, improvisación y, sobre todo, mucha prepotencia, como le hemos escuchado a usted ahora, para reconocer sus errores. Es lo básico, es… como persona y como político habría que pedir perdón. Pero esto lo dejo a su juicio interno.

***A las dieciocho horas y ocho minutos sale***

**Salón de Sesións o señor Celemín Santos e entra a señora Cendán Gayoso.**

***del Salón de Sesiones el señor Celemín Santos y entra la señora Cendán Gayoso.***

*En primeiro lugar, a súa xestión deportiva: dous concelleiros que non foron capaces de tomar o pulso aos verdadeiros problemas do tecido deportivo, non foron capaces de solucionar nin de xestionar os diferentes contratos de servizo. Preguntamos no ano 19 e seguen estando os contratos de servizo en precario. Bravo, bravo. Ou os contratos do campo de golf e de San Diego, do Castrillón, a ver se agora a señora alcaldesa.*

En primer lugar, su gestión deportiva: dos concejales que no han sido capaces de tomar el pulso a los verdaderos problemas del tejido deportivo, no han sido capaces de solucionar ni de gestionar los diferentes contratos de servicio. Preguntamos en el año 19 y siguen estando los contratos de servicio en precario. Bravo, bravo. O los contratos del campo de golf y de San Diego, del Castrillón, a ver si ahora la señora alcaldesa.

*Vostede, señor Lage, pasa e non se mete nos ocos que hai alí no campo de golf. Non pasa nada. O ano 23 faremos as reformas, señor Lage. Perfecto, alá vostedes. Sen saber, ademais, o que queren facer nestes tres centros, nin no campo de golf nin en San Diego. Levan dous anos cunha empresa que a contrataron, un prego e aínda non saben que se vai a facer, pero as instalacións si que se ven deteriorándose.*

Usted, señor Lage, pasa y no se mete en los huecos que hay allí en el campo de golf. No pasa nada. El año 23 haremos las reformas, señor Lage. Perfecto, allá ustedes. Sin saber, además, lo que quieren hacer en estos tres centros, ni en el campo de golf ni en San Diego. Llevan dos años con una empresa que la han contratado, un pliego y todavía no saben qué se va a hacer, pero las instalaciones sí que se ven deteriorándose.

*Vaia vostede a ver o San Diego, señor Lage. Sabe cantas duchas están estragadas que non se poden usar desde hai seis meses? 6 duchas xa nun só vestiario. Non pasa nada, no 23, se isto aos de deporte, que mais dá, dámoslles un pantalón curto e uns zapatos e van correr por aí.*

Vaya usted a ver el San Diego, señor Lage. ¿Sabe cuántas duchas están estropeadas que no se pueden usar desde hace seis meses? 6 duchas ya en un solo vestuario. No pasa nada, en el 23, si esto a los de deporte, qué mas da, les damos un pantalón corto y unos zapatos y van a correr por ahí.

*O uso de instalacións: nunca houbo máis alegacións sobre o uso das instalacións deportivas. Os convenios nominativos: xa o dixo o noso portavoz, hai xente, hai clubs, señor Lage, que empezaron a tempada e non saben que diñeiro van dispoñer nin cando van dispoñelo, pero a vostede estalle dando igual, é un fenómeno, vostede é un fenómeno.*

El uso de instalaciones: nunca ha habido más alegaciones sobre el uso de las instalaciones deportivas. Los convenios nominativos: ya lo dijo nuestro portavoz, hay gente, hay clubes, señor Lage, que han empezado la temporada y no saben qué dinero van a disponer ni cuándo van a disponerlo, pero a usted le está dando igual, es un fenómeno, usted es un fenómeno.

*En canto a infraestruturas, señor Lage, xa lle deron mal a información. Mire, aquí xa se trouxo por este grupo que se propuxese que estas instalacións da Xunta se puidesen reparar e xa lle adianto, non debeu de escoitar ou non estivo nese pleno, que hai 5.000.000 € que xa se están executando para reformar os tres complexos deportivos, e os catro pavillóns deportivos desta cidade levan 1 millón e medio que xa están a reformar, acabándose o de Monte Alto. Por tanto, primeiro infórmese, infórmese, jolín, que está a dar patadas ao aire, dispárase ao seu pé mesmo. É incrible a información, a falta de información que vostede ten.*

En cuanto a infraestructuras, señor Lage, ya le dieron mal la información. Mire, aquí ya se trajo por este grupo que se propusiera que estas instalaciones de la Xunta se pudieran reparar y ya le adelanto, no debió de escuchar o no estuvo en ese pleno, que hay 5.000.000 € que ya se están ejecutando para reformar los tres complejos deportivos, y los cuatro pabellones deportivos de esta ciudad llevan 1 millón y medio que ya están reformando, acabándose el de Monte Alto. Por lo tanto, primero infórmese, infórmese, jolín, que está dando patadas al aire, se dispara a su pie mismo. Es increíble la información, la falta de información que usted tiene.

*E en canto ás axudas da Xunta a concellos, quérolle lembrar que para que… mire, vostede coñece ao alcalde de Ares, verdade, o Partido Socialista, ou o BNG de San Sadurniño? Presentan un anteproxecto, solicítano e apróbase. Fácil. Pero, que pasa? Que é que aquí, en Coruña preséntannos, preguntamos por unha partida que vén, que vén debuxada nos orzamentos do 2022, que é o complexo de Xuxán e dinnos que está en Alcaldía o proxecto. 500.000 € deste ano e un millón e medio o ano que vén, pero non sabemos en que consiste. Vostede cre que imos ir ao presidente da Xunta presentando unha cousa que non existe? Pero, en que cabeza cabe? Pero vostede, onde vive?*

Y en cuanto a las ayudas de la Xunta a concellos, le quiero recordar que para que… mire, ¿usted conoce al alcalde de Ares, verdad, el Partido Socialista, o el BNG de San Sadurniño? Presentan un anteproyecto, lo solicitan y se aprueba. Fácil. Pero, ¿qué pasa? Que es que aquí, en Coruña nos presentan, preguntamos por una partida que viene, que viene dibujada en los presupuestos del 2022, que es el complejo de Xuxán y nos dicen que está en Alcaldía el proyecto. 500.000 € de este año y un millón y medio el año que viene, pero no sabemos en qué consiste. ¿Usted se cree que vamos a ir al presidente de la Xunta presentando una cosa que no existe? Pero, ¿en qué cabeza cabe? Pero usted, ¿dónde vive?

*O seu estado de execución do ano 2022, incrible, incrible, señor Lage. Cantas instalacións estaban debuxadas e non se fixeron? Relátollas? Relátollas? Campo de fútbol da Leyma, campo de Viso do Mar, parque de pantrak, a reforma do Palacio de Deportes, a reforma das instalacións do Palacio de Deportes, eléctrica, reforma da pista de Labañou, pistas na urbanización de Breogán, nos Rosales, todo isto sen facer, sen facer, e*

Su estado de ejecución del año 2022, increíble, increíble, señor Lage. ¿Cuántas instalaciones estaban dibujadas y no se hicieron? ¿Se las relato? ¿Se las relato? Campo de fútbol de la Leyma, campo de Viso do Mar, parque de pantrak, la reforma del Palacio de Deportes, la reforma de las instalaciones del Palacio de Deportes, eléctrica, reforma de la pista de Labañou, pistas en la urbanización de Breogán, en los Rosales, todo esto sin hacer, sin hacer, y

*teñen a cara de dicirnos que vaiamos valorar o ano 2023. Eu, se cadra, no 2023 non estou. A miña responsabilidade é defender ás entidades, que llo dixen pola mañá, que choian moitísimo para que os saquen aos nenos para facer a súa actividade, e vostede rise deles, incrible, incrible. Eu pensei que lle tiña con máis humildade, con máis humildade.*

*Por último, o plan de deporte de Coruña aprobado aquí, onde está? Pero, a señora alcaldesa decide que é o Consello Municipal de Deportes. Sabe cantas persoas foron ao último pleno? 25, 4 delas eran concelleiros. Saben cantas entidades deportivas hai en Coruña? Nin idea. Hai máis de 460 entidades. Sabe canto representan? Nin o 5 %. Esa é a súa resposta do tecido deportivo á política que a señora alcaldesa e vostedes prometeron aos cidadáns.*

*Sen dúbida, o peor goberno, señor Lage, que pasou por este concello en materia de deporte e con todo a favor, con todo a favor. A oposición sempre estivo ofrecendo a súa axuda, co orzamento máis alto non souberon deseñar, que para iso o tiñan, unha Coruña do deporte para os próximos anos. Efectivamente é o goberno máis débil que hai e eu estaría con vostedes cando presentan o programa e queren desenvolver a súa actividade, as súas actividades, eu defenderíaos, pero estamos aquí para describir a realidade, a día de hoxe fixeron unha renovación dos campos de fútbol da Torre e un rocódromo de fai... do mandato pasado, esa é a realidade.*

*Nada máis. Moitas grazas, señora alcaldesa.*

tienen la cara de decirnos que vayamos a valorar el año 2023. Yo, a lo mejor, en el 2023 no estoy. Mi responsabilidad es defender a las entidades, que se lo dije por la mañana, que curran muchísimo para que los saquen a los niños a hacer su actividad, y usted se ríe de ellos, increíble, increíble. Yo pensé que le tenía con más humildad, con más humildad.

Por último, el plan de deporte de Coruña aprobado aquí, ¿dónde está? Pero, la señora alcaldesa decide que es el Consello Municipal de Deportes. ¿Sabe cuántas personas fueron al último pleno? 25, 4 de ellas eran concejales. ¿Saben cuántas entidades deportivas hay en Coruña? Ni idea. Hay más de 460 entidades. ¿Sabe cuánto representan? Nin el 5 %. Esa es su respuesta del tejido deportivo a la política que la señora alcaldesa y ustedes han prometido a los ciudadanos.

Sin duda, el peor gobierno, señor Lage, que ha pasado por este ayuntamiento en materia de deporte y con todo a favor, con todo a favor. La oposición siempre ha estado ofreciendo su ayuda, con el presupuesto más alto no han sabido diseñar, que para eso lo tenían, una Coruña del deporte para los próximos años. Efectivamente es el gobierno más débil que hay y yo estaría con ustedes cuando presentan el programa y quieren desarrollar su actividad, sus actividades, yo los defendería, pero estamos aquí para describir la realidad, a día de hoy han hecho una renovación de los campos de fútbol de la Torre y un rocódromo de hace… del mandato pasado, esa es la realidad.

Nada más. Muchas gracias, señora alcaldesa.

**<u>Señor Lage Tuñas</u>**

Grazas, señora alcaldesa.

***<u>Señor Lage Tuñas</u>***

*Gracias, señora alcaldesa.*

Señor García, paréceme ben que vostede intente facer a mellor actuación posible nese “Got Talent” do Partido Popular, a verdade é que vostede esforzouse por facer xusto o contrario do que lle recomendan os da bancada de diante, que tanto traballo pasan con mimo para intentar dicir unhas cousas fóra do Salón de Plenos e despois vén vostede aquí e, vou utilizar unha expresión coloquial galega, vén vostede e no seu minuto de ouro escaghállalle todo. Enténdeme o que lle digo, verdade? Escaghállalle todo. *Fóra contamos unhas cousiñas* pero, vimos aquí e tracatrá, *hai que marcar o territorio, se levo tres anos dicindo que todo moi mal, a ver agora, que o de diante dime que non, que así que non.*

**Ás dezaoito horas e catorce minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.**

Señor García, ha, menudo papelón, aínda nos vamos a reír un anaco. Agora resulta que vostede veu aquí a facer unha censura de todo o mandato municipal e vén a preguntar polo programa electoral. Isto é unha coña. Agora, a vostede, bueno, supoño que vostede falará en nome do Partido Popular, porque non lle gusta o Consello Municipal de Deportes, non lle gusta todo o traballo que fixeron o concelleiro Borrego, a concelleira Martínez, a alcaldesa Inés Rey. Pois a este goberno municipal e a este portavoz gústalle todo o traballo que se fixo, moi bo, a vostede non, pero mire, os convenios ás entidades deportivas nesta cidade medraron con este goberno.

Vostede sabe canto aportaba o seu goberno, o goberno no que estaban o señor Lorenzo, o señor Coira e a señora Gallego ás entidades deportivas? Sábeo, señor García? Contáronllo? Pois é o que lles ten que contar ás entidades.

*Señor García, me parece bien que usted intente hacer la mejor actuación posible en ese “Got Talent” del Partido Popular, la verdad es que usted se esforzó por hacer justo lo contrario de lo que le recomiendan los de la bancada de delante, que tanto trabajo pasan con mimo para intentar decir unas cosas fuera del Salón de Plenos y después viene usted aquí y, voy a utilizar una expresión coloquial gallega, viene usted y en su minuto de oro les descangalla todo. Me entiende lo que le digo, ¿verdad? Les descangalla todo.* Fuera contamos unas cositas pero, *venimos aquí y tracatrá,* hay que marcar el territorio, si llevo tres años diciendo que todo muy mal, a ver ahora, que el de delante me dice que no, que así que no.

***A las dieciocho horas y catorce minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.***

*Señor García, ¡ja!, menudo papelón, aun nos vamos a reír un rato. Ahora resulta que usted vino aquí a hacer una censura de todo el mandato municipal y viene a preguntar por el programa electoral. Esto es una coña. Ahora, a usted, bueno, supongo que usted hablará en nombre del Partido Popular, porque no le gusta el Consejo Municipal de Deportes, no le gusta todo el trabajo que hicieron el concejal Borrego, la concejala Martínez, la alcaldesa Inés Rey. Pues a este gobierno municipal y a este portavoz le gusta todo el trabajo que se hizo, muy bueno, a usted no, pero mire, los convenios a las entidades deportivas en esta ciudad crecieron con este gobierno.*

*¿Usted sabe cuánto aportaba su gobierno, el gobierno en el que estaban el señor Lorenzo, el señor Coira y la señora Gallego a las entidades deportivas? ¿Lo sabe, señor García? ¿Se lo contaron? Pues es lo que les tiene que contar a las entidades.*

Aquí ninguén se ri das entidades, aquí o que traballamos é seriamente coas entidades. O que pasa é que é moi fácil dicirlle *non te preocupes, o que precises*, e despois, se algo non sae ben sempre haberá alguén que leva a culpa. Non se preocupe que xa sei que a culpa a levo eu moitas veces. Eu, señor García, eu atendino e non sei se vostede, coas alusións que fai e cos xestos, vive isto con certo nerviosismo pero, mire, dígollo hoxe e repetireillo: fíxose un gran traballo e unha gran xestión no ámbito do deporte.

*Aquí nadie se ríe de las entidades, aquí lo que trabajamos es seriamente con las entidades. Lo que pasa es que es muy fácil decirle* no te preocupes, lo que necesites, *y después, si algo no sale bien siempre habrá alguien que se lleva la culpa. No se preocupe que ya sé que la culpa me la llevo yo muchas veces. Yo, señor García, yo le atendí y no sé si usted, con las alusiones que hace y con los gestos, vive esto con cierto nerviosismo pero, mire, se lo digo hoy y se lo repetiré: se hizo un gran trabajo y una gran gestión en el ámbito del deporte.*

Vostede criticou, pero que contratos? A que contratos se refire? Se ten que falar de algo de contratos de deportes, falamos do que queira. Hai que falar de algunha cousa? Parece ser que non sei que dixo desde o ano 19 que pasaba algo. Descoñézoo, descoñézoo, descoñézoo. O que si sei é que este goberno foi o goberno que máis recursos dedicou ao deporte de base desta cidade, o goberno que máis eventos deportivos fixo e o goberno que máis apoiou aos clubs deportivos, e iso, señores do Partido Popular, saben quen o fixo? O fixo o señor Borrego, o fixo a señora Martínez e o fixo a nosa alcaldesa.

*Usted criticó, pero ¿qué contratos? ¿a qué contratos se refiere? Si tiene que hablar de algo de contratos de deportes, hablamos de lo que quiera. ¿Hay que hablar de alguna cosa? Parece ser que no sé qué dijo desde el año 19 que pasaba algo. Lo desconozco, lo desconozco, lo desconozco. Lo que sí sé es que este gobierno fue el gobierno que más recursos dedicó al deporte de base de esta ciudad, el gobierno que más eventos deportivos hizo y el gobierno que más apoyó a los clubes deportivos, y eso, señores del Partido Popular, ¿saben quién lo hizo? Lo hizo el señor Borrego, lo hizo la señora Martínez y lo hizo nuestra alcaldesa.*

Señor García, vostede di que para presentar proxectos hai que ser serios, pero mire unha cousiña, ho, vostede é do mesmo partido que o da pasarela de marras? Porque anuncios, un lote deles, a bombo e platillo, pero onde están os proxectos que aínda non os vimos. Non os vimos, o que vimos foron anuncios, non na tele pero anuncios, e por arte de birlibirloque, *voou. O que era irrenunciable naquela semana de gloria de Alberto Núñez Feijóo de imos facer, imos facer, imos facer e se te vin non me acordo, como o AVE de Lugo a Ourense.* Alá vai a pasarela, *voou.*

*Señor García, usted dice que para presentar proyectos hay que ser serios, pero mire una cosita, hombre, ¿usted es del mismo partido que el de la pasarela de marras? Porque anuncios, un lote de ellos, a bombo y platillo, pero dónde están los proyectos que aún no vimos. No los vimos, lo que vimos fueron anuncios, no en la tele pero anuncios, y por arte de birlibirloque,* voló. Lo que era irrenunciable en aquella semana de gloria de Alberto Núñez Feijóo de vamos a hacer, vamos a hacer, vamos a hacer y si te vi no me acuerdo, como el AVE de Lugo a Ourense. *Allá va la pasarela,* voló.

Mire, señor García, que é o que non lle gusta do que se fixo en deporte? Polo que vexo non lle gusta nada. Pois teñen que poñerse de acordo consigo mesmos, vostede e todos os que ten ao redor, porque ás veces, nos días impares din unha cousa e nos días pares din outra. Cando están fóra do Pleno, *no cuchi cuchi* non din o mesmo, salvo que a vostede non lle conten todo. Non sei se me entende, pero se quere explícollo.

*Mire, señor García, ¿qué es lo que no le gusta de lo que se hizo en deporte? Por lo que veo no le gusta nada. Pues tienen que ponerse de acuerdo consigo mismos, usted y todos los que tiene alrededor, porque a veces, en los días impares dicen una cosa y en los días pares dicen otra. Cuando están fuera del Pleno, en el cuchi cuchi no dicen lo mismo, salvo que a usted no le cuenten todo. No sé si me entiende, pero si quiere se lo explico.*

Pouca seriedade... Mire, vostede a verdade é que dixo unha gran verdade cando comezou a súa intervención: señora Rey, esta foto vaina perseguir este ano e o que vén. É que eu, a verdade, cando lles digo que non hai nada enfrente é que vostedes mesmos se retratan, é que non hai nada enfrente. Alégrame moito que asuman que esta cidade ten unha alcaldesa e a vai a ter por moito tempo, e é normal que pregunten no ano 23 polo programa electoral que vai a presentar o Partido Socialista, lóxico, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, razonable. O que espero é que cando pasen as eleccións estén á altura e se poidan firmar acordos e convenios para que esas grandes instalacións que a todo o mundo lle gustaría que se fixeran poidan contar co apoio da Administración autonómica.

*Poca seriedad... Mire, usted la verdad es que dijo una gran verdad cuando comenzó su intervención: señora Rey, esta foto la va a perseguir este año y el que viene. Es que yo, la verdad, cuando les digo que no hay nada enfrente es que ustedes mismos se retratan, es que no hay nada enfrente. Me alegra mucho que asuman que esta ciudad tiene una alcaldesa y la va a tener por mucho tiempo, y es normal que pregunten en el año 23 por el programa electoral que va a presentar el Partido Socialista, lógico,* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****, razonable. Lo que espero es que cuando pasen las elecciones estén a la altura y se puedan firmar acuerdos y convenios para que esas grandes instalaciones que a todo el mundo le gustaría que se hiciesen puedan contar con el apoyo de la Administración autonómica.*

Desde logo, non creo que o modelo de instalacións do Concello da Coruña teña que ser o que vostede e o seu partido dende a Xunta de Galicia mantiveron, por exemplo, en Elviña. Supoño que sabe de que lle falo, non? Non será o exemplo? Porque máis ben parece Cisjordania. Señor García, Cisjordania, sabe do que lle falo? Vostede cre que esas son instalacións dignas para esta cidade, que son titularidade da Xunta? **(Óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**.

*Desde luego, no creo que el modelo de instalaciones del Ayuntamiento de A Coruña tenga que ser el que usted y su partido desde la Xunta de Galicia mantuvieron, por ejemplo, en Elviña. Supongo que sabe de qué le hablo, ¿no? ¿No será el ejemplo? Porque más bien parece Cisjordania. Señor García, Cisjordania, ¿sabe de lo que le hablo? ¿Usted cree que esas son instalaciones dignas para esta ciudad, que son titularidad de la Xunta?* ***(Se oyen dos señales acústicas indicativas de la***

Que van a facer, si, si, se eu me alegro de que algún día fagan. Algún día farán.

*finalización del tiempo de intervención)*. *Que van a hacer, sí, sí, si yo me alegro de que algún día hagan. Algún día harán.*

Hai que recoñecerlle unha cousa, vostede é constante e consistente, preguntou por instalacións deportivas, por San Diego, polo campo de golf, moi ben, pois, señor García, o que se fixera fíxose e o que quede por facer, pois haberá que facelo no futuro. Hoxe estamos uns aquí e mañá virán outros pero, permítame que lle diga unha cousa, coa súa intervención de hoxe queda claro que solo hai unha solución para esta cidade para os próximos anos, e alégrome moito que vostede teña interiorizado que o proxecto de Inés Rey é para moitos anos. Normal, coas preguntas que presentan, xa o entendo.

*Hay que reconocerle una cosa, usted es constante y consistente, preguntó por instalaciones deportivas, por San Diego, por el campo de golf, muy bien, pues, señor García, lo que se hiciera se hizo y lo que quede por hacer, pues habrá que hacerlo en el futuro. Hoy estamos unos aquí y mañana vendrán otros pero, permítame que le diga una cosa, con su intervención de hoy queda claro que solo hay una solución para esta ciudad para los próximos años, y me alegro mucho que usted tenga interiorizado que el proyecto de Inés Rey es para muchos años. Normal, con las preguntas que presentan, ya lo entiendo.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Segunda pregunta do Partido Popular, señor Rodríguez.

*Segunda pregunta del Partido Popular, señor Rodríguez.*

**Segunda. Pregunta de resposta oral relativa a xestión municipal.**

***Segunda. Pregunta de respuesta oral relativa a gestión municipal.***

***Señor Rodríguez Martínez***

**Señor Rodríguez Martínez**

*Ten previsto o Goberno de Inés Rey delegar competencias de goberno na concelleira do Grupo Socialista, Eva Martínez Acón, tras haber na actualidade só oito concelleiros e concelleiras de goberno?*

¿Tiene previsto el Gobierno de Inés Rey delegar competencias de gobierno en la concejala del Grupo Socialista, Eva Martínez Acón, tras haber en la actualidad solo ocho concejales de gobierno?

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Señor Rodríguez, ten previsto vostede relevar como portavoz do grupo municipal ao señor Lorenzo despois de que perda as próximas eleccións

*Señor Rodríguez, ¿tiene previsto usted relevar como portavoz del grupo municipal al señor Lorenzo después de que pierda las próximas elecciones municipales?*

municipais?

***Señor Rodríguez Martínez***

*Polo de agora, señor Lage, pregunto eu. Quizais, quizais dentro duns meses me poida preguntar vostede.*

*Non me parecía necesario, pero á vista da resposta dada polo señor Lage hai uns minutos ao señor Jorquera, si me parece oportuno comezar precisando que se hoxe traemos aquí a sucesión de crise que levaron ao Goberno municipal á súa actual situación de extrema debilidade, é precisamente por iso, porque é o Goberno municipal. Nin se nos ocorreu traer a este salón os problemas internos de calquera partido de non ser pola incidencia dos mesmos no Goberno municipal e o prexuízo directo que provocan á xestión ordinaria da nosa cidade.*

*Primeiro foi a retirada de funcións á señora Martínez Acón, oficialmente por ser pouco dilixente á hora de executar o orzamento da súa concellería, oficiosamente por ser demasiado dilixente á hora de cobrar as cotas da Agrupación Socialista Coruñesa da cal era entón secretaria xeral. As súas funcións recaeron entón no señor Celemín e na señora Sobral que, curiosamente, eran os únicos que realizaran as súas achegas, ironías do destino ou non. Despois foi a marcha do señor Díaz Villoslada, farto das continuas inxerencias na xestión interna da súa concellería, desprazado, nas súas propias palabras. Dicía un ilustre socialista, o señor Pérez Rubalcaba, que en España se enterra moi ben. Non sei que tería opinado da despedida sen honras ao concelleiro mellor valorado nese momento, orfo dunha soa mención de agradecemento do seu goberno para que, polo menos, constase en acta. Esta*

**Señor Rodríguez Martínez**

Por lo de ahora, señor Lage, pregunto yo. Quizás, quizás dentro de unos meses me pueda preguntar usted.

No me parecía necesario, pero a la vista de la respuesta dada por el señor Lage hace unos minutos al señor Jorquera, sí me parece oportuno comenzar precisando que si hoy traemos aquí la sucesión de crisis que han llevado al Gobierno municipal a su actual situación de extrema debilidad, lo es precisamente por eso, porque es el Gobierno municipal. Ni se nos hubiera ocurrido traer a este salón los problemas internos de cualquier partido de no ser por la incidencia de los mismos en el Gobierno municipal y el prejuicio directo que provocan a la gestión ordinaria de nuestra ciudad.

Primero fue la retirada de funciones a la señora Martínez Acón, oficialmente por ser poco diligente a la hora de ejecutar el presupuesto de su concejalía, oficiosamente por ser demasiado diligente a la hora de cobrar las cuotas de la Agrupación Socialista Coruñesa de la cual era entonces secretaria general. Sus funciones recayeron entonces en el señor Celemín y en la señora Sobral que, curiosamente, eran los únicos que habían realizado sus aportaciones, ironías del destino o no. Después fue la marcha del señor Díaz Villoslada, harto de las continuas injerencias en la gestión interna de su concejalía, desplazado, en sus propias palabras. Decía un ilustre socialista, el señor Pérez Rubalcaba, que en España se entierra muy bien. No sé qué hubiera opinado de la despedida sin honores al concejal mejor valorado en ese momento, huérfano de una sola mención de agradecimiento de su gobierno para que, al menos, constara en acta. Esta salida, a su

*saída, á súa vez, provocou unha nova crise recollida en varios medios dixitais da cidade, panfletos desde entón para o Goberno municipal. Unha enorme rifa, todo isto que vén a continuación está entre comiñas, unha enorme rifa a dúas concelleiras socialistas por mostrar o seu apoio ao concelleiro saínte coa esixencia de renuncia das súas actas mediando malos modos e duros ataques verbais, provocando mesmo, nunha delas unha crise de ansiedade que a obrigou a abandonar a sesión plenaria. Pecho comiñas. E, finalmente, a dimisión da concelleira señora Martínez como consecuencia da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, declarando como acto de transfuguismo a súa incorporación ao Goberno municipal en setembro de 2020. Casualmente, de novo, a concelleira máis valorada do Goberno, xa é mala sorte, pero ben, a verdade é que non me estraña que o resto de concelleiros de goberno non se esforcen en destacar porque, ben, está claro que en canto alguén parece que é o mellor valorado é a sorte que corre.*

*Como consecuencia desta sucesión de crises internas o certo é que a nosa cidade ten hoxe o goberno municipal máis roto, dividido e débil desde a democracia. Roto porque xa non confían nel nin os socios que apoiaron a súa investidura. Foron abrumadoramente máis numerosas as iniciativas que viñeron a este pleno para denunciar o incumprimento deses pactos que os asuntos nos cales o Goberno tivo o apoio deses socios. Niso resúmese o errado pacto á coruñesa. Dividido porque os represaliados do lagerato, esa gaiola bañada en ouro na que, voluntariamente, se meteu a señora Rey entregando a chave ao señor Lage, son a día de hoxe terceira forza neste salón de Plenos, a saber, a señora Martínez Acón, o señor*

vez, provocó una nueva crisis recogida en varios medios digitales de la ciudad, panfletos desde entonces para el Gobierno municipal. Una enorme bronca, todo esto que viene a continuación está entrecomillado, una enorme bronca a dos concejalas socialistas por mostrar su apoyo al concejal saliente con la exigencia de renuncia de sus actas mediando malos modos y duros ataques verbales, provocando incluso, en una de ellas una crisis de ansiedad que la obligó a abandonar la sesión plenaria. Cierro comillas. Y, finalmente, la dimisión de la concejala señora Martínez como consecuencia de la sentencia dictada por el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, declarando como acto de transfuguismo su incorporación al Gobierno municipal en septiembre de 2020. Casualmente, de nuevo, la concejala más valorada del Gobierno, ya es mala suerte, pero bueno, la verdad es que no me extraña que el resto de concejales de gobierno no se esfuercen en destacar porque, bueno, está claro que en cuanto alguien parece que es el mejor valorado es la suerte que corre.

Como consecuencia de esta sucesión de crisis internas lo cierto es que nuestra ciudad tiene hoy el gobierno municipal más roto, dividido y débil desde la democracia. Roto porque ya no confían en él ni los socios que apoyaron su investidura. Han sido abrumadoramente más numerosas las iniciativas que han venido a este pleno a denunciar el incumplimiento de esos pactos que los asuntos en los cuales el Gobierno ha tenido el apoyo de esos socios. En eso se resume el fallido pacto a la coruñesa. Dividido porque los represaliados del lagerato, esa jaula bañada en oro en la que, voluntariamente, se ha metido la señora Rey entregando la llave al señor Lage, son a día de hoy tercera fuerza en este salón de Plenos, a saber, la señora Martínez Acón, el señor Díaz Villoslada, la

*Díaz Villoslada, a señora Martínez Lema e dúas concelleiras máis que teñen retiradas de facto as súas competencias e cuxo nome non vou pronunciar porque, desde esta bancada, ténselles máis respecto que o que lle demostra o seu propio goberno. E débil porque nunca na nosa democracia houbo un goberno máis conciso que, ademais, se caracteriza por unha total e absoluta ausencia de ambición e de proxecto para esta cidade. E a cuestión é, ante esta situación, que actitude van adoptar vostedes nos estertores deste mandato? É obvio que non van recuperar á señora Martínez Acón, que seguirá presidindo esa* procesión dos caladiños *á que ás veces se refire o señor Lage, iso si que é unha* procesión dos caladiños *que, por certo, son cada vez máis no seu goberno. O deporte coruñés queda orfo de responsable do mesmo xeito que xa o está a cultura, cunha alcaldesa que exercerá de concelleira fixa descontinua, só para aquelas fotos que interesen á súa axenda electoral. Van vostedes, por unha vez, a antepoñer o interese da cidade aos seus intereses partidistas? A man tendida do Partido Popular segue aquí. Hoxe volvémoslla a reiterar. Van vostedes a aceptala para sacar adiante os asuntos de cidade de aquí a final de mandato? Espero que, ademais de —a continuación, como habitualmente ocorre— perdoarnos a vida, facer mencións a concursos de televisión e lembrar o número de portavoces que tivo neste mandato o Partido Popular, vostede non responda a esta pregunta, ben, probablemente tamén sacará da manga e recitará esa ladaíña de presuntos logros deste mandato, o tren a Langosteira que trouxo Feijóo, a dragaxe da ría que xa orzara Rajoy ou, mesmo, pois, Alfonso Molina, que finalizará este mandato, probablemente sen que nin sequera sexan capaces de inaugurar unha pasarela. Acórdase vostede, señor*

señora Martínez Lema y dos concejalas más que tienen retiradas de facto sus competencias y cuyo nombre no voy a pronunciar porque, desde esta bancada, se les tiene más respeto que el que le demuestra su propio gobierno. Y débil porque nunca en nuestra democracia hubo un gobierno más escueto que, además, se caracteriza por una total y absoluta ausencia de ambición y de proyecto para esta ciudad. Y la cuestión es, ante esta situación, ¿qué actitud van a adoptar ustedes en los estertores de este mandato? Es obvio que no van a recuperar a la señora Martínez Acón, que seguirá presidiendo esa *procesión de los calladitos* a la que a veces se refiere el señor Lage, eso sí que es una *procesión de los calladitos* que, por cierto, son cada vez más en su gobierno. El deporte coruñés queda huérfano de responsable al igual que ya lo está la cultura, con una alcaldesa que ejercerá de concejala fija discontinua, solo para aquellas fotos que interesen a su agenda electoral. ¿Van ustedes, por una vez, a anteponer el interés de la ciudad a sus intereses partidistas? La mano tendida del Partido Popular sigue aquí. Hoy se la hemos vuelto a reiterar. ¿Van ustedes a aceptarla para sacar adelante los asuntos de ciudad de aquí a final de mandato? Espero que, además de, a continuación, como habitualmente ocurre, perdonarnos la vida, hacer menciones a concursos de televisión y recordar el número de portavoces que ha tenido en este mandato el Partido Popular, usted no responda a esta pregunta, bueno, probablemente también sacará de la manga y recitará esa retahíla de presuntos logros de este mandato, el tren a Langosteira que trajo Feijóo, el dragado de la ría que ya había presupuestado Rajoy o, incluso, pues, Alfonso Molina, que finalizará este mandato, probablemente sin que ni siquiera sean capaces de inaugurar una pasarela. ¿Se acuerda usted, señor Lage, lo que decía de la pasarela de Marineda en el pasado mandato? Pues están a punto de cumplir la

*Lage, o que dicía da pasarela de Marineda no pasado mandato? Pois están a piques de cumprir a profecía de que Inés Rey sexa a primeira alcaldesa da historia da cidade que finalice un mandato sen inaugurar unha obra do Estado.*

*E conclúo, a moviola. Eu creo que a moviola é recomendable para todos. Dicía antes vostede, señor Lage, que se mostraba sorprendido porque ao parecer aquí reclamouse un cambio da lexislación para eludir unha sentenza. Eu recoméndolle a moviola, primeiro porque eu creo que non se dixo exactamente iso, pero home, o que non pode é estar vostede sorprendido porque iso exactamente é o que acaba de facer o seu goberno en Madrid, modificar o código penal para eludir o cumprimento e execución dunha sentenza e, en canto a sorpresas, a min si que me sorprende que vostede ao señor García —que, para que non queden dúbidas, a min paréceme que estivo bárbaro—, que vostede se sorprenda de que o señor García lle diga algo sobre a situación de determinados contratos na área de Deportes cando vostede é o concelleiro de Contratación. Home, a min iso si me sorprende. Moitas grazas.*

profecía de que Inés Rey sea la primera alcaldesa de la historia de la ciudad que finalice un mandato sin inaugurar una obra del Estado.

Y concluyo, la moviola. Yo creo que la moviola es recomendable para todos. Decía antes usted, señor Lage, que se mostraba sorprendido porque al parecer aquí se había reclamado un cambio de la legislación para eludir una sentencia. Yo le recomiendo la moviola, primero porque yo creo que no se dijo exactamente eso, pero hombre, lo que no puede es estar usted sorprendido porque eso exactamente es lo que acaba de hacer su gobierno en Madrid, modificar el código penal para eludir el cumplimiento y ejecución de una sentencia y, en cuanto a sorpresas, a mí sí que me sorprende que usted al señor García, que, para que non queden dudas, a mí me parece que ha estado bárbaro, que usted se sorprenda de que el señor García le diga algo sobre la situación de determinados contratos en el área de Deportes cuando usted es el concejal de Contratación. Hombre, a mí eso sí me sorprende. Muchas gracias.

**Señor Lage Tuñas**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Señor Rodríguez, a verdade, a verdade é que non sei se se ve moito no papel que fai pero veu aquí a facer hoxe un exercicio de "Sálvame Deluxe" como se vostede fora o Jorge Javier da política, é dicir, de cronista. A verdade é que iso ten sempre certo risco, señor Rodríguez. Vostede entrou nun terreo no que, xa sabe, cando se entra no terreo rosa, despois depende das tonalidades que cada un lle queira poñer. Eu xa lle adianto que

***Señor Lage Tuñas***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Señor Rodríguez, la verdad, la verdad es que no sé si se ve mucho en el papel que hace pero vino aquí a hacer hoy un ejercicio de "Sálvame Deluxe" como si usted fuese el Jorge Javier de la política, es decir, de cronista. La verdad es que eso tiene siempre cierto riesgo, señor Rodríguez. Usted entró en un terreno en el que, ya sabe, cuando se entra en el terreno rosa, después depende de las tonalidades que cada uno le quiera poner. Yo ya le*

non vou entrar ata aí, si, é que... señora Gallego, por iso digo... por algo digo, espero que non lle prexudique moito, señora Gallego, que vostede está noutro nivel porque, efectivamente, está *o rosa pao e podemos chegar ata o fucsia*... as tonalidades, verdade? Moi ben apuntado, señora Gallego.

Señor Rodríguez, a min o que me parece é unha falta de respecto aos coruñeses e ás coruñesas que o tempo que empreguen para facer sesións de control ao Goberno sexa para vivir na súa burbulla, pero bueno, eu creo que explica bastante ben o rumbo que leva o Partido Popular. Mentres as preocupacións dos coruñeses sexan a serie de Netflix que vostede intentou aquí guionizar, bueno, teñen pouco que ver coas preocupacións dos coruñeses e as coruñesas, a retahíla de chismes e, en fin, historietas que vostede veu a contar hoxe aquí. Se vostede cre que isto é de interese, o que xa lle digo é que o único que fai é corroborar que enfrente non hai nada, absolutamente nada porque se o partido que, teoricamente, ten un proxecto alternativo ou debería de telo pola sana alternancia democrática que, canto máis tarde se produza, mellor, loxicamente, pois poderíamos preguntarnos que xestións fixo o PP diante da Xunta para que achegara o 20 % do coste do bus urbano co fin de reducir o prezo aos usuarios.

Está a favor o PP local de que a Xunta subvencione o bus urbano como xa fai noutros lugares ou está en contra? Que está a facer o PP local para garantir que os seus compañeiros na Xunta deixen nesta cidade os 8 millóns de euros desa pasarela pantasma, aquela que desapareceu en canto a aceptamos? Está a favor o PP local da asfixia financeira á que a Xunta somete as cidades galegas negándolles financiamento? Que medidas está a adoptar para que haxa un

*adelanto que no voy a entrar hasta ahí, sí, es que... señora Gallego, por eso digo... por algo digo, espero que no le perjudique mucho, señora Gallego, que usted está en otro nivel porque, efectivamente, está el rosa palo y podemos llegar hasta el fucsia… las tonalidades, ¿verdad? Muy bien apuntado, señora Gallego.*

*Señor Rodríguez, a mí lo que me parece es una falta de respeto a los coruñeses y a las coruñesas que el tiempo que empleen para hacer sesiones de control al Gobierno sea para vivir en su burbuja, pero bueno, yo creo que explica bastante bien el rumbo que lleva el Partido Popular. Mientras las preocupaciones de los coruñeses sean la serie de Netflix que usted intentó aquí guionizar, bueno, tienen poco que ver con las preocupaciones de los coruñeses y las coruñesas, la retahíla de chismes y, en fin, historietas que usted vino a contar hoy aquí. Si usted cree que esto es de interés, lo que ya le digo es que lo único que hace es corroborar que enfrente no hay nada, absolutamente nada porque si el partido que, teóricamente, tiene un proyecto alternativo o debería de tenerlo por la sana alternancia democrática que, cuanto más tarde se produzca, mejor, lógicamente, pues podríamos preguntarnos qué gestiones hizo el PP ante la Xunta para que aportase el 20 % del coste del bus urbano con el fin de reducir el precio a los usuarios.*

*¿Está a favor el PP local de que la Xunta subvencione el bus urbano como ya hace en otros lugares o está en contra? ¿Qué está haciendo el PP local para garantizar que sus compañeros en la Xunta dejen en esta ciudad los 8 millones de euros de esa pasarela fantasma, aquella que desapareció en cuanto la aceptamos? ¿Está a favor el PP local de la asfixia financiera a la que la Xunta somete las ciudades gallegas negándoles financiación? ¿Qué medidas está*

trato xusto e que esta cidade non teña a situación que ten sanitaria onde para acudir ao médico ou á médica de cabeceira, a atención primaria, teñamos unha media de 10 días para que nos poida atender o médico de cabeceira, con listas de espera que non había cando Touriño era presidente pero hainas agora, co Partido Popular na Xunta de Galicia? Que é o que está a facer o Partido Popular para que se invista nos centros educativos desta cidade, para que se mellore a atención aos nosos maiores, que non foron capaces de abrir unha sola residencia pública en 15 anos? Que é o que están a facer nas políticas de vivenda, que teñen competencia plena dende a Xunta de Galicia?

*adoptando para que haya un trato justo y que esta ciudad no tenga la situación que tiene sanitaria donde para acudir al médico o a la médica de cabecera, la atención primaria, tengamos una media de 10 días para que nos pueda atender el médico de cabecera, con listas de espera que no había cuando Touriño era presidente pero las hay ahora, con el Partido Popular en la Xunta de Galicia? ¿Qué es lo que está haciendo el Partido Popular para que se invierta en los centros educativos de esta ciudad, para que se mejore la atención a nuestros mayores, que no fueron capaces de abrir una sola residencia pública en 15 años? ¿Qué es lo que están haciendo en las políticas de vivienda, que tienen competencia plena desde la Xunta de Galicia?*

Poderíalle seguir preguntando, señor Rodríguez, porque entre fozar —permítame a expresión que supoño que se entende—, fozar ou guionizar nunha serie sobre o Partido Popular, o seu grupo municipal e o que se contan uns de outros, ou falar dos intereses dos coruñeses e das coruñesas, este portavoz prefire falar do que lles interesa aos coruñeses e ás coruñesas e non da película de Netflix que poderíamos guionizar sobre o que se contan uns aos outros ou sobre como falan uns dos outros.

*Le podría seguir preguntando, señor Rodríguez, porque entre hurgar —permítame la expresión que supongo que se entiende—, hurgar o guionizar en una serie sobre el Partido Popular, su grupo municipal y lo que se cuentan unos de otros, o hablar de los intereses de los coruñeses y de las coruñesas, este portavoz prefiere hablar de lo que les interesa a los coruñeses y a las coruñesas y no de la película de Netflix que podríamos guionizar sobre lo que se cuentan unos a los otros o sobre cómo hablan unos de los otros.*

Vostede caeu nesa trampa que soe caer a xente que vive na burbulla do dixomedíxome, contáronme e tal. A sorte é que fóra de aquí hai 240.000 coruñeses e coruñesas que lles importa ben pouco toda a peliculiña que vostede acaba de montar, e que de tres preguntas que ten o Partido Popular, unha a utilice para andar con estas merendiñas, señor Rodríguez, di bastante pouco de vostede. Agora ben, se vostede elixe ese terreo teña por seguro que os cidadáns hanlle de contestar, hanlle de contestar, e hanlle de contestar

*Usted cayó en esa trampa que suele caer la gente que vive en la burbuja de los dimes y diretes, me contaron y tal. La suerte es que fuera de aquí hay 240.000 coruñeses y coruñesas que les importa bien poco toda la peliculita que usted acaba de montar, y que de tres preguntas que tiene el Partido Popular, una la utilice para andar con estas merienditas, señor Rodríguez, dice bastante poco de usted. Ahora bien, si usted elige ese terreno tenga por seguro que los ciudadanos le han de contestar, le han de contestar, y le han de contestar*

poñéndoos no seu sitio, onde xa están agora, que é na oposición, pero tamén é certo que é un retrato que explica bastante ben por que o Partido Popular tivo catro voceiros, dous voceiras e dous voceiros ao longo do mandato. Eu non sei se haberá un quinto, o que si sei é que as preguntas que formulan neste pleno teñen pouco que ver cos intereses de ningún veciño, sexa dos Castros, sexa de Labañou, sexa de Monte Alto ou sexa dos Rosales. Supoño que teñen que ver máis cos cuchicuchis e coas cousiñas así de cafetería.

O tempo pasa, esta cidade ten un liderazgo asentado coa nosa alcaldesa ao frente. Vostedes seguirán buscando El Dorado e seguirán facendo preguntiñas destas. Eu animo a que siga *co mundo do cuore* e convertido vostede no Jorge Javier *cronista da política municipal* coa súa serie. Eu, ten que perdoar, pero ás veces un vale máis polo que cala que polo que conta. Permítanme que hoxe utilice o silencio como resposta porque para falar teño tempo. Teña por seguro que, de falar, non creo que vostede quedara branco, máis ben quedaría doutra cor.

Nada máis e moitas grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Lage.

Última pregunta do Partido Popular.

Señora Neira, pode saír.

Última pregunta do Partido Popular.

**Ás dezaoito horas e trinta e catro minutos sae do Salón de Sesións a señora Neira Fernández.**

**Terceira. Pregunta de resposta oral**

*poniéndolos en su sitio, donde ya están ahora, que es en la oposición, pero también es cierto que es un retrato que explica bastante bien por qué el Partido Popular tuvo cuatro portavoces, dos mujeres y dos hombres a lo largo del mandato. Yo no sé si habrá un quinto, lo que sí sé es que las preguntas que formulan en este pleno tienen poco que ver con los intereses de ningún vecino, sea de los Castros, sea de Labañou, sea de Monte Alto o sea de los Rosales. Supongo que tienen que ver más con los cuchicuchis y con las cositas así de cafetería.*

*El tiempo pasa, esta ciudad tiene un liderazgo asentado con nuestra alcaldesa al frente. Ustedes seguirán buscando El Dorado y seguirán haciendo preguntitas de estas. Yo le animo a que siga* con el mundo del cuore *y convertido usted en el Jorge Javier* cronista de la política municipal *con su serie. Yo, tiene que perdonar, pero a veces uno vale más por lo que calla que por lo que cuenta. Permítanme que hoy utilice el silencio como respuesta porque para hablar tengo tiempo. Tenga por seguro que, de hablar, no creo que usted se quedara blanco, más bien se quedaría de otro color.*

*Nada más y muchas gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Última pregunta del Partido Popular.*

*Señora Neira, puede salir.*

*Última pregunta del Partido Popular.*

***A las dieciocho horas y treinta y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.***

***Tercera. Pregunta de respuesta oral***

**relativa a inseguridade cidadá.**

***Señor Rodríguez Martínez***

*Que medidas puxo en marcha Inés Rey ante a estatística de delitos do Ministerio do Interior dos nove primeiros meses de 2022 que reflicten que seguimos sendo a cidade máis insegura de Galicia e agora tamén entre as cidades de España do noso tamaño?*

**Ás dezaoito horas e trinta e cinco minutos sae do Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

**Señor Borrego Vázquez**

Grazas, señora alcaldesa. Boa tarde a todas e a todos.

As medidas, todas as posibles ampliadas, reforzadas e coordinadas, pero isto xa llo dixen o mes pasado falando, precisamente tamén, do mesmo período.

***Señor Rodríguez Martínez***

*Pois algo non funciona.*

*En primeiro lugar, escoitando falar ao portavoz do Goberno, calquera diría que levan vostedes 15 anos sen gañar unhas eleccións municipais. Si, si, bote a conta, 15 anos sen gañar unhas eleccións municipais e falan vostedes aquí coma se tivesen o secreto da eterna mocidade electoral.*

*En fin, ben, eu lamento que a alguén lle desguste o meu ton. Eu creo que aquí a estas alturas xa nos coñecemos todos e creo que eu, se sempre destaquei por algo é por dicir, non só o que queira dicir senón o que debo dicir pola condición que me corresponde e loito sempre desde o respecto e sen superar ningún tipo de liña. Eu non sei se todos os que estamos*

***relativa a inseguridad ciudadana.***

**Señor Rodríguez Martínez**

¿Qué medidas ha puesto en marcha Inés Rey ante la estadística de delitos del Ministerio del Interior de los nove primeros meses de 2022 que reflejan que seguimos siendo la ciudad más insegura de Galicia y ahora también entre las ciudades de España de nuestro tamaño?

***A las dieciocho horas y treinta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

***Señor Borrego Vázquez***

*Gracias, señora alcaldesa. Buenas tardes a todas y a todos.*

*Las medidas, todas las posibles ampliadas, reforzadas y coordinadas, pero esto ya se lo dije el mes pasado hablando, precisamente también, del mismo período.*

**Señor Rodríguez Martínez**

Pues algo no funciona.

En primer lugar, escuchando hablar al portavoz del Gobierno, cualquiera diría que llevan ustedes 15 años sin ganar unas elecciones municipales. Sí, sí, eche la cuenta, 15 años sin ganar unas elecciones municipales y hablan ustedes aquí como si tuvieran el secreto de la eterna juventud electoral.

En fin, bueno, yo lamento que a alguien le disguste mi tono. Yo creo que aquí a estas alturas ya nos conocemos todos y creo que yo, si siempre he destacado por algo es por decir, no solo lo que quiera decir sino lo que debo decir por la condición que me corresponde y lucho siempre desde el respeto y sin superar ningún tipo de línea. Yo no sé si todos los que estamos aquí

*aquí podemos dicir o mesmo. En calquera caso, con estas premisas, señor Lage, vostede pode dicir o que queira, vostede pode dicir o que queira, logo moléstalles moito que a vostede lle digan que conversacións privadas, que miúda cuestión, que esta historia. Vostede ten o meu absoluto permiso para dicir o que queira das cousas que oíse de min, absoluto, total e absoluto. Empece cando queira.*

podemos decir lo mismo. En cualquier caso, con estas premisas, señor Lage, usted puede decir lo que quiera, usted puede decir lo que quiera, luego les molesta mucho que a usted le digan que conversaciones privadas, que menuda cuestión, que esta historia. Usted tiene mi absoluto permiso para decir lo que quiera de las cosas que haya oído de mí, absoluto, total y absoluto. Empiece cuando quiera.

*Este goberno roto, dividido e débil non se caracteriza, precisamente, pola súa humildade, senón máis ben por todo o contrario e por iso resulta moi rechamante que cada vez que enumeran esa esaxerada listaxe de presuntos logros que a estas alturas xa só cren vostedes, resulta rechamante que se esquezan do único logro que de verdade lles corresponde a vostedes en exclusiva: converter á nosa cidade, primeiro en líder en criminalidade entre as cidades de Galicia, e agora en líder nacional entre as cidades españolas do seu tamaño.*

Este gobierno roto, dividido y débil no se caracteriza, precisamente, por su humildad, sino más bien por todo lo contrario y por eso resulta muy llamativo que cada vez que enumeran ese exagerado listado de presuntos logros que a estas alturas ya solo se creen ustedes, resulta llamativo que se olviden del único logro que de verdad les corresponde a ustedes en exclusiva: haber convertido a nuestra ciudad, primero en líder en criminalidad entre las ciudades de Galicia, y ahora en líder nacional entre las ciudades españolas de su tamaño.

*Ao señor Lage gústalle repetir con certa frecuencia iso de dato mata relato ou aquilo que tamén usa moito o seu mozo Padawan, o señor Díaz Gallego, que o que é medible non é discutible. Ben, pois imos falar de datos medidos.*

Al señor Lage le gusta repetir con cierta frecuencia eso de dato mata relato o aquello que también usa mucho su joven Padawan, el señor Díaz Gallego, que lo que es medible no es discutible. Bien, pues vamos a hablar de datos medidos.

*Na Coruña cometéronse nos nove primeiros meses do pasado ano 9.817 delitos, isto é 36 delitos ao día, con especial relevancia para o delito de furto, que encabeza a estatística, xunto co tráfico de drogas, as lesións e as rifas tumultuarias. Por atopar un dato positivo, ben, pois descenden as infraccións contra a liberdade sexual, do que todos nos alegramos. A cidade rexistraba cando vostedes chegaron ao Goberno 2.500 delitos menos que hoxe. Ollo, 2.500 delitos menos nun ano, isto é*

En A Coruña se cometieron en los nueve primeros meses del pasado año 9.817 delitos, esto es 36 delitos al día, con especial relevancia para el delito de hurto, que encabeza la estadística, junto con el tráfico de drogas, las lesiones y las riñas tumultuarias. Por encontrar un dato positivo, bueno, pues descienden las infracciones contra la libertad sexual, de lo que todos nos alegramos. La ciudad registraba cuando ustedes llegaron al Gobierno 2.500 delitos menos que hoy. Ojo, 2.500 delitos menos en un año, esto es

*en nove meses, ou sexa que, probablemente a fenda aumente. Desde entón, un progresivo e alarmante aumento da criminalidade en palabras dos sindicatos policiais, que foi reiteradamente advertido por este grupo municipal en numerosas iniciativas, aínda que a única medida —debe ser esta a medida á que se refire o señor Borrego—, a única medida que vostedes adoptaron foi chamarnos alarmistas, non adoptaron ningunha outra.*

*Eu comprendo, señor Borrego, que o momento actual non é fácil para vostede. A vostede descabalgárono de Deportes en setembro de 2020 e a verdade, todos supuxemos que era simplemente por darlle á señora Martínez Lema a área que esta solicitara a cambio de entrar no Goberno, pero claro, agora resulta que a señora Martínez Lema cesou e parece que o seu teléfono non soou para, por estes meses, pedirlle que volvese facerse cargo desa área e, a verdade, este concelleiro non o entende porque, vistos os seus resultados na área de Seguridade, todo parece indicar que vostede tempo libre debe de ter. Vostede foi o cómplice ideal da señora Rey en materia de seguridade. Estiveron ambos os dous desaparecidos ata o punto de ser vostede o único concelleiro de Seguridade da historia ao que a súa propia policía case lle pon en marcha un dispositivo de procura e localización. Acórdase vostede da pancarta, verdade? Ambos permitiron, vostede e a señora Rey para vergoña propia e allea, que, a diario durante seis meses a Policía Local se manifestase ás portas deste palacio municipal e ambos pasarán á historia, por fin, esta vez si, isto si é histórico, celébreno, por fin fixeron historia, pasarán á historia por levar coa súa inacción á cidade ao liderado da criminalidade en Galicia e en España. Non fixeron absolutamente nada para*

en nueve meses, o sea que, probablemente el gap aumente. Desde entonces, un progresivo y alarmante aumento de la criminalidad en palabras de los sindicatos policiales, que fue reiteradamente advertido por este grupo municipal en numerosas iniciativas, si bien la única medida —debe ser esta la medida a la que se refiere el señor Borrego—, la única medida que ustedes adoptaron fue llamarnos alarmistas, non adoptaron ninguna otra.

Yo comprendo, señor Borrego, que el momento actual no es fácil para usted. A usted lo descabalgaron de Deportes en septiembre de 2020 y la verdad, todos supusimos que era simplemente por darle a la señora Martínez Lema el área que esta había solicitado a cambio de entrar en el Gobierno, pero claro, ahora resulta que la señora Martínez Lema ha cesado y parece que su teléfono no ha sonado para, por estos meses, pedirle que volviera a hacerse cargo de esa área y, la verdad, este concejal no lo entiende porque, vistos sus resultados en el área de Seguridad, todo parece indicar que usted tiempo libre debe de tener. Usted ha sido el cómplice ideal de la señora Rey en materia de seguridad. Han estado ambos desaparecidos hasta el punto de ser usted el único concejal de Seguridad de la historia al que su propia policía casi le pone en marcha un dispositivo de búsqueda y localización. ¿Se acuerda usted de la pancarta, verdad? Ambos permitieron, usted y la señora Rey para vergüenza propia y ajena, que, a diario durante seis meses la Policía Local se manifestara a las puertas de este palacio municipal y ambos pasarán a la historia, por fin, esta vez sí, esto sí es histórico, celébrenlo, por fin han hecho historia, pasarán a la historia por haber llevado con su inacción a la ciudad al liderato de la criminalidad en Galicia y en España. No han hecho absolutamente nada para cambiar ese rumbo, esa tendencia desde el inicio del mandato, pero bueno,

*cambiar ese rumbo, esa tendencia desde o inicio do mandato, pero ben, sempre hai tempo para maquillar a incompetencia.*

siempre hay tiempo para maquillar la incompetencia.

**Ás dezaoito horas e trinta e oito minutos entran no Salón de Plenos a señora Neira Fernández e o señor Coira Andrade.**

***A las dieciocho horas y treinta y ocho minutos entran en el Salón de Plenos la señora Neira Fernández y el señor Coira Andrade.***

*Espreman ao máximo a taxa de reposición permitida legalmente, é imprescindible aumentar a presenza policial que tanto demandan os veciños dos nosos barrios, a falta de efectivos é grave, un 28 % menos, pero ademais temos un horizonte de xubilacións sen que exista a máis mínima planificación para facerlle fronte. Vostedes incorporaron a 10 axentes, non me veña vostede agora, señor Borrego, con esas trampas tan bastas ás que nos ten afeitos e non vaia vostede a apuntarse os 30 da Marea, home, para unha cousa que fixeron, non, vostedes incorporaron a 10 e xubiláronse 70 no que vai de mandato e os 26 que forman parte da seguinte promoción non se incorporarán ata finais deste ano, pero isto tampouco reverterá a situación porque o ritmo de xubilacións non vai decaer nos próximos plenos. E, por Deus, non me veña outra vez coa Lei Montoro, vostedes agora teñen unha taxa de reposición do 125 %, esgótena, é imprescindible. Esixan con firmeza ao Goberno central, non coa boca pequena, que dote de efectivos á Policía Nacional na nosa cidade porque A Coruña, cun 25 % menos dos previstos no seu persoal, tamén ocupa unha posición destacada na clasificación de capital de provincia* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *con menor policía por habitante e organicen os recursos dispoñibles e recuperen a policía de barrio, un clamor en todos e cada un dos barrios da cidade que, sen excepción, valoran o seu*

Expriman al máximo la tasa de reposición permitida legalmente, es imprescindible aumentar la presencia policial que tanto demandan los vecinos de nuestros barrios, la falta de efectivos es grave, un 28 % menos, pero además tenemos un horizonte de jubilaciones sin que exista la más mínima planificación para hacerle frente. Ustedes han incorporado a 10 agentes, no me venga usted ahora, señor Borrego, con esas trampas tan burdas a las que nos tiene acostumbrados y no vaya usted a apuntarse los 30 de la Marea, hombre, para una cosa que hicieron, no, ustedes han incorporado a 10 y se jubilaron 70 en lo que va de mandato y los 26 que forman parte de la siguiente promoción no se incorporarán hasta finales de este año, pero esto tampoco revertirá la situación porque el ritmo de jubilaciones no va a decaer en los próximos plenos. Y, por Dios, no me venga otra vez con la Ley Montoro, ustedes ahora tienen una tasa de reposición del 125 %, agótenla, es imprescindible. Exijan con firmeza al Gobierno central, no con la boca pequeña, que dote de efectivos a la Policía Nacional en nuestra ciudad porque A Coruña, con un 25 % menos de los previstos en su plantilla, también ocupa una posición destacada en el ranking de capital de provincia ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** con menor policía por habitante y organicen los recursos disponibles y recuperen la policía de barrio, un clamor en todos y cada uno de los barrios de la ciudad que, sin excepción, valoran su carácter preventivo y disuasorio pues saben, porque

*carácter preventivo e disuasorio pois saben, porque así foi no seu día, que a presenza de efectivos nas rúas, en patrullas a pé ou en moto, contribúe á diminución da actividade delituosa.*

*Miren, o que ninguén entendería xa a estas alturas é que vostedes se limitasen a seguir negando a realidade. Adopte unha medida, polo menos, para maquillar o evidente fracaso, que non o di este grupo, dio o seu propio ministerio coas estatísticas. Nin sequera poden discutilo porque non é o CIS de Tezanos, é o Ministerio do Interior. Líderes, desbancando a Vigo, miren vostedes, tanto competir co señor Caballero e, manda truco, vano superar nisto. Non había outras cousas. Desbancando a Vigo, líder tradicional como líder en Galicia, consolidada e agora líderes nacionais nas cidades do noso tamaño. Se o que vostede vai dicir agora é o mesmo que dixo coas anteriores estatísticas, pois, eu síntoo moito, vostede segue igual pero as estatísticas empeoran. Moitas grazas.*

**Señor Borrego Vázquez**

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

*Señor Rodríguez, para esixir respecto primeiro hai que practicalo e para pedir humildade hai que compatibilizada tamén con outra característica que relataba o grande Bebeto,* con traballo, porque todo o que plantexou aquí desde o inicio da pregunta e a súa argumentación o único que fai é facer reprobable, cuestionar o esforzo que está facendo este concello cos seus recursos e máis e as esixencias que fai diante de quen ten as competencias de Seguridade. Pero mire, claro que son alarmistas, porque menten. Os datos dos que fala non son do Ministerio do Interior porque aínda non se publicaron, os datos dos que fala e

así fue en su día, que la presencia de efectivos en las calles, en patrullas a pie o en moto, contribuye a la disminución de la actividad delictiva.

